

Lingua e Docencia Universitaria
V Xornadas sobre Lingua e Usos

Edición a cargo de Xesús M. Mosquera Carregal e Sara Pino Ramos

A Coruña 2009

Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións

Universidade da Coruña

Lingua e Docencia Universitaria. V Xornadas sobre Lingua e Usos
Edición a cargo de Xesús M. Mosquera Carregal e Sara Pino Ramos
A Coruña, 2009
Universidade da Coruña
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
Entidades colaboradoras: Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e Deputación da Coruña
Cursos_Congresos_Simposios, núm.

páxinas
17 x 24 cm.
Índice: páxinas

ISBN:
Depósito legal: C - 2009

Materia: 80: Lingüística, Filoloxía. 806.99: Lingua galega

Edición:

Mosquera Carregal, Xesús M.
Pino Ramos, Sara

Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
<http://www.udc.es/snl>
<http://www.udc.es/publicaciones>

© Universidade da Coruña

Distribución:

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO, Estrada da Estación 70-A,
36818, A Portela, Redondela (Pontevedra) Tel. 986 405 051
Fax: 986 404 935, correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREOGÁN, C/ Lanuza, 11. 28022, Madrid. Tel. 91 725 90 72.
Fax: 91 713 06 31, correo electrónico: webmaster@breogan.org.
Web: <http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Julia Núñez Calo
Imprime: Lugami Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do copyright.

Índice

Limiar dos editores	
Presentación do reitor	
Presentación da directora do Servizo de Normalización Lingüística	
Presentación do representante da Real Academia Galega	
Presentación da representante da Deputación da Coruña	
Salustiano Mato de la Iglesia	
A promoción institucional do galego na docencia e investigación universitarias	
M. ^a Dolores Domínguez Santos	
As políticas lingüísticas das universidades galegas na docencia I.	
A Universidade de Santiago de Compostela	
Iván Área Carracedo e Xosé Henrique Costas González	
As políticas lingüísticas das universidades galegas na docencia II.	
A Universidade de Vigo	
Xosé Luís Armesto Barbeito	
As políticas lingüísticas das universidades galegas na docencia III.	
A Universidade da Coruña	
Antón Costa Rico	
O galego no ensino superior	
Ludger Mees	
A política lingüística na Universidade do País Vasco. Logros e retos	

Juan Ramón Vidal Romaní

Uso do galego no ensino da xeoloxía

Pablo Rodríguez-Vellando Fernández-Carvajal

Comentarios sobre linguas y docencia en la Universidad de A Coruña

Xosé Ramón Freixeiro Mato

As linguas da docencia na Universidade da Coruña e o compromiso coa normalización do galego

María do Pilar García Negro

Razóns para o uso do galego na docencia universitaria e na investigación

Jordi Matas Dalmases

A promoción do catalán no sistema universitario de Cataluña

Alfons Esteve i Gómez

Medidas para a promoción da lingua propia na Universidade de Valencia

Craig Patterson

As linguas minorizadas nas universidades das Illas Británicas

Robert Neal Baxter

A situación actual do bretón no ensino superior e universitario

Carlos Platas Iglesias

O proceso de incorporación á docencia en galego

Juan Carlos Moreno Cabrera

Bilingüismo e lingua común

Limiar

OS EDITORES

Este volume recolle os textos que os relatores e as relatoras participantes expuxeron no desenvolvemento das V Xornadas sobre Lingua e Usos que, so o lema desta volta de Lingua e Docencia Universitaria, tiveron lugar no Paraninfo da Universidade da Coruña durante os días 12, 13 e 14 de novembro de 2008. Máis unha vez as Xornadas foron organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística desta universidade en colaboración coa Real Academia Galega e baixo o patrocinio económico da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

É esta xa unha cita consolidada dentro dos espazos existentes en Galicia para o debate e a reflexión ao redor da cuestión da lingua galega, como demostra o grande interese que nunha ocasión máis volveu espertar entre a comunidade universitaria e docente e o público xeral do país. Foron preto de duascenas persoas as que, cando menos nalgunha das súas tres xeiras de traballo, se achegaron até A Maestranza para asistiren ás conferencias e ás mesas redondas programadas.

Se en tres das edicións anteriores –a primeira, a terceira e a cuarta– as Xornadas, na medida en que a universidade non pode ser allea ao medio en que se insire, se centraron en aspectos colaterais ou non estritamente pertencentes ao seu ámbito de actuación –a lingua galega nas áreas urbanas, a lingua galega e a variación etaria, e a lingua galega nos medios comunicación, respectivamente– nesta quinta edición permitímonos a licenza de volver mirar cara a nós mesmos e tomar a remuda daquela segunda edición en que a lingua galega e a investigación foran as protagonistas. Facíase necesario, por dúas razóns, deitarmos a ollada no labor máis visible e central da actividade docente como é a impartición de aulas. Primeiramente, porque esta constitúe a cerna da actividade académica e somos da idea de que na relación profesorado-alumnado,

nos usos lingüísticos que nesa relación se estableceren, está en xogo, por así dicir, termos unha universidade que se poida mirar e recoñecer a si mesma como verdadeiramente galega.

En segundo lugar, porque a universidade está a vivir momentos de mudanza. O anunciado Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) comeza xa a ser unha realidade que no terreo lingüístico se revela como un reto inadiable para aquelas universidades que, como a nosa, contan cunha lingua propia nunha situación de inferioridade, cuantitativa e cualitativamente, no que á presenza e aos ámbitos de uso se refire. Sabermos converter o EEES nunha oportunidade, máis que nun perigo, debe ser unha cita marcada con letras grosas nas axendas das autoridades universitarias.

O 10% de docencia en lingua galega existente na actualidade na Universidade da Coruña ou o 15% global do conxunto das tres universidades galegas son porcentaxes, alén de afastadas do uso e coñecemento reais que a sociedade galega presenta, dabondo ruborizantes como para permanecermos impasibles por máis tempo.

Así pois, quen se achegar a estas páxinas, atopará unha radiografía, se non exhaustiva, si bastante completa, plural e diversa do binomio lingua-docencia universitaria, xa non só nas institucións universitarias que conforman o Sistema Universitario Galego, senón tamén en tres importantes universidades do Estado español en que convive máis dun código lingüístico: a Universidade de Barcelona, a Universidade do País Vasco e a Universidade de Valencia. A unanimidade con que se adoita aprobar a normativa lingüística universitaria, as medidas incentivadoras deseñadas ou o importante labor que poden desempeñar os servizos lingüísticos universitarios son lugares comúns adoito mencionados nas páxinas seguintes, onde tamén hai un espazo para a experiencia persoal de quen se incorporou no seu día ao labor docente en lingua galega, para a abordaxe das políticas xa non exclusivas do ámbito universitario, senón as situadas no eido da transferencia do coñecemento, a innovación e a investigación, e mais para coñecermos a situación doutras linguas minoritarias pertencentes a outros escenarios europeos e que meritoriamente nos foi transmitida en lingua galega por investigadores que no seu día fixeron da nosa a súa lingua.

Mención á parte, entendemos, merece a conferencia de clausura que pon cabo a este volume, a cargo do profesor Moreno Cabrera, cuxas lúcidas reflexións e achegas se fan máis necesarias en tempos como os actuais en que prexuízos sen fundamento ningún que se pensaban superados parecen querer botar por terra os cativos, mais irrenunciabes e fundamentais, puntos de acordo e logros que se xulgaban conquistados e feitos patrimonio común da sociedade galega.

Agardemos, en definitiva, que nuns anos, cando o EEES sexa xa unha realidade plenamente en marcha e se proceda á súa avaliación, estas páxinas que agora presentamos teñan continuación noutras que recollan a emenda das carencias nelas detectadas, a materialización con éxito dos proxectos nelas esbozados e unhas porcentaxes de uso máis esperanzadoras, sen que isto último signifique, nin moito menos, caermos no erro de reducir a cuestión á simple estatística. Entre tanto isto non acontecer, as presentes son testemuño escrito do dito e do exposto polas persoas participantes en novembro de 2008 e ás cales lles agradecemos a súa presenza. Son, así mesmo, o negro sobre branco que serve de complemento final aos restantes materiais –os arquivos de son e as presentacións informáticas– dispoñibles desde hai meses no sitio web do Servizo de Normalización Lingüística.

Presentación

JOSÉ MARÍA BARJA PÉREZ

Reitor

Á vista da nutrida presenza de participantes nestas novas Xornadas sobre Lingua e Usos, resulta fácil deducir que estamos no camiño correcto e que o estabamos cando, hai cinco anos, se convocou a primeira edición. Coido que acertamos no obxectivo e que acertamos tamén no formato escollido para irmos analizando, por áreas temáticas, o estado de saúde da nosa lingua. Os contidos deste ano son especialmente interesantes e de actualidade para achegarmos criterios sobre o uso da lingua galega na docencia universitaria.

A min e a todos os órganos de goberno da Universidade da Coruña preocúpanos a escasa presenza do galego, en xeral, na vida da comunidade universitaria. En particular, o escaso uso que se fai en moitas das áreas de coñecemento implantadas nos nosos campus.

Froito desa preocupación veñen sendo algunhas iniciativas que, sempre debatidas e consensuadas, puxemos en marcha nos últimos anos. O Plano de normalización lingüística (PNL), aprobado hai xustamente agora dous anos, foi o froito máis significativo desta inqueda. Non unha meta, senón un punto de partida para desenvolvermos actuacións avaladas non só polo noso compromiso persoal e institucional, senón tamén polo acordo dos órganos de goberno, como cristalización do sentir xeneralizado da comunidade universitaria.

Subliño con isto que ese compromiso da Universidade da Coruña vai máis alá da retórica ou dun uso meramente simbólico da lingua. O galego é a lingua propia da Universidade da Coruña e a súa canle normal de expresión, segundo se recolle nos Estatutos polos que se goberna a institución. O PNL estableceu medidas e obxectivos

concretos para potenciarmos o seu uso, cando menos en pé de igualdade co castelán e sempre, por suposto, en paralelo ao uso doutros idiomas estranxeiros (nomeadamente o inglés).

Para darmos pasos positivos nesta nada harmónica situación da lingua galega na Universidade, é para o que se organizan xornadas como estas sobre os usos concretos da lingua ou para o que se incorporan as iniciativas que propón a Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística.

Mais non abonda. Ademais do traballo institucional precisamos a actitude receptiva do profesorado, estudantado e persoal implicado e con capacidade para achegar o seu grao de area no seu ámbito de actuación. E cómpre tamén cariño, respecto e defensa do mellor do noso patrimonio como país, que son a nosa lingua e a nosa cultura. Cómpre boa fe e boa vontade para pórmos en valor unha lingua minorizada como a nosa. E cómpre que a Universidade dea exemplo de estímulo. Exemplo de atención á nosa propia lingua (a lingua nai de gran parte da poboación), pero idioma evidentemente marxinado neste ámbito da docencia universitaria, do que nos imos ocupar estes días.

Dous agradecementos finais. O primeiro para as entidades que colaboran na organización e no financiamento das Xornadas: a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación da Coruña e a Real Academia Galega. O segundo, para o profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato polo magnífico traballo desenvolvido, até datas recentes, á fronte do Servizo de Normalización Lingüística.

A Coruña, 12 de novembro de 2008

Presentación

GORETTI SANMARTÍN REI

Directora do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

Após tratarmos as ligazóns entre lingua e cidade, lingua e investigación, lingua e idade e lingua e comunicación, prestaremos atención estes días a analizar as relacións entre lingua e docencia universitaria, un tema de especial relevancia para a extensión de usos da lingua galega en particular e de todas as linguas minorizadas en xeral. Adiantamos xa que este ámbito concreto de actuación e de intervención lingüística esixe unha boa dose de compromiso, de consenso e de entusiasmo, pois no caso galego o ensino universitario ficou á marxe do xa escaso desenvolvemento lexislativo arredor da presenza da nosa lingua no sistema educativo. Con todo, como era lóxico, e para alén do meritorio labor a prol da lingua de docentes a nivel individual que levan anos a demostrar que o noso idioma é apto para todos os ámbitos e para todas as expresións do saber científico e académico, ben axiña comezaron a ouvirse voces que reivindicaban a necesidade de a universidade ocupar o seu papel de vangarda tamén neste espazo do saber e que esixían que se establecesen as pontes necesarias tanto entre ensino secundario e universitario como entre a universidade e a sociedade en que se insire. Se paseniñamente a Universidade de Santiago de Compostela foi a primeira en camiñar nesta dirección, Vigo e A Coruña sumámonos ao esforzo de contribuír ao prestixio da lingua galega e ao de crear conciencia sobre a nosa responsabilidade en canto que elites sociais. Dentro dese exercicio está o da formación, o da creación de discursos e o da procura de alternativas que modifiquen a realidade. Velaí a razón de ser deste encontro, xustificado fundamentalmente pola demanda das persoas que apostades, coa vosa presenza, nas posibilidades de transformación a través do coñecemento.

Xustamente a inscrición nestas xornadas de 348 persoas, con perfís moi diferentes (profesorado, alumnado, técnicos e técnicas de normalización, persoal de administración e servizos,...) mais motivacións converxentes (a fundamental, ampliar espazos

para o galego no ámbito universitario), demostra o interese que o tema do emprego do galego na docencia suscita na comunidade universitaria e na sociedade en xeral, pois sabemos que da súa extensión pode derivarse facilmente unha utilización da nosa lingua en lugares e situacións moi heteroxéneas, que rompa cun horizonte de expectativas reducionista que dá por válida a existencia de linguas aptas e non aptas para determinados usos.

Para nós, para o Servizo de Normalización Lingüística en particular e para o conxunto da Universidade da Coruña, isto supón un importante estímulo para continuarmos co labor de defender a nosa lingua da única forma posible: usándoa e usándoa ben.

O galego non sobrevivirá de non estarmos á altura das circunstancias e de non nos preocuparmos pola súa calidade, pola súa saúde, pola conformación dun modelo de lingua culto en que queremos construírnos colectivamente, e neste aspecto a docencia universitaria debe servir de referente de usos especializados e de óptimas competencias lingüísticas.

Somos sabedor@s de que a problemática que estamos a tratar pode posuír especificidades no caso galego, e mesmo no caso particular da Universidade da Coruña nos seus dous campus (A Coruña e Ferrol), mais tamén coñecemos que situacións semellantes acontecen en todos aqueles contextos en que hai contactos de linguas e, aínda que desexamos aproveitar esta oportunidade para nos solidarizar con todas aquelas persoas que falan unha lingua dominada, xulgamos importante comezar polo máis próximo e coñecer a situación a este respecto de diferentes idiomas europeos –entre eles, os do Estado español–, que sofren tamén a presión doutras linguas-teito, pois acreditamos en que un obxectivo básico nestes momentos de renovación ten de ser pular por que o Espazo Europeo de Educación Superior se enriqueza coa heteroxeneidade lingüística e cultural e por que non supoña a nosa redución á expresión a través dos idiomas (ou do idioma) en que falan as potencias con maior poder político no mundo.

Negámonos, pois, a aceptar como única unha concepción que implica que o coñecemento no nivel universitario esixa a renuncia ao que somos, ás identidades que nos definen e que posibilitan a nosa contribución ao pensamento universal desde este *nós* particular. E facémolo desde o convencemento de estarmos a defender unha causa xusta, como tantas outras que, a pesar de o non pareceren, teñen importantes ligazóns con esta, como o feminismo ou o ecoloxismo.

Máis unha vez, o interese que nos move é a necesidade de espertar as consciencias e os saberes e de procurar discursos e teorías que fagan posible un mundo en que nos construíamos dignamente na nosa lingua propia.

Que as ondas do mar que nos acompañarán neste magnífico escenario neste novembro ventoso arrastren ben lonxe tantos preconceptos sobre as linguas e os seus falantes e que nos traian o agasallo de por fin se escoitaren as nosas voces ateigadas de razóns. Por esforzo, por dedicación, por traballo de calidade, por entusiasmo!!! E entre eses esforzos e dedicacións, debo deixar constancia do labor realizado por Marisol Ríos, Sara Pino e Xesús Mosquera, traballadores/as do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña que estarán á vosa disposición estes días desde a organización das xornadas. É unha honra, pois, continuarmos con esta tarefa en que agardamos por tanta paixón e tanta enerxía como Xosé Ramón Freixeiro Mato, colega e amigo.

Boa tarde e obrigada.

Presentación

XOSÉ LUÍS AXEITOS AGRELO

Arquiveiro e bibliotecario da Real Academia Galega

Como representante da Real Academia Galega non podo menos que expresar a satisfacción da institución por presentar aquí unha colaboración entre as dúas institucións que teñen case a obriga de colaboraren. Neste caso nun campo realmente importante: Lingua e Usos –o título que desde hai anos tomaron estas xornadas, pois é esta unha colaboración que xa vén de lonxe– coido que fai fincapé na problemática de que a lingua non se pode disociar ou estudar en abstracto respecto do seu uso social.

Evidentemente, é unha polémica que nace co nacionalismo lingüístico a finais do século XIX, que penso que nunca se pechou de xeito definitivo, de modo que o chamamento á reflexión a través destas xornadas non fará máis que enriquecer, loxicamente, todas as achegas históricas que se levan facendo ao redor desta cuestión.

A universidade galega, como todos sabemos, cando o nacionalismo lingüístico se estende por Europa estivo totalmente afastada desta situación: había a Universidade de Santiago que era a única universidade galega naquel momento e curiosamente vai ser unha asociación –a Liga de Amigos da Coruña– fundada en 1897, a primeira asociación e institución que ten vocación dun uso lingüístico consciente, pois toda a súa papelería, todos os seus comunicados, incluídos os seus estatutos, van estar integramente en galego, a pesar da incompreensión de moitas outras institucións coetáneas e mais o alleamento, salvo dunha minoría da universidade, en que viviu totalmente afastada. Isto foi o que mobilizou esa parte da sociedade máis concienciada, como despois da Liga foi o caso das Irmandades da Fala que, probablemente, protagonice en gran parte o labor anterior dos rexionalistas ou dos propios nacionalistas.

En definitiva, será un debate que, insisto, non fará máis que enriquecernos. Lingua e Usos non é máis que un chamamento ao diálogo, á reflexión, isto é, á concordia e ao asentamento do uso dunha lingua que comporta, alén da práctica social, unha ética social de que tan necesitados estamos. De aí, os meus parabéns á Universidade que neste caso son os organizadores, aos cales nós apoiamos moi entusiasticamente o nesgo que está a tomar estas xornadas nos últimos anos.

Presentación

SILVIA MARÍA SEXIAS NAIA

Membro da Comisión de Benestar, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística
da Deputación da Coruña

Neste ano en que se cumpren 100 anos da morte de Manuel Curros Enríquez e en que, igualmente, se cumpre un século do nacemento de Jenaro Marinhas del Valle, preclaro patriota comprometido desde a súa mocidade coa causa da lingua galega e mais coa causa da rexeneración cultural, social, política e asemade lingüística do país, tamén se cumpren cinco anos en que o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña leva organizando este foro para o encontro, o intercambio de impresións, o debate enriquecedor e a sempre necesaria confrontación de ideas á volta de como potenciarmos o uso da nosa lingua en ámbitos de que foi propositadamente desposuída debido ao singular e bretemoso percurso da nación nos últimos séculos.

Trátase, pois, de procurarmos os mecanismos precisos para a reposición do galego naquelas esferas en que, a día de hoxe, goza dunha presenza escasa. E digo con firmeza reposición para, conscientemente, negar a falacia mediática dalgunhas asociacións proxectada con grandes altofalantes que insisten en falar de imposición. Será imposición reclamarmos o dereito a que as nosas fillas e os nosos fillos sexan educados na lingua propia do país? Será acaso imposición exixirmos, no noso país, en Galiza e non nas Illas Canarias nin na Alasca nin na Sardeña nin en Zamora, o dereito a que o funcionariado coñeza a nosa lingua e estea en condicións de a usar na súa vida laboral?

As institucións con algún tipo de responsabilidade ou protagonismo na proxección pública do noso idioma teñen, de facto, a obriga de seren merecentes do país que, cos seus impostos, sustenta tales organismos. Por iso, para a Deputación da Coruña, e en particular para a Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística que hoxe teño a honra de representar, constitúe un

verdadeiro orgullo poder contribuír para esa recuperación de usos da nosa lingua, a única propia de Galiza.

Non se pode imaxinar unha Galiza sen rías, sen castros, sen as catedrais, sen o Pórtico da Gloria ou sen a Torre de Hércules. Tamén se non pode pensar nunha universidade galega que vire as costas cara ao idioma e cara á súa necesaria utilización na investigación e na docencia diaria nas aulas. Por todo isto, a universidade galega só poderá recibir este cualificativo cando, cumpridas outras condicións, a súa docencia se impartir maioritariamente na nosa lingua, sen empecer, como é obvio, a sempre necesaria interrelación académica, laboral e pesquisadora en diferentes linguas con outras institucións europeas ou do mundo.

Só me resta, pois, parabenizar o SNL da UDC e a súa directora, a Dra. Goretti Sanmartín Rei, por centrar estas quintas xornadas xustamente na docencia no ámbito universitario, ámbito que se perfila como un dos principais motores de transformación da nación.

Máis nada e moito obrigada.

A promoción institucional do galego na docencia e investigación universitarias

SALUSTIANO MATO DE LA IGLESIA

Director xeral de I+D+I

Cando se me pediu impartir a conferencia inaugural destas xornadas, algo que teño que agradecer, o primeiro que me pasou pola cabeza foi que quería combinar, dalgunha maneira, a reflexión persoal, do punto de vista da propia experiencia, coa reflexión como responsable no Goberno galego actualmente; ora ben, cunha importante dose de autocritica a respecto de como estamos traballando, de cal é a situación en que nos atopamos, e asemade na procura de ser o máis optimista posible con vistas a indicar algunhas ideas sobre como ou por onde podemos camiñar para que o uso do galego, sobre todo na docencia universitaria, se faga intensivo e extensivo.

De partida, gustárame deixar clara unha cuestión a respecto dos prexuízos que existen en contra do uso do galego. Estamos en Europa si, mais dentro de Europa situámonos no Estado español, e durante moito tempo, sobre todo ao longo do último século, penetra en Galiza unha cultura moi arraigada que é a cultura monolingüe do Estado español. A devandita praxe política, que foi impositiva e represiva, fíxonos e fainos estar de costas ao mundo, tal como reflicten os nosos grandes problemas de penetración e presenza cultural, identitaria, no mundo; e non só iso, chega a producir algunha pregunta que todos podemos ler ou escoitar de moita xente que vive no noso país, en Galiza, como esta: «Como se puede aprender Matemáticas en gallego?» Até ese punto é elevado o nivel de desprestixio do galego a respecto do español, a respecto doutros idiomas, até o punto en que pode pensarse que en galego é imposible aprender algo, e en que crea e asuma isto quen o di. Por isto, antes de comezar a falar un pouco da promoción do uso da lingua galega no ámbito universitario, gustárame situar contextualmente as ideas que quero poñer sobre a mesa.

Estamos aquí nunha situación en que, por unha banda, intentamos promover a identidade, a riqueza e todas as vantaxes que nos ofrece contarmos cun idioma propio como é o galego por medio do uso e a normalización lingüística; e, en fronte, temos outra parte da sociedade que está, por así dicilo, no snobismo. De feito, tanto é así que, ao fío do que estou comentando, hai enquisas en que pode verse como existe xente de Galiza que ve mal que se lles explique aos rapaces ensinanzas que non son as correspondentes ás materias de Lingua Galega ou Literatura Galega en galego, como se os rapaces non foren entender ben Matemáticas, Ciencias Sociais, Historia... por lles seren ensinadas en galego.

Esa mesma xente que ten esa preocupación de que o seu fillo ou a súa filla non vaian ser listos se estudan en galego, ou non vaian aprender, estaría encantada se tivese o nivel económico necesario para mandalos ao liceo francés, alemán etc. e que todo llelo explicasen en inglés, alemán ou francés... E iso que, segundo as últimas estatísticas que puiden ler, o ámbito francófono é menor ca o lusófono. Xa que logo, temos que ser capaces de abrírlle os ollos a esta xente, e por iso hai que empezar a dicir con orgullo e con claridade que amais de a lingua galega ser fundamentalmente identidade, esa identidade trae consigo valores importantes e positivos.

Está demostrado cientificamente que a aprendizaxe na idade infantil de distintas linguas favorece o desenvolvemento intelectual e, sobre todo, a capacidade de comprensión e aceptación das distintas realidades da vida; dito doutro xeito, as persoas que aprenden varias linguas, que se moven en contornos diversos, son mellores, son máis abertas, menos monolíticas. En Galiza temos a posibilidade, xa de entrada, de forma natural, de que os rapaces aprendan a falar en dúas linguas, xa temos esa vantaxe e temos que aproveitala, darlle valor. A posición contraria, que xorde sobre todo nos núcleos urbanos, onde hai que evitar que se consolide, en relación ao uso normal e natural do noso idioma na escola é unha consecuencia da cultura monolingüe do Estado español.

Ben, para introducírmonos xa no mundo universitario, a ignorancia e o desprestixio larvado fan cada vez máis difícil a chegada ás aulas universitarias de alumnado que fale e se desenvolva dunha forma cómoda e natural en galego. Haberá xente aquí que teña máis experiencia ca min á hora de dar clases, mais levo vinte anos de docencia antes de estar no Goberno e ao longo deses vinte anos percibín primeiro un incremento dos galegofalantes e despois, nos últimos anos, un descenso clarísimo. Aquí hai, a meu entender, un elemento de involución moi ligado a ese fenómeno das cidades e á cultura monolingüe que se estivo e está a impoñer.

A conclusión de todo isto é que non só creo que temos que loitar pola oficialidade normativa, que é fundamental, pois o galego é o idioma de Galiza, mais o importante ao respecto é prestixiarnos o noso idioma, que sirva para autoidentificarnos e autodefinirnos, que sirva para sentirnos no mundo e que se nos identifique no mundo. Penso que todo o que vou comentar a continuación sobre a promoción do uso do galego no ámbito universitario e no Goberno galegos xira en boa medida arredor desta idea do prestixio, insiste moito en facermos visibles as bondades e vantaxes que ten usar, coñecer, o idioma galego, tanto para estarmos nós orgullosos del como para que aqueles que viñeren a Galiza o sintan como unha gran vantaxe, como un grande elemento de valor engadido. Por iso en todos os plans, todas as políticas universitarias de promoción de usos do idioma galego, ten que xogar un papel fundamental o prestixio, e neste sentido quero apuntar as tres ideas seguintes:

1) Cómpre traballarmos para que a comunidade universitaria teña o convencemento de que o uso do galego é esencial na vida académica, e o máis natural. É igual que coas especies en perigo de extinción, isto é, a todos nos preocupa que o tigre de Malaisia desapareza ou que os koalas desaparezan; pois ben, o galego é o idioma de Galiza e de non o usarmos, desaparece, e isto é moi grave, cando o noso idioma é o que nos fai visibles nun mundo en que a diversidade cultural é tan importante como a diversidade natural, por seguir coa analoxía.

Alén de ser un dos elementos chave da nosa identidade e algo que, como dicíamos ao principio, abre a mente, que nos fai máis globais e solidarios, termos un idioma propio e sabermos combinalo con outras formas e culturas, non nos enganemos, ábrenos tamén moitas portas a distintos tipos de comunicación, algo que temos que aproveitar.

2) En segundo lugar, o uso intensivo do galego na comunidade universitaria fai moito máis doado integrarmos outros idiomas, e a normalización lingüística da universidade pode ser a peza enganche á hora de poñermos en marcha un ensino plurilingüe, isto é, o que nos pode permitir pensar en facermos grupos de traballo en distintos idiomas. Así teríamos unha oferta docente rica, diversa e máis atractiva; de feito, nalgúns casos e algunhas experiencias que se viviron foi un elemento fundamental para atraer o estudantado estranxeiro.

Os estudantado estranxeiro, do Programa Erasmus ou outros, é moi receptivo á oferta idiomática diversa en calquera tipo dos estudos que quere levar adiante, mais esta tamén resulta moito máis atractiva á hora de atraermos o profesorado visitante ou de crearmos posgraos internacionais, porque temos algo que achegar, algo que é diferencial.

3) A terceira idea que quero transmitir a respecto da política lingüística universitaria é que o recoñecemento na calidade docente e investigadora do esforzo plurilingüe e do esforzo, en concreto, do uso do galego, é moi importante. Isto é, as universidades deben establecer un recoñecemento meritorio do uso do idioma galego, porque o que non pode ser é formularmos o feito de impartir a docencia en galego –ou por parte do estudantado, facer os traballos en galego, contestar os exames en galego– como algo unicamente vangardista no sentido ideolóxico, ten que ser algo natural.

Ora ben, é claro que os plans de normalización lingüística que están en vigor nas tres universidades galegas precisan achegas, axudas, para poderen intensificar cualitativamente a súa capacidade de implantación por medio destas tres liñas de actuación mencionadas. E cal debería ser o papel do Goberno? Evidentemente, o Goberno debe e tenta traballar en como ter en conta as políticas lingüísticas e o uso intensivo e extensivo do galego na docencia e na investigación universitarias desde o modelo de financiamento, é dicir, en como desde a achega económica que o Goberno lles fai ás universidades poden e deben ser considerados estes criterios.

Temos neste momento un modelo de financiamento que foi aprobado a comezos do ano 2005 e estará en vigor até o 2010; o Goberno galego anunciou a súa próxima reforma, algo que aínda está a ser discutido, mais é fundamental que no novo modelo de financiamento sexan tidas en conta estas ideas, que eu sen dúbida apuntarei. De feito, no modelo que estamos propugnando hai varios módulos polos cales se calculan as achegas financeiras para as universidades, e a existencia dunha política lingüística e o uso do galego, as súas necesidades financeiras, teñen que se incluír tanto no módulo de gastos estruturais, é dicir, neses fondos que serven para pagar o funcionamento operativo e cotián da universidade, como nos contratos programa de proxectos. Así mesmo, é preciso marcármolles obxectivos ás universidades canto ao avance e cumprimento do seu plano de normalización lingüística, de tal maneira que en función dos resultados se reciba unha ou outra achega económica, como para calquera outro indicador. Estes ítems teñen que ser indicadores estruturais e deben aparecer como indicadores deste modelo.

Por outra banda, cando falamos de calidade universitaria do punto de vista da acreditación, sempre esquecemos examinar a aplicación da política lingüística universitaria, non estamos medindo isto, cando é un elemento enormemente cualitativo. Ora que todo isto entra na discusión que as universidades teñen que ter co Goberno para estableceren un modelo de financiamento e as cantidades de diñeiro que poden atinxir como contraprestación do cumprimento dos obxectivos marcados; mais evidentemente o Goberno debe desenvolver en paralelo programas específicos.

Así como temos programas para a calidade docente, e non está incluído o tema da normalización lingüística dunha maneira decidida, así como temos programas para fomentar a investigación, as infraestruturas etc., cómpre deseñarmos programas específicos para lles prestarmos apoio ás universidades á hora de desenvolveren as súas políticas lingüísticas e os seus plans de normalización lingüística como materialización destas. Poño algúns exemplos: a formación para o estudantado, os investigadores e o profesorado estranxeiros etc. que hai existe polo esforzo propio das universidades, non hai un ningún *input* por parte do Goberno; e outro tanto ocorre coa promoción da produción científica en galego ou cos programas de asesoramento e desenvolvemento de material didáctico para incorporar ao galego os tecnicismos dos distintos ámbitos do saber.

Ora ben, moitos compañeiros docentes nosos que falan de forma natural e habitual galego, cando chegan á clase pasan a empregar o castelán, que é o idioma en que aprenderon o que saben, ou se teñen que publicar un artigo, fano en inglés ou castelán por esa mesma razón. Cando eu fixen o salto ao uso do galego e, por suposto, non son perfecto, cometo moitos erros porque nunca me ensinaron galego na escola e estou a aprender decote, tiven que facer un esforzo, e a existencia de dicionarios terminolóxicos para o campo científico en que son profesor foime de grande utilidade. Así pois, refírome a que isto debe ser promovido desde o Goberno para todos os ámbitos do saber, e non hai ningún programa desta índole.

Desde o Goberno deberíamos conseguir crear certificacións de calidade e acreditacións do uso do galego para que este sexa un selo de marca, unha identidade con valor, con prestixio, e facermos que contén á hora de marcarmos as achegas económicas ás universidades dentro do modelo de financiamento. Despois está tamén o asunto da internacionalización do galego por medio da súa participación no ámbito lusófono, que é unha materia pendente, e o Goberno ten que desenvolver algún programa extensivo e intensivo nese sentido.

Ora ben, que estamos a facer desde a Dirección Xeral de I+D+i, cal é a nosa pequena achega no que ten a ver con que o galego sexa un elemento transversal da política científica? Hai tres elementos transversais que forman parte do substrato do Plano galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2006-2010, que bautizamos co nome de Plano INCITE, e que son a igualdade, a sustentabilidade e o idioma. Dise no preámbulo do devandito plano e buscamos que estean presentes no seu desenvolvemento dunha forma clara. Pois ben, cada ano imos reflexionando a respecto dos éxitos acadados, que foron razoables malia termos tamén bastantes erros, e neste intre estamos pensando en como mellorar a contribución que se realiza desde o INCITE á normalización da lingua galega.

Talvez for curioso, mais desde que en todos os programas de axudas, tanto de proxectos como de contratos etc., o uso do galego e o compromiso explícito de uso do galego teñen repercusión nos baremos, na puntuación, non houbo ningunha queixa por parte do sector privado en tres anos. E a verdade é que, sorprendentemente, as queixas que nos chegaron foron inferiores ao 5% de todos os expedientes que movemos, e todas proveñen do ámbito público, das universidades máis en concreto.

Con todo, ademais dun uso intensivo do galego en todos os campos, o que buscamos é que o galego penetre en todo tipo de accións, chegue a territorios insospeitados. Vou poñer tres exemplos para que se vexa como estamos promovendo desde o Plano INCITE o uso do galego en áreas e ámbitos que non pertencen á investigación en Filoloxía Galega, mais que producen unha visibilidade impactante do noso idioma.

1) O proxecto de empresa Tecnocom para o deseño dun software sintetizador e de recoñecemento da lingua galega en código aberto. Este é un proxecto avanzado canto ao emprego de tecnoloxía, un proxecto de calidade que merece a axuda que lle foi outorgada, mais a condición de que o idioma de ensaio, piloto, e en que se vai comercializar en primeiro lugar sexa o galego.

2) Outro exemplo é o da Factoría de Software e Multimedia, co proxecto dun tradutor automático avanzado en código aberto para o galego e o portugués.

3) Finalmente, en terceiro lugar, quero salientar o traballo de desenvolvemento e promoción do software libre en galego que estivo a realizar o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e que foi financiado pola Dirección Xeral de I+D+i.

Así mesmo, contamos cunha liña de financiamento directo para proxectos de investigación cuxo obxecto de estudo, desde diversos enfoques, é a lingua galega. A devandita liña encádrase principalmente nun sector específico do Plano INCITE que é o chamado Sociedade e cultura, aínda que á vista dos exemplos anteriores tamén no sector denominado Sociedade da información. En conxunto todos os proxectos que se financiaron neste sentido contaron cunhas axudas duns cinco millóns de euros, unha cifra moi razoable se termos en mente o orzamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Como conclusión de todo isto, despois de compartir estas ideas, quero dicir que temos por diante moitas posibilidades, que temos moito que facer aínda e que hai moitísimas accións que poden levarse a cabo de maneira natural e amable para prestixiarnos o noso idioma e, sobre todo, desmontarnos de forma tranquila e sen ningún tipo de problema todos estes prexuízos de que falabamos ao principio.

As políticas lingüísticas das universidades galegas na docencia I.

A Universidade de Santiago de Compostela

M^a DOLORES DOMÍNGUEZ SANTOS

Vicerreitora de Profesorado e Organización Académica da Universidade de Santiago de Compostela

A realidade do uso do galego na Universidade de Santiago de Compostela (USC) desenvólvese por dous vieiros: un deles é o que está escrito nas normas que a comunidade universitaria se dá a si mesma e o outro é o que recolle a realidade do seu uso nas aulas, nos grupos de traballo...

Comezarei por falar do primeiro, que podemos adiantar, que se trata dun vieiro moi traballado e elaborado no cal se reflicte o decidido apoio que esta universidade lle da ao uso da súa lingua propia.

O Plano estratéxico 2000-2010 sinala 10 obxectivos en docencia dos cales o décimo obxectivo é «Normalizar e promover o uso da lingua galega na función docente». A partir del o Claustro Universitario aprobou no ano 2002 o Plano de normalización lingüística¹, que establece que: «O proceso de normalización da Universidade de Santiago de Compostela debe contar como peza chave cun incremento significativo e progresivo no uso do galego nas tarefas propias do persoal docente e investigador (PDI)».

Trátase, na miña opinión, dun plano ambicioso que se propón obxectivos principais e específicos, así como tarefas ou medidas para acadar a normalización lingüística na USC. Procedo, deseguido, a describir, de xeito resumido, as propostas do devandito plano para o ámbito do persoal docente e investigador.

¹ Dispoñible en <<http://www.usc.es/estaticos/normativa/pdf/Plannormalizacionlinguistica.pdf>>

Obxectivos principais

- Promover a adquisición de coñecementos de lingua galega e a mellora da calidade lingüística do PDI
- Consolidar a lingua galega como un dos idiomas instrumentais da docencia
- Incrementar o emprego da lingua galega nas tarefas de investigación e divulgación dos coñecementos científicos

Obxectivos específicos e medidas que os desenvolven

1. Mellorar a competencia lingüística do PDI
 - Fomentar a súa formación.
 - Deseñar programas de formación lingüística.
 - Aproveitar as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías no terreo da formación.
 - Deseñar un programa de formación lingüística que atenda os seguintes aspectos:
 - a) A formación xeneralista sobre o galego
 - b) A formación específica en lingua oral e conversa
 - c) A formación en linguaxes de especialidades
 - Desenvolver a formación pedagóxica do PDI.
 - Normativa de selección do PDI: valoración do coñecemento da lingua galega.
2. Consolidar a lingua galega como un dos idiomas instrumentais da docencia
 - Elaborar materiais de apoio.
 - Priorizar a elaboración de textos propios e a tradución de textos doutras linguas.
 - Asesoramento na elaboración de materiais de apoio.
 - Garantir a publicación dos programas das materias.
 - Promover a elaboración de obras terminolóxicas.
 - Intercambio con outras Universidades de materiais propios de docencia.
 - Garantir exames.
 - Fomentar a realización de traballos, titorías e outras actividades docentes.
 - Propiciar a regularización da oferta, con ocasión da creación de novas prazas motivadas por necesidades docentes.
 - Recoñecer o esforzo do profesorado mediante a redución de créditos docentes.
 - Establecer contratos-programa con centros e departamentos en que se recoñezan créditos docentes a aquel profesorado que imparta a docencia en galego, sempre que a capacidade do departamento o permita.

3. Incrementar o emprego da lingua galega nas tarefas de investigación e divulgación dos coñecementos científicos
 - Convocar axudas para elaborar publicacións (divulgación).
 - Reclamar a valoración da calidade da produción científica na actividade investigadora.
 - Promover o uso do galego en xornadas científicas.
 - Dotar dun premio anual ao mellor traballo científico en lingua galega.

Até aquí as medidas, abreviadas, que o Servizo de Normalización Lingüística da USC trazou nun plano en que decontino atopamos algunhas expresións que nos preocupan do tipo: «Sen prexuízo de...», «Sempre que a capacidade o permita...», «Incentivos si, incremento do cadro de persoal non...», «Sen perfil lingüístico...», «Agás na docencia doutras linguas...», «Respectando naturalmente a especificidade da docencia doutras linguas...» e «Con carácter voluntario...»

É certo que se deben establecer cautelas, baseadas na realidade da propia universidade, mais algunhas chaman por restricións e outras son, ao meu xuízo, innecesarias, caso das referentes ao ensino doutras linguas.

Por último, na Programación plurianual 2007-2010, aprobada en Consello de Goberno o 19 de xullo de 2007², indícase que «É necesario reducir a distancia entre a Universidade como cúpula do sistema educativo e formativo, e o resto do sistema educativo galego, en canto ao uso do idioma propio como mecanismo vehicular de educación.» Isto é, tratase de aproximar o uso da lingua galega nas aulas da USC ás ratios existentes no bacharelato (un 50%).

Entre as distintas accións que se sinalan, para o persoal docente e investigador menciónanse as seguintes:

- Estimular a docencia en galego, con ocasión da creación de novos grupos.
- Establecer mecanismos e recoñecementos para os departamentos máis dinámicos no que atinxe ao uso do galego na docencia.
- Desenvolver accións de extensión de uso da lingua na docencia promovendo accións en centros específicos en forma de programas piloto.

² Disponible en <<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/consellogoberno/descargas/Prograpluri2007-2010.pdf>>

A expresión da vontade que a USC ten para primar o uso do galego nas súas aulas recolle numerosas medidas, considera o respecto aos dereitos dos usuarios e indica a necesidade de incentivación do PDI para desenvolver a docencia e a investigación en lingua galega.

Vexamos, a seguir, algúns exemplos de incentivación:

a) a Normativa pola que se regula o procedemento de elaboración e aprobación da relación de postos de traballo do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela (aprobada en Consello de Goberno o 20 de decembro de 2004³), inclúe entre os criterios de elaboración dunha relación de postos de traballo «A progresiva normalización e o respecto aos dereitos lingüísticos para o que se poderá, de ser o caso, establecer perfís lingüísticos dalgúns postos de traballo».

b) na Normativa pola que se regula a selección de persoal docente e investigador, contratado e interino, da Universidade de Santiago de Compostela (aprobada en Consello de Goberno o 17 de febreiro de 2005⁴), o coñecemento da lingua galega, en canto lingua propia da USC, está considerado como mérito.

c) o *Manual para a avaliación da calidade docente* (Programa Docentia) considera o uso do galego na docencia como mérito en tres das cinco dimensións avaliadas: o emprego do galego no programa das materias, na impartición da docencia e mais a acreditación de competencias en lingua galega na comunicación oral ou escrita na docencia.

Así mesmo, a adopción de obxectivos de utilización da lingua galega na docencia polos departamentos, dentro dos seus planos estratéxicos, terase en conta para asinar acordos USC-Departamentos.

Sexa como for, o certo é que a día de hoxe na USC temos formulada a seguinte pregunta: Permite a lexislación actual considerar o galego como un requisito para o acceso aos corpos e ás categorías de profesorado universitario?

Para irmos concluindo, podemos sinalar que o uso da lingua galega na USC non supera o 20% o cal non é un dato alentador. Certamente, hai ao longo dos últimos

³ Dispoñible en <<http://www1.usc.es/lexis/doc/normarptdocinves.htm>>

⁴ Dispoñible en <<http://www1.usc.es/lexis/doc/normaseleccionpdi.htm>>


cursos académicos –véxase o gráfico 1– un lixeiro incremento progresivo –pasouse dun 17.6% a un 20.16%– mais... é significativo? O incremento prodúcese nos primeiros anos que se recollen no gráfico, mentres que resulta mínimo no último curso avaliado.

Daquela, cabe inferirmos que as numerosas medidas que promoven o uso do galego na docencia ou non son suficientes ou non son eficaces ou ambas as dúas interpretacións.

É posible fomentarmos o uso do galego na docencia universitaria coas medidas que adoptan as universidades, en concreto a USC, ou habería que promover outras intervencións desde outras administracións?

Para rematar, quero deixar patente que aínda que teño unha visión crítica sobre a posibilidade de que o galego sexa un idioma importante na docencia e na investigación, e de que o seu uso chegue a ser habitual na USC, direi tamén que agardo mellores tempos grazas á incorporación de novas xeracións de profesorado que procedan dun estudantado que atopou o galego na primaria, na secundaria e mais no bacharelato, e que, por tanto, entenda que o uso habitual do galego no ámbito universitario é ou debe ser o máis natural.

Cando eu comecei a dar clases na USC, na Facultade de Medicina, poucas veces un estudante se dirixía a min en galego. Porén, nos últimos anos atopei que ían a máis en número os que falaban espontaneamente en galego entre eles e comigo mesma, que escribían os seus traballos e exames en galego, e que soamente un grupo reducido solicitaba o exame en castelán, mesmo despois de llo ofertar. Con todo, agardo que como sempre e como debe ser que...



Anexos

Gráfico 1. Evolución da porcentaxe de créditos impartidos en galego/castelán





Gráfico 2. Evolución das axudas para o uso do galego nos traballos de investigación básica



As políticas lingüísticas das universidades galegas na docencia II.

A Universidade de Vigo

IVÁN AREA CARRACEDO

Vicerreitor de Relacións Institucionais da Universidade de Vigo

XOSÉ HENRIQUE COSTAS GONZÁLEZ

Director da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

1. Limiar

Neste texto pretendemos analizar distintos aspectos relacionados coa normalización lingüística no referente ás políticas activas desenvolvidas desde a Universidade de Vigo. En termos xerais, esta contribución contén o relatorio presentado durante as V Xornadas sobre Lingua e Usos organizadas baixo o lema «Lingua e docencia universitaria» pola Universidade da Coruña, á cal quixeramos darlle os nosos parabéns polo tópico escollido, mais tamén pola organización destas xeirais. Por outra banda, debemos sinalar que determinados aspectos están actualizados á data de escribir o presente texto, de tal maneira que algúns datos poden diferir do exposto nas xornadas. Isto é, entre outras razóns, froito do emprego das novas tecnoloxías para desenvolvermos a necesaria normalización lingüística no ámbito universitario, polo que os datos son dinámicos e os contidos están en permanente actualización.

En primeiro lugar cómpre sinalarmos que a Área de Normalización Lingüística (ANL no que segue) depende da Vicerreitoría de Relacións Institucionais e na presente lexislatura académica está dirixida polo profesor Xosé Henrique Costas González. Pese a ser a área que, no contexto das universidades do país, conta cun menor cadro de persoal, o dinamismo deste é o que fai posible o traballo que se realiza e que deseguido pasamos a explicar. Sobre todas as accións que se comentan no artigo hai información na páxina web da ANL, co seguinte enderezo web: <<http://webs.uvigo.es/anl>>.

Moitos dos aspectos relacionados coas tarefas da ANL están ligados con outro dos ámbitos competenciais que dependen da mencionada vicerreitoría, o patrimonio cul-

tural inmaterial, algo que produce sinerxías altamente interesantes e frutíferas, como pode ser o recente libro *Contos de ida e volta*, para a publicación do cal tamén se contou coa participación da Oficina de Relacións Internacionais. Trátase dunha pequena escolma de contos da cultura tradicional galega editados na súa lingua orixinal e traducidos ao castelán, ao inglés e ao francés con que se agasalla o estudantado de intercambio que vén a Universidade de Vigo. Como diría Arsenio Iglesias naquel célebre anuncio «Home, non todo vai ser fútbol».

Retomándonos a seriedade que pretendemos transmitir no presente artigo, quixeramos en primeiro lugar fixar o marco normativo en que desenvolvemos o traballo relacionado coa normalización lingüística na nosa institución. A importancia da lingua galega na Universidade de Vigo aparece recollida nos seus Estatutos, onde no artigo catro aparece ben patente que «O galego é a lingua propia da Universidade de Vigo e, polo tanto, é a lingua de uso normal nas súas actividades». Tamén no artigo 4 temos o seguinte texto que reforza, aínda máis, a presenza da lingua galega: «A Universidade de Vigo promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que contribúan ao uso pleno da lingua galega en todas as súas actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos». Deste xeito explícito aparece recollido o que significa a lingua galega para a Universidade de Vigo na norma de maior rango dentro da institución, o que despois desenvolve o Plan de política lingüística da Universidade de Vigo do ano 2005.

2. Promoción da lingua na docencia e na investigación

2.1. O Plan de plurilingüismo na docencia

Nos últimos tempos estanse a promover a través de distintas campañas que despois detallaremos, as vantaxes do plurilingüismo como superación dun bilingüismo demostrado como prexudicial para o galego. O traballo nesta dirección comezou no curso académico 2004-2005 coa posta en marcha, grazas á iniciativa do daquela vicerreitor de Relacións Institucionais, o profesor Xavier Martínez Cobas, do Plan de plurilingüismo na docencia, que recollía unha serie de incentivos para o persoal docente que impartise as aulas en galego, mais tamén en inglés, portugués, francés ou alemán, nestes casos con desdobramento de grupos.

Desde esa altura, e coa bagaxe acumulada de determinadas experiencias piloto, avanzouse o suficiente como para recollermos no Plan estratéxico da Universidade de Vigo 2008-2012 que se acaba de aprobar as seguintes liñas de acción:

- Considerar mérito preferente para a contratación ou promoción do profesorado o coñecemento acreditado dos tres idiomas base da universidade: o galego, o castelán e o inglés.
- Ofrecerlle un curso cero de lingua galega a todo o alumnado procedente de fóra de Galicia.
- Incluír como mérito para a contratación e promoción de recursos humanos o coñecemento acreditado das linguas galega, castelá e inglesa. A Universidade de Vigo facilitaralle a todo o seu persoal os recursos precisos para acadar un dominio fluído, oral e escrito, destas linguas.
- Potenciar a docencia en lingua galega, tendendo a acadar o obxectivo de que polo menos un terzo da docencia total que reciba o alumnado sexa nesta lingua.
- Incrementar o número de cursos de galego e español para as persoas que chegaren do estranxeiro.
- Fomentar o coñecemento e uso de linguas, principalmente do galego, o castelán e o inglés, por parte do persoal da Universidade de Vigo, de maneira que calquera servizo ou área conte con persoal competente como mínimo nas tres linguas.
- Facilitar a asistencia continuada do PAS a cursos de reciclaxe lingüística de galego e de inglés en horario laboral para propiciar a competencia trilingüe entre o persoal.
- Promover a impartición de materias noutras linguas aumentando o programa de incentivos e procurando un equilibrio entre o galego, o castelán e o inglés.

Xustamente nesta liña do plurilingüismo quixeramos facer algunhas reflexións sobre o traballo realizado e as novas apostas. Por unha banda, varias edicións do Plan de plurilingüismo na docencia con compensación económica, o apoio lingüístico e a tradución de materiais ao persoal docente fixeron posible lanzar o programa piloto que está a desenvolver a Facultade de Química. Neste centro aprobaron en Xunta de Facultade un documento que recolle o compromiso explícito por parte dos membros do seu cadro de persoal docente para impartiren un terzo da docencia en cada unha das linguas xa mencionadas¹.

No contexto da sociedade do coñecemento, asegurar a calidade na formación nos diferentes estudos ofrecidos formúlase como un dos grandes retos, e neste marco global é onde aparece a necesidade da formación titulados competentes desde o punto de vista lingüístico. A utilización do galego non é cuestionable, posto que ademais de

¹ Ata o momento da aprobación do referido programa en Xunta de Facultade da Facultade Química, non había ningún membro do seu persoal docente que participase no Plan de plurilingüismo na docencia. Desde entón, o uso do galego é dun 30%, o do castelán dun 40% e o do inglés dun 30%.

ser a lingua propia da Universidade de Vigo segundo consta nos seus Estatutos, é imprescindible para unha mellor integración do estudantado na sociedade en que estamos presentes e para lles darmos un servizo o máis completo posible aos nosos potenciais clientes.

Ademais, de termos en conta que o recente Decreto 124/2007 indica no seu artigo 14 que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade das competencias lingüísticas nos dous idiomas oficiais, cómpre fornecerlle ao noso estudantado universitario aquelas que poidan necesitar, neste caso, se escolleren a docencia no ensino secundario como unha das opcións laborais futuras. O uso combinado do galego e o español permite ter unha importante vantaxe competitiva, ao dispoñen de capacidade de comunicación asemade con todos os países lusófonos e hispanófonos. A necesidade de aprendizaxe do inglés vén dada, entre outras cousas, polo uso desta lingua para boa parte das referencias bibliográficas (especialmente dos campos científico técnico e xurídico social) e por ser a lingua franca nun momento como o actual en que a mobilidade de profesionais e investigadores é cada vez maior.

O feito de dispormos dun centro que asumise desenvolver unha experiencia piloto como a sinalada fixo posible que nos orzamentos do ano 2009 aparecese unha nova liña de traballo: o contrato-programa con todos os centros da Universidade de Vigo que o desexaren para ampliarmos esta experiencia a toda a institución. Trátase dun paso moi importante no que se refire ao plurilingüismo e, en particular, á normalización lingüística na Universidade de Vigo. Así mesmo, na nosa opinión, este novo programa conta cunha vantaxe fundamental: tamén involucra a Vicerreitoría de Innovación e Calidade, de xeito que serán máis os actores implicados na normalización, en particular a área de goberno que ten delegadas as competencias en calidade na Universidade de Vigo.

Nesta iniciativa pioneira, os centros comprométense a actuar en dúas fases:

1. Etapa de aprendizaxe das linguas e das terminoloxías científicas concretas. Corresponde aos dous primeiros anos de estadía no centro. Dedicarase á familiarización do alumnado coa lingua inglesa, en todos os seus niveis, ao tempo que se afonda no coñecemento do galego no nivel científico-técnico. Nesta etapa o desenvolvemento de habilidades lingüísticas debe ser integrada no referente ás competencias orais e escritas. No relativo á lingua inglesa, preténdese garantir que todo o estudantado acadade un nivel B2, e acompañalo co uso paulatino de material escrito nesa lingua e a realización de actividades en que se fale inglés, obviamente sen grandes complexidades. En paralelo, as actividades docentes favorecerán un maior coñecemento do galego e do castelán a todos os niveis.

2. Etapa de inmersión (en contexto). Corresponde ao terceiro ano e posteriores de estadía no centro. Nesta etapa, a exposición ao inglés xa sería algo máis sistemática e frecuente, con parte da docencia dos últimos cursos (sobre o 25-30%) nesa lingua, o cal xa suporía utilizar o idioma á hora de interactuar oralmente co profesorado e o resto do alumnado, de redactar traballos etc. Igualmente, neste período o estudantado terá que empregar xa dentro das marxes do 25-40% o galego e o castelán de xeito habitual.

Ao mesmo tempo, esta importante aposta institucional para chegarmos a formar titulados competentes en tres linguas necesita un apoio terminolóxico, unha situación detectada por un dos autores do presente traballo durante a elaboración dun manual para o seu alumnado. Nesta liña, nos últimos anos realizouse un intensísimo esforzo para axudar o persoal docente que participaba no Plan de plurilingüismo na docencia, con vistas a se lles ofreceren todas as facilidades posibles. Non podemos deixar de comentar que se realizou a tradución e/ou revisión de case 250 000 páxinas de materiais de aula de case todas as titulacións.

Ademais, desde a ANL (ben nesta lexislatura, ben na anterior baixo a dirección do profesor Anxo Lorenzo Suárez) editáronse diversos glosarios terminolóxicos de distintos campos do saber. Na actualidade están todos esgotados, mais foron reeditados en CD/DVD e tamén colgados na páxina web da ANL. Tamén se editaron distintos libros e manuais en formato plurilingüe, materiais para a docencia, guías científicas etc. que supoñen dispor xa dun número importante de recursos para poder apostarmos polo contrato-programa de plurilingüismo coa base sólida do traballo anterior.

Ora ben, quixeramos aproveitar este artigo para deixar constancia igualmente de cuestións que ficaron sen facer na lexislatura. Como institución nova, atrevida, plural e innovadora, a Universidade de Vigo conta con distintas ferramentas para o estudantado e os procesos de ensino-aprendizaxe na vangarda das tecnoloxías. Un dos grandes retos que aínda non demos abordado foi a tradución ao galego de todos os materiais docentes que o noso profesorado deixa ao dispor do estudantado en diversas linguas (fundamentalmente castelán e inglés) nas plataformas de aprendizaxe virtual con que contamos.

Sabemos que isto requiriría unha cantidade importante de recursos orzamentarios e profesionais, e que cumpriría un labor constante de tradución dos novos materiais ou revisión e modificación dos vellos periodicamente, mais tamén sabemos que sería un enorme avance para a normalización da lingua galega no eido universitario. Outro dos retos será a tradución e exposición (en liña, en CD/DVD ou formato libro) dos

manuais universitarios de maior uso, acción que comezou timidamente este ano mediante un acordo entre as tres universidades e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

2.2. A formación permanente do PDI e do PAS

En paralelo ou previamente á liña de acción indicada no punto anterior, a ANL convoca anualmente cursos de lingua galega para o PDI e o PAS. Todos os cursos son abertos ao público en xeral, de maneira que temos persoas matriculadas procedentes da docencia de ensino secundario, da empresa privada, doutras administracións etc. Nos cursos de lingua (niveis inicial e medio, o que hoxe serían CELGA 1, 3 e 4), cursos de lingua oral, de linguaxe administrativa, de linguaxes científico técnicas e de redacción de textos, tivemos desde o ano 2005 ata a actualidade máis de 1.800 estudantes. Canto aos cursos de extensión cultural (lingua e cultura galegas para estudantado e profesorado de intercambio) desde o ano 2005 tivemos 127 estudantes. O Plan de plurilingüismo na docencia vainos obrigar, ademais, a facer un seguimento practicamente *ad personam* do profesorado implicado na docencia en galego, con cursos específicos para grupos pequenos de expresión e corrección orais, terminoloxías concretas, traducións de materiais de aula etc. Estamos preparados para o reto.

Na liña de poder desenvolver do mellor xeito posible outro dos ámbitos da competencia da Vicerreitoría de Relacións Institucionais como é o Gabinete de Prensa, no ano 2008 a Universidade de Vigo publicou o libro *Traballo xornalístico na Universidade de Vigo: pautas para un correcto uso da lingua*, que permitiu afianzar a institución á vangarda da comunicación social. Baseándonos xustamente nesta publicación, e en colaboración coa Xerencia da Universidade de Vigo, impartímoslle ao PAS cursos de linguaxes especializadas, normas de estilo e actualización lingüística.

2.3. Axudas á investigación

Alén do anterior, debemos reclamar e defender o uso da lingua galega tamén no campo investigador, o que sen dúbida nos permitirá avanzar tamén en distintas cuestións terminolóxicas e facerlle fronte a tanta dificultade como aínda atopamos. Neste sentido, desde a Universidade de Vigo convocamos anualmente axudas á realización en galego de proxectos fin de carreira, memorias de licenciatura, traballos de doutoramento e teses de doutoramento, con máis de 150 axudas concedidas no último ano en todos os ámbitos de coñecemento.

Cómpre salientarmos a gran cantidade de proxectos de fin de carreira e memorias que nos chegan desde as facultades e que abranguen todos os ámbitos de coñecemento, en particular e con especial forza do ámbito científico e do ámbito tecnolóxico. Onde temos escasa incidencia é nas teses de doutoramento, fundamentalmente porque a moitos doutorandos se lles recomenda que, ante a presenza no tribunal da tese de persoas vindas de universidades españolas e estranxeiras, e contando cunha posible publicación total ou parcial, éelles máis «conveniente» a redacción da tese en castelán ou inglés. Aínda temos que facer bastante traballo para rematar con estes prexuízos.

3. Dinamización interna con proxección externa

A dinamización lingüística nunha universidade non debe cingirse unicamente á galeguización dos campos académico e administrativo, núcleo duro da nosa actividade, senón que debe abranguer, así mesmo, outras accións non menos interesantes que prestixien e potencien o orgullo de usarmos conscientemente a lingua e que presentamos de seguido.

3.1. Premios e concursos

Desde a posta en marcha da ANL na Universidade de Vigo véñse convocando anualmente un premio de narrativa curta, poesía e tradución que xa vai pola súa XIV edición. Os traballos premiados edítanse anualmente nun volume cofinanciado por Edicións Xerais.

Lonxe de parecer unha actividade lúdica, este premio, a que se poden presentar alumnado, profesorado e PAS, é un alcouve de creadores e tradutores de primeira magnitude para o noso sistema literario e cultural. Moitos dos alumnos e das alumnas premiados son hoxe voces emerxentes da literatura nova que se fai no país (Xabier Xil Xardón, recente gañador do certame Eusebio Lorenzo Baleirón; Silvia Penas, Isaac Xubín, Iago Castro...) e a maioría das persoas gañadoras do premio de tradución xa teñen publicada literatura traducida ao galego das máis diversas linguas: inglés, francés, alemán, hebreo, serbocroata, húngaro, checo, árabe, xaponés... Nomes como Jairo Dorado, Moncho Iglesias etc. son hoxe os de tradutores que prestixian e normalizan o panorama do libro en galego. Estas e outras moitas persoas tituladas na Universidade de Vigo comezaron gañando este concurso.

Alén disto, a Universidade de Vigo é parceira, coas outras dúas universidades galegas, na convocatoria do Premio Luísa Villalta a Artigos e Iniciativas Normalizadoras, que está absolutamente afianzado no panorama lingüístico do país.

3.2. Edición de materiais impresos

Ademais dos denominados por excelencia materiais impresos de normalización (dicionarios terminolóxicos, glosarios multilingües científico-técnicos, normas de estilo, propostas neolóxicas etc.) dúas son as accións normalizadoras novidosas da ANL concretadas en materiais impresos de maneira regular:

- a) A colección *Olga*, concibida en 2007, de textos do galego exterior para serviren de manuais nos centros de ensino das franxas exteriores de lingua galega e, de igual maneira, como ferramenta de difusión no interior da ignorada literatura escrita na nosa lingua fóra da actual fronteira administrativa galega. Así, xa saíron en 2007 dúas edicións de *Évos un amaicer guapo. Aproximación á poesía en lingua galega do Principado de Asturias*, de Xoán Babarro, e unha en 2008 *d'A herdade que nós temos. Historia e escolma da prosa en galego do Eo Navia*, de Suso F. Acevedo. Está no prelo o terceiro pé da literatura eonaviega: *O teatro en galego na terra Eo-Navia*, de Rita Bugallo e temos en preparación (sairán entre 2009 e 2010) unha serie de manuais sobre poesía, prosa e teatro en galego do Bierzo, As Portelas e o Val do Ellas.
- b) En sinerxía co coñecemento e difusión que fai a Universidade de Vigo do noso patrimonio inmaterial desde o Proxecto Ronsel, a ANL promove tamén os *Cadernos de Toponimia*, que comezaron en 2008 coa publicación da *Toponimia do Val do Fragoso. I Coia*, de Iván Sestai, e continuará coa *Toponimia do Val do Fragoso. II Lavadores e III Beade*, que xa están no prelo, de Iván Sestai e Gonzalo Navaza respectivamente. Estes cadernos fanse en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo e supoñen o levantamento microtoponímico máis exhaustivo que se coñece das dezasete parroquias viguesas. O obxectivo non é só o estudo lingüístico e a difusión entre a veciñanza do patrimonio toponímico, senón que é tamén sociopolítico, pois así pode evitarse que moitos microtopónimos desaparezan aproveitándoos para as denominacións de novas rúas, novos edificios, novas prazas etc. consonte o acordo municipal do ano 2000, baixo o goberno do alcalde Lois Pérez Castrillo, ata agora só parcialmente cumprido.

En paralelo a este estudo e á difusión da toponimia de Vigo, e por pedimento do Concello de Lubián, tamén se levantou toda a microtoponimia dos concellos de Lubián e Hermisende, nas Portelas de Zamora, para solicitaren os concellos da Xunta de Castela e León a súa fixación e oficialización plena coas formas autóctonas galegas. O estudo toponímico e a cartografía normalizada destes dous concellos zamoranos será publicada neste ano 2009. O concello portelao veciño de Pías entrará proximamente nesta avinza e, deste xeito, podería producirse un irmandamento entre A Coruña, microtopónimo das Pías, e a cidade da Coruña.

3.3. A Cátedra Ramiro Illa Couto de promoción do galego no exterior

A Cátedra Ramiro Illa Couto naceu no ano 2005 para promover o galego alén das nosas actuais fronteiras administrativas por medio dunha dupla vía: a promoción do galego en universidades e centros de investigación estranxeiros, preferentemente onde non existan lectorados nin centros de estudos galegos; e a promoción do galego nos territorios de lingua e cultura galegas que non pertencen administrativamente a Galicia.

- a) Mediante as axudas da Cátedra Ramiro Illa Couto, ao longo destes anos investigadores da Universidade de Vigo visitaron as universidades de La Habana, Salvador de Bahía, Pequín, Xangai, Bucuresti, Novi Sad, Beograd, Ereván, Bethelém (Belén), Xerusalem etc. Alí impartiron aulas sobre aspectos importantes da nosa cultura (literatura, historia recente, medios de comunicación, sociolingüística etc.) e asentaron os primeiros contactos para a formalización de convenios de cooperación e o establecemento futuro de núcleos de estudos galegos.
- b) Para a promoción da nosa lingua en determinadas comarcas estremeiras fóra do territorio administrativo galego, onde o seu emprego é habitual mais aínda non cooficial, creouse no ano 2005 a Escola de Formación Permanente Fermín Penzol que xa celebrou distintas edicións en Ribadeo (I), Vilafranca-Cacabelos (II), Lubián-Hermisende (III) e Ribadeo Castropol (IV), coa asistencia de máis de 300 participantes e a intervención de numerosos especialistas en diversos aspectos culturais da Galicia interior e da Galicia exterior (lingua, literatura, música, etnografía, patrimonio inmaterial, arquitectura, artes visuais etc.).

Así mesmo, desde a ANL e en colaboración cos concellos de Lubián e Hermisende, puxéronse en marcha as bianuais Xeiras de Lingua e Cultura Galegas nas Portelas, que van pola segunda edición (2005 e 2007) e que como logros prácticos conseguiron a introdución da materia de Lingua Galega no colexio Tuela-Bibei (As Portelas de Zamora) no curso 2006-2007 e a posta en marcha dun curso permanente de galego no IES Valverde de Lucerna, da Pobra de Seabra, dentro do Seminario de Xeografía e Historia²; tamén cómpre salientar a inauguración da Sección de Lingua Galega dentro da biblioteca deste instituto e a celebración desde o 2007 neste centro do Día das Letras Galegas.

² Quixeramos neste punto facer unha especial mención ao traballo que desenvolve un profesor galego de Xeografía do dito centro, quen imparte un curso permanente de galego en horario extraescolar. Entendemos que será a base para que no futuro se imparta Lingua Galega como materia optativa, segundo o convenio asinado entre a Xunta de Castela e León e a Xunta de Galicia, e que rexe con certa normalidade no Bierzo.

En xullo de 2007, en colaboración coa UNEX, organizouse en San Martiño de Trebello (Val do Ellas, Cáceres) un curso de verán sobre as falas galegas de Estremadura, coa asistencia de 80 persoas entre participantes e relatores. A repercusión mediática deste curso foi grande, pois foi inaugurado polo vicepresidente da Xunta de Galicia, Anxo Quintana, e polos alcaldes dos tres concellos galegófonos estremeños.

3.4. Campañas de normalización

Tres son as campañas de normalización que leva a cabo nestes momentos a Universidade de Vigo: unha dirixida a combater o cancro da desinformación sobre os efectos beneficiosos do plurilingüismo no sistema educativo; outra destinada á información para a regaleguización onomástica; e a terceira, de moita menos proxección, mais igualmente efectiva, trata de informar sobre as actividades e servizos que a ANL lle ofrece á comunidade universitaria e que, en moitos casos, a xente descoñece.

- a) *Europa é plurilingüe. Quen sabe galego sabe máis.* Con este claro e sinxelo lema iniciamos unha campaña de información sobre o Decreto 124/2007 en parzaría cos departamentos de educación e normalización dos concellos de Vigo, Pontevedra e Ourense. Para iso deseñamos unha páxina web (o seu enderezo é <<http://webs.uvigo.es/plurilinguismo>>) con diversos contidos: información sobre o significado e os beneficios da educación plurilingüe, o texto do Decreto, carteis, folletos informativos, dípticos etc. que calquera persoa ou entidade podería descargar e distribuír.

Esta campaña está aberta a outras institucións que desexaren sumarse, e neste sentido contamos tamén coa axuda decidida das outras dúas universidades galegas, que fixeron seus os contidos da campaña e os distribuíron; cos tres concellos inicialmente parceiros, que distribuíron non menos de 50 000 trípticos, 30 000 folletos e 10 000 carteis entre alumnado, profesorado e PAS dos centros de cadanseu termo municipal; e coa axuda de numerosas asociacións, concellos, ENL de centros, entidades, particulares etc. de todo o país que descargaron e distribuíron os materiais. Os concellos parceiros organizaron, así mesmo, charlas con ANPA e profesorado que foron impartidas por especialistas en sociolingüística da Universidade de Vigo e que permitiron darlle coñecer ao público en xeral a realidade do dito decreto a través de doutores obxectivos.

Por outra banda, cabe mencionarmos que na liña do plurilingüismo e o contexto social actual, a Universidade de Vigo imparte desde o ano 2008 cursos iniciáticos de todas as linguas que son oficiais no Estado: castelán, éuscaro, catalán e galego.

- b) *O teu nome...coma ti. Chámate con xeito.* Esta foi unha campaña dirixida inicial-

mente á comunidade universitaria, mais con forte repercusión mediática mesmo a nivel estatal. Tratouse de informar sobre o proceso histórico de deturpación da onomástica persoal galega e de como se podería regaleguizar o alterado. Para isto deseñouse unha páxina web formativa e asemade divertida (co enderezo <<http://www.chamateconxeito.com>>), que contiña todo tipo de informacións, unha base de datos (aumentable) de 1.400 apelidos e 2.000 nomes galegos, impresos para solicitar a galeguización da onomástica persoal, informacións variadas sobre distribución xeográfica dos apelidos, as súas orixes etc. O máis impactante da web é o simulador de nomes e apelidos. Calquera persoa pode introducir o nome e o simulador dálle a forma correcta en galego e a forma correcta en castelán; así, un Manuel Seijo Amoedo sabería que o seu nome sería con xeito en galego Manuel Seixo Amoedo e en castelán Manuel Guijarro Alisedo. A partir deste coñecemento, que a persoa elixa chamarse ou non con xeito.

A campaña tivo en escasamente dous meses case 100 000 simulacións o que dá idea do seu éxito. A promoción da campaña fíxose tamén mediante a repartición polas facultades de materiais diversos: xornal de campaña, dípticos, camisetas, bolígrafos, alfombras para o rato, chisqueiros, carteis, bolsas de cartón, adhesivos e mandís e gardamanteis (estes últimos nas cafetaría e comedores dos centros). En xaneiro de 2009 faremos unha nova repartición de materiais, pois a maioría dos soportes están esgotados.

No correo da campaña recibimos moitas felicitacións pola iniciativa e case 300 consultas sobre diversas formas onomásticas. Tamén tivemos que solicitarlles a diversos expertos máis de 50 informes sobre as formas correctas.

- c) *Dálle uso á lingua. Úsaa máis para usala mellor.* Trátase dunha campaña máis doméstica, dirixida especialmente –malia que non unicamente– ao profesorado e ao PAS da Universidade de Vigo. Esta campaña, cuxo obxecto é dar a coñecer a ANL, consiste na repartición de diverso material (camisetas, calendarios de mesa, clips metálicos planos, lapis USB, trípticos, *post-it*, rotuladores reflectantes, caixiñas metálicas de caramelos etc.) co anagrama da ANL e o lema principal da campaña. Detectamos que bastante persoal da Universidade de Vigo non coñecía todos os servizos que lle pode ofrecer a ANL e, en ocasións, había mesmo quen descoñecía a existencia da ANL e solucionaba as súas dúbidas terminolóxicas nos servizos de normalización de concellos. Esta campaña vai destinada a informar dos servizos gratuítos, o asesoramento que ofrecemos e as actividades que dinamización que desenvolvemos.

Quixeramos aproveitar estas páxinas para avanzar tamén algunha liña de acción que pretendemos desenvolver no futuro e que, ao igual que as xa mencionadas, tentaremos que sexa participativa. Así, a mediados de febreiro de 2009 sairá unha campaña

de difusión interna das actividades desenvolvidas e das axudas que a ANL lle ofrece á comunidade universitaria, sobre todo orientada aos campus de Pontevedra e Ourense, que incluírá un concurso de finais de minirrelatos inducidos (danse catro liñas e as persoas concursantes deben crear as catro liñas finais) co tema do uso práctico da lingua. Entre os participantes sortearanse 400 unidades USB de 4 Gb e o mellor relato será premiado cun computador portátil.

4. Ramo

Independentemente das moitas e moi agresivas ou moi amables ou moi simpáticas campañas que poidamos levar a cabo, independentemente dos concursos, edicións, promocións exteriores, axudas á investigación ou cursos de formación lingüística do máis variado, que si poden contribuír grandemente ao prestixio e uso do noso idioma, a extensión do galego na Universidade de Vigo pasará dunha maneira decisiva por que se atenda en breve e en paralelo unha serie de aspectos como os que fomos describindo ao longo deste artigo.

Con todo, a universidade non é unha illa e non pode abstraerse da situación social xeral da lingua. Prestixiar a lingua galega na universidade pode axudala moito no ensino non universitario, na empresa, na administración, na xustiza etc., mais só en sintonía cunha decidida acción social e governamental que aposte pola súa normalidade en todos os campos da vida diaria.

As políticas lingüísticas das universidades galegas na docencia III.

A Universidade de Coruña

XOSÉ LUÍS ARMESTO BARBEITO

Vicerreitor de Profesorado da Universidade da Coruña

A comunicación seguinte consistirá nunha achega de ideas ou reflexións xerais verbo da situación da lingua galega na universidade, en canto institución, e na Universidade da Coruña de xeito particular en canto representante do seu equipo de goberno, en concreto en canto responsable da política de profesorado. Estou certo que moitas delas han coincidir coas xa expostas neste mesmo foro polos meus homólogos das universidades de Santiago de Compostela e Vigo.

En primeiro lugar desexo deixar constancia que a Universidade da Coruña –o seu equipo de goberno– é consciente de que a lingua constitúe un patrimonio social e cultural de importantísimo valor, e así está asumido e entendido na norma fundamental universitaria –os seus estatutos– en que aparece como a lingua propia da Universidade e como a lingua que será o seu vehículo normal expresión, para cuxa normalización se fomentará o seu uso en todas as súas actividades (artigo 5 dos Estatutos da Universidade da Coruña).

Este é o mandato que temos todos os membros da comunidade universitaria –o persoal de administración e servizos, o estudantado e o persoal docente e investigador– e, alén diso, esta redacción, cómpre subliñar, é asumida de xeito unánime polo Claustro Universitario, o máximo órgano representativo. É dicir, ninguén cuestiona o tema, senón que o fondo da cuestión en si está asumido por unanimidade.

Teñamos presente que o mesmo aconteceu no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado polo Parlamento galego no ano 2004 tamén por unanimidade dos tres grupos políticos con representación parlamentaria. Lembro que nel se facía men-

ción a que a Universidade da Coruña aínda non dispuña dun plano de normalización lingüística propio, razón pola cal decontado nos puxemos man á obra –en especial o persoal do Servizo de Normalización Lingüística– até que, finalmente, o 14 de decembro de 2006 o Consello de Goberno o aprobou sen voto ningún en contra. Isto é, o órgano representativo democrático do goberno ordinario da Universidade, onde están representadas todas as sensibilidades e todos os sectores da comunidade universitaria, aprobaba por unanimidade (outra volta a mencionada unanimidade) o documento que debe rexer a política lingüística da UDC nos próximos anos¹.

Insisto no da unanimidade porque son da idea de que se nos órganos democráticos, que é o sistema de que nos dotamos a nivel político e universitario, todos estamos de acordo nas ideas básicas, isto debe constituír un bo punto de partida esperanzador. Mágoa, certo é, que non coincida posteriormente coa realidade ou non se materialice nesta.

Outro dato positivo que desexo achegar procede da análise sociolingüística da Universidade da Coruña, coordinada polo profesor Álvarez Sousa, con datos correspondentes ao ano 2003 e publicada no ano 2005². Da súa lectura tírase que o 96% do estudantado é competente ou moi competente no uso da lingua galega. Isto é, a meirande parte dos 23 000 estudantes contan con competencias considerables en lingua galega. Daquela, onde está o problema á vista da unanimidade predominante nos órganos de goberno e á vista das altas competencias do alumnado? Mesmo parecería que o tema da docencia non debería ser problemática.

Mais a realidade, como lamentaba con anterioridade, é que na Universidade da Coruña apenas se chega ao 10% da docencia en lingua galega. O estudo sociolingüístico desvelou, por tanto, que había e hai un problema que cumpría abordarmos coa mesma seriedade e rigorosidade que calquera outra cuestión resultado da actividade normal da Universidade. Foi así que, ao igual que se fixo nas outras universidades galegas, se trazou un Plano xeral estratéxico para a Universidade da Coruña e, asemade, se procedeu á elaboración dun plano de normalización lingüística universitario, de tal xeito que ambos e dous documentos seguen todas as pautas científicas de elaboración dun

¹ Para unha descrición máis polo miúdo do proceso de elaboración do PNL véxase a colaboración do profesor Freixeiro Mato neste mesmo volume ou visítese a páxina web do Servizo de Normalización Lingüística (<<http://www.udc.es/snl>>) desde onde se pode consultar o documento íntegro e mais a composición da súa comisión de seguimento.

² Álvarez Sousa, A. (coord.) (2005): *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística/Servizo de Publicacións da UDC).

proxecto: pártese dunha realidade obxectiva, fíxanse unha serie de obxectivos xerais e concretos, deséñanse medidas...

Centrareime, a seguir, en dúas medidas moi concretas que lle fixo a Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística á Vicerreitoría de Profesorado para o curso 2007-08.

A primeira consistía en que se incorporase o coñecemento e uso do galego como mérito de capacitación para a cobertura de prazas de profesorado, mentres que a segunda aludía ao recoñecemento –mediante unha lixeira redución da docencia– que cumpría facerlle ao profesorado que por vez primeira se pasar ao uso da lingua galega no plano de organización docente (POD), isto é, ao uso da lingua galega na docencia. Ambas as propostas foron aceptadas por parte do equipo de goberno da UDC e así se incluíron nas normativas de contratación tanto de profesorado contratado como de acceso ao corpo de profesorado funcionario. Tamén na normativa de acceso para profesorado acreditado –os antigos habilitados– estamos a traballar na mesa sindical xunto cos representantes dos traballadores, e nas últimas reunións houbo unanimidade para incluírmos estas peticións da Comisión de Seguimento.

Certo é que aínda non dispomos de datos da progresión ou do aumento da docencia en lingua galega dado que o PNL é aínda relativamente recente e dado que estas medidas se puxeron en marcha no curso 2007-08. Alén diso, notemos que a filosofía deste obxectivo, ao igual que ocorre con outros obxectivos, é de que se recoñeza o incentivo lo go de se cumpriren os obxectivos marcados.

Penso que na Universidade de Santiago e mais na Universidade de Vigo as medidas son moi semellantes. Ocorre que o tema da redución docente pode mesmo chegar a soar mal, mais a realidade indícanos que hoxe en día a actividade dun membro do PDI universitario é docente, de investigación, de xestión, de transferencia do coñecemento... É dicir, trátase dunha actividade moi variada que mesmo parece ir en aumento³, polo que o simple feito de reducir a docencia nin moito menos debería ser visto como pexorativo, senón que mesmo así poderá dispor de tempo para lle dedicar a outros ámbitos da súa actividade.

³ No rascuño do novo Estatuto do persoal docente e investigador presentado hai uns días polo Ministerio as obrigas do profesorado ocupan boa parte do documento, en concreto 8 das 37 páxinas de que consta o documento.

Tocante aos incentivos económicos –como os adoptados pola Universidade de Vigo– poden ser outra solución, mais son da idea de que estas medidas de promoción non deben ser de responsabilidade exclusiva das universidades e coido que así se lle transmitiu á propia Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria no marco da Mesa Sectorial de Universidades, integrada polas tres universidades galegas, a Administración autonómica e as centrais sindicais con representación. Coido lembrar que había acordo entre as tres universidades galegas en incluírmos este tipo de incentivos ligado ás cuestións de calidade e mais nos denominados complementos autonómicos de excelencia curricular. Tamén se contaba co apoio ao respecto das centrais sindicais presentes, mais desafortunadamente foi a Administración autonómica a quen non lle pareceu razoable.

Así pois, para irmos rematando, na Universidade da Coruña cos datos existentes resulta que o persoal docente e investigador non é tan competente en lingua galega como o estudantado, por razóns moi variadas e que non veñen ao caso. Mais de repararmos na outra faciana dos datos, observamos que ao redor dun 30% do profesorado da nosa universidade declara ser moi competente no uso do galego, aínda que imparte as aulas en castelán. Supoño que explicar o porqué desta situación é obxecto da sociolingüística, mais parece claro que entre todos cumprirá esforzámonos para que ese 30% de persoal docente e investigador que é galegofalante siga coa súa lingua habitual cando se incorpore á aula. Quizais este, por aquilo de non sermos excesivamente ambiciosos e marcarmos obxectivos difíciles de conseguir, debería ser o primeiro obxectivo e cónstame que nese camiño se está a traballar. Persoalmente percibo que o xeito máis práctico de o conseguirmos é co establecemento das comisións de normalización lingüística, de modo que sexa ese contorno próximo onde se produza esa incorporación á lingua galega e se consiga avanzar nos obxectivos. Cónstame que está practicamente conseguido na maioría dos centros universitarios e son da idea, reitero, de que debe ser nese ámbito máis próximo onde coa colaboración de todo o colectivo de profesorado se poida avanzar nesa liña.

Por parte do equipo de goberno que aquí represento somos receptivos a todas as medidas que se nos propuxeren, mais o certo é que para as levar a cabo se precisa da colaboración de todos e así mesmo, o cal quizais non é moi habitual escoitar, cómpre termos en conta que a universidade non é o axente principal, ou cando menos non é o único, de normalización lingüística.

O galego no ensino superior

ANTÓN COSTA RICO

Profesor da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela
e membro de Nova Escola Galega

De onte a hoxe

A lingua galega, lingua degradada e degradante, como de xeito acertado escribiu o profesor Narciso de Gabriel á hora de facer unha súa análise histórica, quedou desde o inicio do Antigo Réxime fóra do catálogo das «linguas de civilización» que acompañaron, e a partir do século XVIII substituíron, o latín, como foi o caso do castelán. Por razóns como a anterior e outras ben coñecidas, o galego permaneceu fóra do sistema educativo, singularmente dos centros de ensino superior, ao longo do tempo do franquismo, até que rompendo as normas –non escritas– e convencións burguesas e conservadoras diversos profesores universitarios novos que se incorporaron á docencia universitaria a comezo dos anos setenta decidiron impartir unha parte ou a totalidade das súas aulas en galego.

Nestas circunstancias, inseguras e marcadas pola rebeldía, foi cando se aprobaron a Constitución española de 1978 e o Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, que sentaron a base para a promulgación da nosa Lei de normalización lingüística de 1983. Con todo, cómpre dicirmos que estas normativas xurídicas temperaron algunhas das maiores expectativas, tanto ao colocaren o galego nunha posición netamente secundaria a respecto do castelán como porque todo o relativo á promoción das linguas adoptou unhas formulacións xenéricas e distanciadas, favorecedoras, xunto con outras medidas indirectas e directas, da estabilidade dos usos lingüísticos do castelán no mundo universitario.

Baixo este paraugas raquítico, o Goberno da Xunta dirixido polo PP nos últimos anos veu adoptando unha posición de *laissez faire* en absoluto favorable para que algo mudase de xeito significativo. Así, ao longo dos anos noventa, non se cubriron as esperanzas políticas e normativas dun sector sensible da vida universitaria. Entre tanto, pola súa vez, seguiu avanzando a porcentaxe de castelanfalantes iniciais a través da transmisión familiar dos pais e nais aos fillos nun contexto de modernización e de globalización, e os procesos da carreira docente, coa súa apelación ao uso de linguas internacionais, tornáronse cada vez máis complexos.

Estas son as tres claves do camiño percorrido até a actualidade, en que a pesar da existencia dunha maior normativa universitaria a prol dos usos do galego e de maiores recursos (previsións estatutarias, Plan xeral de normalización da lingua galega, plans de normalización lingüística das universidades galegas, servizos universitarios de normalización) os resultados acadados deben ser considerados insatisfactorios; e en que se precisa, xa que logo, un fortalecemento da vontade política e institucional favorable ao aumento e á consolidación do prestixio e dos usos da lingua na vida e na docencia universitarias. Isto debe traducirse na mellora dos instrumentos normativos, no aumento de recursos técnicos e humanos e no recoñecemento axeitado do esforzo do uso da lingua galega na carreira docente, desde o convencemento de estar a intervir na defensa dun patrimonio cultural da máxima importancia que se atopa seriamente ameazado polo que respecta á súa supervivencia.

Diagnóstico do presente

Polo que respecta ao diagnóstico do presente, existen informes técnicos valiosos que sosteñen o balance que é presentado a continuación:

- O galego conquistou algún prestixio académico visible; hai unha normativa que, aínda que insuficiente e ás veces excesivamente xenérica, permite desenvolver programas de normalización e existen uns recursos imprescindibles para iso.
- A demanda social do galego na universidade non é sólida, nin existe tampouco unha adhesión suficiente do profesorado ou do alumnado para poder avanzar na súa normalización.
- Non existe a convicción xeral de ser o galego un patrimonio que deba conservarse, luírse e comunicarse ás novas xeracións.
- Así como a lingua galega foi bandeira para un sector do profesorado nos anos setenta, non o é cunha similar intensidade para o novo profesorado que se está a incorporar ás universidades desde a devandita década.

- A levidade institucional e política fai que a miúdo non exista ningunha adecuación entre a norma e as prácticas administrativas, de tal maneira que, por exemplo, realizar o esforzo de preparar material didáctico en galego e facelo seriamamente non goza de ningún recoñecemento no estatuto docente e na carreira profesional, queda na marxe dos compromisos persoais, profesionais e éticos. Como consecuencia, impóñense os usos litúrxicos da lingua galega.
- Moitas condutas observables poñen de manifesto que se conservan de forma latente prexuízos relativos á consideración da lingua galega, os cales levan a un enquistamento das posicións ao seu respecto do que actualmente tamén está contaxiada a universidade.
- Nestas circunstancias, cando é clave a presenza de rexistros escritos e non só orais na docencia universitaria para a consolidación da presenza lingua galega, comeza a observarse un proceso de dialectalización do idioma, por unha perda de riqueza e propiedade nas destrezas da fala, lectura e escrita, ao se impoñer un galego «correcto» do punto de vista normativo, mais literariamente insulso.

De modo máis concreto, temos as seguintes percepcións:

- A lingua habitual da maior parte do profesorado universitario é o castelán.
- O uso do galego é máis frecuente entre os docentes homes procedentes de contextos rurais e vilegos, de conviccións políticas nacionalistas, que exercen nos campos das humanidades e en parte das ciencias sociais.
- O uso do galego redúcese segundo aumenta o nivel de formalidade e a categoría profesional dos interlocutores.
- A investigación e a súa divulgación realízanse principalmente en castelán e en inglés.
- A normalización da lingua nunca foi considerada obxectivo estratéxico para as universidades galegas, malia esta ser considerada un patrimonio cultural.
- Os recursos humanos e técnicos dos servizos de normalización das tres universidades para levaren a cabo os diferentes programas de formación, asesoramento, apoio e dinamización son precarios.
- Falta coordinación entre os programas e accións de política lingüística das tres universidades.

Consideración sobre normativas e dispositivos

Chegados a este punto é oportuno lembrarmos a armazón normativa xeral existente:

- Constitución española
- Estatuto de Autonomía
- Lei de normalización lingüística
- Plan xeral de normalización da lingua galega

No ámbito universitario situámonos ante a existencia de diversos recoñecementos da presenza do galego e favorables á súa promoción:

- Estatutos das universidades
- Liñas xerais de programación plurianual e anual
- Plans estratéxicos
- Regulamentos de usos

E ante os seguintes instrumentos:

- Comisións dos claustros
- Servizos de normalización lingüística
- Comisións de normalización lingüística dos centros

Isto é, un conxunto de normativas e dispositivos para atinxir os seguintes obxectivos:

- a) Sensibilizar a respecto da situación do galego a comunidade universitaria
- b) Propiciar que a lingua galega sexa lingua habitual na vida universitaria
- c) Fomentar a súa presenza e o seu emprego nas tarefas de investigación e divulgación dos coñecementos científicos

Con base en tales infraestruturas e recursos, e con distinto nivel de plasmación, desde os tres servizos de normalización lingüística das universidades de Vigo, A Coruña e Santiago comezaron a desenvolverse nos últimos anos diversas medidas como o deseño de cursos e actividades de formación; a codificación e edición de linguaxes técnicas e de instrumentos de comunicación electrónica; algúns apoios á galeguización da documentación docente académica; a convocatoria de premios á calidade lingüística; as axudas á realización en galego de traballos académicos; o asesoramento lingüístico; a observación do uso do galego nas enquisas de avaliación e a atención á defensa dos dereitos lingüísticos dos membros da comunidade universitaria.

Neste camiño, aínda cómpre que sexan puladas outras iniciativas como estas:

- Establecer porcentaxes mínimas de créditos troncais e obrigatorios para seren cursados en lingua galega.
- Conseguir que o uso da lingua galega sexa valorado na produción científica (sexenios).
- Favorecer a existencia de revistas e publicacións académicas relevantes para o conxunto de Galicia.
- Crear a figura do/a coordinador/a da comisión normalización de cada centro universitario, coa oportuna liberación das obrigas docentes.
- Coordinar os programas e liñas de actuación a escala galega.

Profesorado condicionado: dificultades

Unha parte importante das carencias canto á normalización do galego nas universidades ten a ver cos prexuízos, actitudes e usos a que aludimos no diagnóstico do presente. Ora ben, tamén existen prácticas e situacións condicionantes que dificultan o avance na normalización da lingua galega polo que respecta ao profesorado. Dunha parte, hai multitude de materiais didácticos en castelán para a docencia, tanto en soporte de papel como electrónico, que facilitan a actuación do profesorado nos diversos campos da formación, mentres que a existencia destes materiais didácticos en galego é moi inferior. Semella daquela claro que cómpre crealos, o que sen dúbida é posible, mais tamén é sempre custoso, dada a intensidade dos traballos e procesos para a súa confección con garantías de calidade, pois é unha actuación que precisa algún grao de programación e apoios; esta é razón de que, polo momento, quede no ámbito das limitadas capacidades de decisión do persoal docente.

Da outra, temos que considerar a maior febleza do mercado e dos instrumentos editoriais no caso do galego, que dificulta a edición de traballos técnicos, e, así mesmo, a ausencia de valoración, ou a valoración moi limitada e até negativa, que a escala estatal e no ámbito dos plans, programas e instrumentos de política científica e tecnolóxica (CNEAI, ANEP, ANECA e, por contaxio, a ACSUG) reciben estes materiais técnicos unha vez editados. Isto non pode ser xebrado do conxunto da produción científica editada, en tanto que con frecuencia hai íntimas conexións entre a documentación docente e as publicacións académicas e científicas que son valoradas por parte das comisións estatais previstas dentro da Estratexia Nacional de Ciencia e Tecnoloxía.

Velaquí o motivo de falar dun profesorado condicionado. É certo que unha boa parte do profesorado non dedica ningún esforzo, ou ningún esforzo apreciable, cara á normalización do uso do galego na súa docencia, como sería desexable que o fixese; mais tamén é certo que o profesorado que libre e responsablemente pode decidir levalo a cabo está condicionado ao asumir, polo xeral, máis riscos que beneficios palpables no marco institucional en que se move. Sen dúbida, os compromisos cívicos e éticos específicos tamén existen, ora que non son a norma deontolóxica nun contexto institucional democrático e ordenado.

Algunhas referencias de Cataluña

Aínda que as condicións de Cataluña son máis favorables por moitos motivos, tamén eles teñen dificultades ás cales están a facerlles fronte. Algunhas das medidas e realidades alí visibles poden servirnos de suxestión. Por exemplo, o Plano de normalización lingüística da Universidade de Barcelona, aprobado en 1989 e en vigor, recolle actuacións sobre o corpus e sobre o status do catalán nesa universidade. A través dos Servizos de Normalización prevese, entre outras medidas, a corrección e tradución dos programas de todas as materias, de todos os apuntamentos de clase e guións docentes, dos exames e das terminoloxías; isto é, de todo o material docente.

Con este apoio e outras decisións institucionais e políticas xerais, foi posible que no curso 2002 2003 o 64,5% de todas as aulas se impartise en catalán, unha porcentaxe que subiu ao 66,4% dous anos máis tarde. A modo de exemplo, neste curso impartíanse as seguintes porcentaxes de aulas en catalán por titulación¹:

Belas Artes	62,5	Farmacía	72,5
Biblioteconomía	98,1	Filosofía	42,9
Bioquímica	74,9	Física	74,4
Empresariais	37,5	Xeoloxía	92,6
Comunicación Audiovisual	81,8	Historia	74
Economía	58,4	Lingüística	77,3
Dereito	39,2	Matemáticas	77,5
Educación Primaria	86	Medicina	70,4
Lingua Estranxeira	86,7	Pedagogía Social	87,9
Enxeñaría Química	64	Química	75

¹ Información dispoñible no enderezo web <<http://www.ub.edu/slec/socio/curso0203/ensenya.htm>> [Consulta: 13/11/2008].

Nesta similar perspectiva de usos é de notar a importante porcentaxe que acada o uso do catalán na confección das teses de doutoramento en todas as titulacións da Universidade de Barcelona: entre os cursos 1989-1990 e 2006-2007 a porcentaxe sempre se situou por riba do 30%, agás en dous cursos dos primeiros anos da década dos noventa, cunha media do 33,40% sobre un total de 2580 teses; isto é, máis de 850 teses en catalán, 53 delas no curso 2006-2007, fronte ás 5 da Universidade de Santiago de Compostela nese mesmo curso. Os contrastes son rechamantes.

Dez teses e retos

Pola nosa parte, suxerimos as medidas para avanzar na mellora da posición do galego nas universidades que aparecen a seguir:

1. Partir dun concepto forte e implicativo da normalización lingüística. Isto quere dicir que desbotamos socialmente a tese do bilingüismo harmónico e do liberalismo lingüístico, ao entendermos que o desexable é que o uso do galego sexa o habitual para o conxunto dos falantes de Galicia. Isto é, o conxunto debe ter altas competencias lingüísticas, tamén nunha lingua estranxeira, mais o desexable é que sexa habitualmente monolingüe en galego. Por outra banda, esta tendencia debe construírse democraticamente e non por medio de obrigas.
2. Na infancia e na mocidade reside o futuro da lingua. Isto obriga a desenvolver plans e programas a elas destinados.
3. Cómpre unha estratexia mancomunada das tres universidades galegas neste ámbito, canto a normativas, plans e programas, recursos e instrumentos.
4. Deben temporizarse e concretarse os obxectivos, así como os mecanismos de avaliación correspondentes. É absolutamente imprescindible situarse nun horizonte amplo, quizais de dúas décadas.
5. Traballar con vistas a conseguir un incremento progresivo dos usos orais e escritos na docencia universitaria.
6. Potenciar as comisións de normalización dos centros, coa liberación horaria temporal de desempeños docentes para a figura do/a coordinador/a e o aumento dos seus recursos ordinarios.
7. Establecer e apoiar un cadro base de publicacións científicas por grandes campos en Galicia, así como tamén de convocatorias bianuais de premios a traballos científicos en galego nas grandes áreas.
8. Eliminar a nivel estatal, por medio de indicadores de corrección, as limitacións que os textos científicos escritos en galego representan na carreira docente e investigadora, a salvagarda, por outra parte, do rigor académico esixible.
9. Apertura á lusofonía.

O noso modo de estar no mundo non debería ser só e predominantemente a través do español ou do inglés. Desde o galego e desde a nosa cultura, un mundo de riqueza e de oportunidades pode abrirse para nós a través da lusofonía, e isto, que comeza a entenderse no sector económico, debería entenderse na docencia universitaria e na comunicación e o intercambio científico e académico ordinarios. Isto daralles oportunidades á cidadanía portadora, como desexamos, da lingua galega, un patrimonio para o futuro.

A política lingüística na Universidade do País Vasco. Logros e retos

LUDGER MEES

Vicerreitor de Éuscaro da Universidade do País Vasco

A evolución histórica do éuscaro foi tal que cando a finais do século XIX, no momento en que Euscadi se atopa en plena industrialización, a lingua da modernidade era xa o castelán, isto é, xa fora abandonada polas elites sociais e mesmo, sen risco a esaxerarmos, estaba a piques de desaparecer. Afortunadamente, no foi o caso e produciuse unha recuperación da lingua vasca.

Un segundo factor importante que nos condiciona moito en Euscadi –en Galicia coido que houbo máis fortuna– é que para a clásica reivindicación de dispormos dunha universidade propia e pública, como queira que foi un proxecto que nunca foi do agrado dos gobernos en Madrid, tivo que transcorrer moito tempo até se materializar, de modo que non foi realidade até o ano 1980 (os xesuítas chegaron antes). Daquela, a Universidade do País Vasco é unha universidade moi nova que tiña que facer fronte a unha situación moi particular, ao partir practicamente desde cero, polo que en moi pouco tempo tivemos que facer un gran traballo, non sempre todo o ben que sería desexable, para afrontar o tema da normalización e o emprego do éuscaro na universidade.


Se non se produciu esta desaparición do éuscaro e foi posible a súa recuperación, isto ten que ver cuns cantos factores que despois da ditadura franquista se reflectiron en normativa, caso do Estatuto de autonomía de 1979, que define Euscadi como unha autonomía con dúas linguas oficiais, ou máis concretamente a Lei básica de normalización do uso do éuscaro –e outras normas que con posterioridade a desenvolven– do ano 1982, até chegarmos aos estatutos da Universidade, nos cales se fixou «o dereito de estudar e ensinar en calquera das dúas linguas oficiais». É daquela unha obriga que

todos os equipos de goberno da Universidade, independentemente da súa filiación política, deben levar a cabo, do mesmo xeito que a Vicerreitoría de Éuscaro é das poucas –xunto ás correspondentes aos distintos campus– cuxa existencia esta fixada por mandato estatutario.

Respecto á situación sociolingüística de Euscadi, a última enquisa de que dispomos é do ano 2006¹ e nela apreciamos, no que respecta á competencia lingüística, que o 52% da poboación adulta segue a ser monolingüe erdaldún, o 30% é bilingüe (falan perfectamente os dous idiomas) e hai unha franxa dun 20% de «case bilingües» ou bilingües pasivos formada por persoas que o entenden ben, mais non saben falar éuscaro.

Xa dentro da Universidade e en relación co seu persoal docente e investigador, este é un colectivo integrado por máis de 3.700 persoas, contratadas a tempo completo para funcións docentes e investigadoras. O seu perfil lingüístico é o que reflicte o seguinte gráfico: o 36% é persoal bilingüe e o 64% é persoal monolingüe en castelán

Perfil lingüístico do PDI tipo I a tempo completo (3717 persoas; 30/6/2008)




A peculiaridade da Universidade do País Vasco é que todas as prazas de profesorado teñen un perfil lingüístico, isto é, hai que definir previamente á creación dunha praza de docente, se a persoa que a vai ocupar ou cubrir ten que ser bilingüe ou non. Todas esas decisións son da miña responsabilidade, o cal, como vos podedes imaxinar, é

¹ Comisión Rectora de la IV Encuesta Sociolingüística (2008): *IV Encuesta Sociolingüística 2006* (Vitoria-Gasteiz: Servizo Central de Publicacións do Goberno Vasco). Dispoñible no enderezo <http://www.euskara.euskadi.net/r59-738/es/contenidos/libro/iv_inkesta_soziol/es_ink/iv_inkesta_soziolingüistikoa.html>

obxecto de bastantes presións. Os informes meus pasan ao Consello de Goberno que é o órgano que finalmente os aprobe.

Nos últimos catro anos, entre 2004 e 2008, creáronse maioritariamente prazas con perfil bilingüe, é dicir, soamente podían optar a elas persoas que posuían o título de coñecemento do éuscaro. Suman un total de 167. Outras 40 son ampliacións de prazas que antes estaban a tempo parcial e que, mantendo o mesmo perfil bilingüe, se ampliaron a dedicación completa. Unicamente hai catro prazas novas con perfil castelán e, por último, 17 son ampliacións xa comentadas con perfil castelán.


Prazas de PDI a tempo completo. Período 2004-2008



Estes datos reflicten unha aposta moi clara sobre a que máis adiante se explicará o seu porqué. Conviría adiantar, sexa como for, que esta política xerou, sobre todo agora mesmo cando estamos en pleno proceso electoral universitario, polémicas no sentido de se chegar a falar mesmo de «sobredose lingüística», alén dese discurso –que polo que sei tamén chegou a Galicia– de suposta discriminación dos castelanfalantes. Considero que ao se tratar dunha universidade pública esta ten que servir á sociedade e satisfacer as súas demandas sobre as que tamén volverei máis adiante.

Centrándonos no perfil do estudantado, cómpre primeiramente lembrarmos que na Universidade do País Vasco temos un sistema dual, de modo que o alumno ou alumna no momento de se matricular pode decidir se desexa cursar os seus estudos en éuscaro ou en castelán. Hai, por tanto, dous grupos o cal require –e segue a requirir– unha boa cantidade de recursos e que é resultado dunha decisión política, tomada no seu día, e que nos últimos anos se foi desenvolvendo. Tal é así que mentres que no curso académico 2003-04, cando se contaba con 48 900 alumnos, a porcentaxe de matriculas nos

grupos en éuscaro foi do 30%, neste último curso académico a porcentaxe subiu xa a un 41%².



O gráfico anterior reflicte as tendencias dos últimos anos e nel pódese observar que o alumnado que realiza a selectividade en lingua vasca –pódese optar entre o castelán ou o éuscaro– está hoxe en día por riba do 50%, e é continuación ou consecuencia lóxica da liña ascendente que se aprecia na porcentaxe de alumnado na educación preuniversitaria, por así dicir, matriculado en modelos de ensino en lingua vasca. Tamén, como non podía ser doutro xeito, todo isto se reflicte na porcentaxe de alumnado de novo ingreso na nosa universidade que deciden cursar os seus estudos en éuscaro.

Esta tendencia reflíctese moito mellor de analizarmos a nova matrícula, é dicir, a xente que ingresa na UPV e se matricula por primeira vez: en 1993-94 un 17% de alumnado de novo ingreso optou por se incorporar a un grupo en lingua vasca, mentres que o último dato de que dispomos, correspondente a este mesmo curso, indica que xa estamos nun 46% de primeira matrícula que opta por estudar en lingua vasca. Quere isto dicir que, de se manter esta tendencia, decontado vai haber máis alumnado que queira estudar en lingua vasca que en castelán.

Así pois, volvendo sobre o xa comentado acerca do perfil de prazas de profesorado e das prazas creadas con perfil bilingüe, e volvendo tamén sobre as críticas recibidas (lembrems: «sobredose lingüística» e discriminación dos castelanfalantes), semella que á vista da matrícula e das opcións lingüísticas do alumnado a nosa política ten


² Tamén é certo que o número de alumnado descendeu até os 40 064 persoas matriculadas.

unha razón de ser. O problema pasa porque aínda só un 35% do profesorado é bilingüe, mais axiña teremos a metade do alumnado que desexa estudar en lingua vasca. Hai, daquela, un desequilibrio que bastante a miúdo produce situacións polo estilo de que os grupos en éuscaro son máis numerosos, o cal redunda nunha peor atención ao alumnado, mentres que os grupos de castelán son cada vez máis reducidos, consonte decrece o alumnado que desexa estudar en castelán.

Por tanto: Que facemos daquela? Pois a mellor opción, aínda que non a única, entendemos que pasa por crearmos prazas bilingües, posto que a sociedade así nolo pide. Esa e non outra –á marxe de opcións ideolóxicas– é a resposta, pois non supón outra cousa que atendermos, en canto universidade pública, ás demandas que proveñen da sociedade.


Cal é a situación actualmente? Sumadas todas as titulacións observamos que aínda non se chegou a cubrir todo o espectro nas dúas linguas³. En termos de créditos troncais e obrigatorios resulta que ao redor dun 70% se oferta tamén en éuscaro, e por ciclos é o o 1.º ciclo o que está bastante ben cuberto, namentres o 2.º aínda presenta certos desequilibrios, en parte, por problemas de difícil solución. Por exemplo, o 2.º ciclo de Medicina é o ciclo clínico onde as aulas se imparten en hospitais, polo que o profesorado ten que ser persoal médico adscrito a estes hospitais, teñen que ser bilingües e teñen que querer ser profesores nosos a tempo parcial. Non sempre é fácil, daquela, atoparmos un pediatra, por exemplo, que cumpra todas estas condicións.

Créditos troncais e obrigatorios en éuscaro. 1º e 2º ciclos 82007-08)



³ Reparemos, ademais, en que a Universidade do País Vasco é das universidades do Estado español, se non a que máis, que maior número de titulacións oferta, e ademais por mor do sistema dual comentado faino por partida dobre.

Evidentemente, para que poida funcionar a Universidade e tal e como o esixen os Estatutos (lembremos: unha universidade bilingüe) á parte do profesorado, tamén ten que ter certo coñecemento da lingua vasca o persoal de administración e servizos, e neste sector, tamén, todas as prazas teñen asignado un perfil lingüístico.



Obsérvese que hai catro perfís lingüísticos diferentes⁴, mais aínda hai un amplo colectivo que non acreditou perfil lingüístico ningún (trátase, sobre todo, de persoas maiores de 45 anos). É, por tanto, o sector do PAS un ámbito onde hai moito labor de formación por facer.

Ao falarmos dos instrumentos con que tentamos levar adiante a política lingüística na Universidade do País Vasco, en primeiro lugar cómpre mencionarmos a Vicerreitoría de Éuscaro –que conta co seu Servizo de Éuscaro– e cuxa existencia, xunto coas dos campus, está fixada nos Estatutos, o cal lle outorga unha certa importancia. A Vicerreitoría e mais o Servizo suman un total de 15-17 persoas a traballaren, tanto profesorado liberado como persoal administrativo.

Hai, así mesmo, unha Comisión de Éuscaro na Universidade que representa os diferentes colectivos universitarios cuxos membros son escollidos democraticamente, e ten carácter de órgano asesor do vicerreitor ou vicerreitora de Éuscaro para discutir e debater a política que se desexa levar a cabo.

Tamén hai un Instituto de Éuscaro, que igualmente é de carácter estatutario, que se dedica fundamentalmente á investigación de cuestións relacionadas co proceso de normalización do uso da lingua. Loxicamente, en calquera política lingüística é abso-

⁴ Van desde o PL 1 que garante uns coñecementos mínimos até o PL 3 e 4 que garante un coñecemento básico nas catro destrezas lingüísticas (comprensión, fala, lectura e escritura).

lutamente imprescindible fixarmos estratexias e determinarmos os medios a través dos cales se queren alcanzar os obxectivos. No noso caso funcionamos sempre con planos de normalización lingüística, xa levamos dous datados en 1990 e en 1999, e o ano pasado aprobamos outro documento estratéxico que marca os grandes trazos para os próximos cinco anos: o Plano director do éuscaro. Repárese en que xa non leva no seu título o termo *normalización*, por aquilo de expresarmos o feito de que se avanzou, de que desexamos avanzar máis e de que consideramos a lingua vasca como outra lingua máis, co seu estatus de lingua verdadeiramente oficial, cos mesmos dereitos e o mesmo uso que o castelán. Queda atrás, por tanto, unha fase máis precaria, onde cumpría falarmos de normalización, e agora xa se fala de plano director e nel se fixan as liñas da política lingüística tal e como se fai tamén noutros ámbitos de xestión⁵.

Para o ámbito do PAS hai diferentes medidas das cales se cadra as máis importantes están relacionadas co feito de que todos os membros do cadro de persoal de administración e servizos teñen dereito a acudir a cursos de lingua vasca para se formaren e así, no seu caso, acreditar o perfil requirido para o seu posto de traballo. Hai cursos de dúas horas en horario laboral ou cursos de cinco horas intensivos (practicamente a tempo completo) e mesmo está previsto que a Xerencia se encargue de fixar unha persoa substituta co fin de que a persoa interesada poida acudir a eles.

Por outra banda, recentemente puxemos en marcha cinco planos de uso en cadanseu centro nos cales, baixo a supervisión do Servizo de Éuscaro e xunto a unha empresa contratada, se realizan planos de uso con todo o persoal deste centro. Faise unha diagnose, determínase cal e a situación de partida, como se emprega, fíxanse obxectivos a medio e curto prazo (dous ou tres anos) e a posteriori se trazan as políticas para os alcanzar. Tamén hai aplicacións informáticas co fin de que o persoal teña acceso ás fórmulas administrativas máis empregadas, alén dos cursos de perfeccionamento.

No ámbito da docencia a medida máis importante, na miña opinión, é a creación de postos de PDI bilingües de xeito maioritario xa comentada, mais tamén para aquel profesorado que xa forma parte da UPV e non sabe aínda éuscaro hai programas cos cales se lles facilita a aprendizaxe. É un programa para aquelas persoas que xa alcanzaron o nivel oitavo –hai 12 niveis en total– que son liberadas das súas obrigas docentes para que se poidan ocupar a tempo completo e así obteren o seu título (tamén se recorre, se for necesario, a profesorado substituto).

⁵ Pódese acceder ao documento desde a páxina de inicio da Vicerreitoría de Éuscaro da UPV <<http://www.euskara-errektoreordetza.ehu.es/p267-home/es/>>

Tamén hai axudas para as persoas que fóra do horario laboral están a aprender éuscaro. En concreto pagáselles un 80% da matrícula e tamén se inclúen os cursos de perfeccionamento sobre diferentes temas de temática variada.

A seguir, tamén habería que mencionar as axudas para a creación de material docente e tradución de libros que ocupan boa parte do orzamento da Vicerreitoría porque consideramos que no novo marco do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) o material en lingua vasca vai ser moi importante. Tal é así que dispomos de varias liñas de traballo: a tradución ao éuscaro de manuais importantes a partir doutras linguas –o ano pasado publicáronse varios manuais de diferentes ámbitos que suman un total de máis de 4.000 páxinas en lingua vasca–. Son edicións moi caras posto que alén da tradución normal feita por un profesional da tradución, ao seren obras en moitos casos moi específicas no que respecta á temática e á terminoloxía empregada, decidimos contar tamén coa opinión ofrecida por un docente experto da área que se tratar, con perfil bilingüe. Todas as obras contan, por tanto, cunha dobre revisión: a do docente experto que corrixe e valida a tradución e unha corrección lingüística por parte do persoal do Servizo do Éuscaro da Vicerreitoría que homoxeneiza a terminoloxía que se emprega na nosa universidade.

Tamén ofrecemos un servizo de revisión lingüística de material docente daquel profesorado que redactou material docente en éuscaro e ten dúbidas ou defectos.

Por último, dispomos de obradoiros de formación posto en marcha este mesmo curso e que está recollido no Plano director antes mencionado. Funcionan agora mesmo en cinco centros e consisten na reunión de profesorado bilingüe, ás veces coa participación dalgún alumnado avanzado, cun experto do Servizo co fin de falaren de material existente, intercambiaren ideas, canalizaren os traballos de corrección... Veñen a ser unha sorte de foro cun experto co fin de mellorar e avanzar nas medidas de política lingüística.

No que ten que ver co alumnado, tamén hai unha política de fomento do éuscaro no sentido de lles ofrecer axudas económicas a aqueles alumnos e alumnas que decidiron redactar a súa tese de doutoramento. Amais diso, unha medida máis recente é o premio Koldo Mitxelena –famoso lingüística vasco e ex-profesor da nosa universidade– para premiar nas cinco áreas de coñecemento existentes a mellor tese redactada en éuscaro. Non se valora propiamente o seu contido, senón máis ben a súa achega á creación de terminoloxía e ao uso do éuscaro no ámbito de científico. Outórganse a través dun convenio xunto coa Real Academia da Lingua Vasca e están dotados, entre outras cousas, de 2.000 euros.

Para irmos rematando, cabe mencionar outros servizos que son tamén importantes para o profesorado e para calquera persoa interesada. É o caso do convenio co Departamento de Xustiza do Goberno vasco, a través do cal os noso expertos da Facultade de Dereito traducen ao éuscaro determinadas leis e normas básicas que o Departamento de Xustiza do Goberno considera fundamentais (teñamos en conta que estamos a falar dun ámbito moi pouco euscaldunizado).

Xa fóra do ámbito estritamente universitario, grazas a convenios asinados con outras institucións, editamos dúas coleccións de libros de interese para o público xeral. Unha delas inclúe libros de divulgación de temas científicos en que dalgún xeito se combina dous trazos: o tema científico en si, mais tratado un xeito literario e máis ameno. A segunda, pola súa banda, inclúe traducións de obras de autores de pensamento político clásico.

Outros servizos que se ofrecen é o de asesoramento lingüístico para resolver as dúbidas puntuais e tamén un consultorio de prosa modélica actual que vén ser unha escolma de obras literarias e científicas de edicións de varios anos atrás do diario euscaldún *Berría*. Con base nelas creouse un corpus lingüístico que conta con máis de 25 millóns de palabras cuxo obxectivo é o de lle facilitar a calquera persoa que o consultar información acerca do uso que se fai dunha palabra ou termo dado no seu contexto concreto de uso. É, xa que logo, unha radiografía do éuscaro actual, pois adoita pasar que non sempre coincide aquilo que se fala ou escribe co éuscaro que a Real Academia aconsella escribir. Trátase dunha ferramenta moi útil como o demostra o alto número de visitas que recibe.

Finalmente, tamén se publican dicionarios temáticos correspondentes a diferentes ámbitos de especialidade que contan coa coordinación dos nosos profesionais.

Para concluímos e botando a ollada cara ao futuro e aos retos, en primeiro lugar cómpre seguirmos avanzando na oferta docente en éuscaro. O Plano director fixa como un dos obxectivos que, cando menos, no novo escenario de Boloña todos os graos estean tamén en éuscaro (os posgraos recibirían un tratamento específico en función da temática, da procedencia do alumnado etc.). É importante, daquela, na medida en que defendemos o EEES como unha grande oportunidade para a cohesión do sistema universitario europeo, que este non prexudique o emprego e o uso da lingua propia na nosa universidade. De feito, a introdución do inglés estase a facer, sobre todo en materias optativas, mediante un programa específico e en calidade de terceira lingua con especial tino en que non prexudique o uso da lingua vasca.

O penúltimo punto que desexo tratar ten que ver co binomio coñecemento *versus* usos. Trátase dunha problemática moi xenérica, pois non só afecta á nosa universidade, senón á sociedade xeral, na medida en que cada vez temos máis xente que sabe falar éuscaro, mais non medrou do mesmo xeito a porcentaxe de xente que o emprega diariamente. Aquí, entendo, temos que facer unha reflexión no sentido de como incrementarmos o seu emprego, aínda sabendo que é un problema estrutural cuxas claves, ou moitas delas, se atopan fóra da universidade.

Por último, finalmente, desexaría rematar cunha reflexión: nun tema tan delicado e sensible como é a política lingüística, nomeadamente no País Vasco en que sempre hai tentacións de a politizar por unha e outra banda, é moi importante manterse afastado dos extremos e procurar alcanzar consensos os máis amplos posibles, aínda que isto signifique en ocasións ter que ceder. Eu, particularmente, estou ao termo do mandato do actual equipo reitoral e o froito máis importante do labor realizado é o Plano director do éuscaro, do cal estou moi satisfeito que se fixera cun amplísimo consenso dentro do Consello de Goberno, aínda que en período electoral non falten voces que o relacionen con esa sobredose lingüística a que aludía ao comezo e que supostamente provocou a imposición lingüística na Universidade. Sexa como for, parece claro que detrás hai outras razóns e outras cousas que pouco ou nada teñen que ver co debate de cal é a política lingüística que debemos empregar.

Uso do galego no ensino da xeoloxía

JUAN RAMÓN VIDAL ROMANÍ

Catedrático de Xeoloxía da Universidade da Coruña

A utilización do galego na xeoloxía, como en calquera outra ciencia que estea en continua renovación, precisa dun código de comunicación que responda a unha serie de esixencias. A primeira delas é que sirva para expresar eficazmente os conceptos necesarios; a segunda, que exista un vocabulario xeolóxico específico para facelo; e a terceira, a dispoñibilidade de textos relacionados con esta materia, actualizados e modernos, en que as persoas interesadas poidan completar ou divulgar os conceptos que cómpren para a súa aprendizaxe en galego. Como docente e investigador universitario que son, atrévome a engadir unha cuarta esixencia, que é a da apertura das autoridades académicas e científicas á hora de aceptaren, para todos os efectos, coma se estivesen escritos en calquera outro idioma dos comunmente admitidos no uso científico (inglés, francés, español) os traballos escritos en galego.

Descoidarmos ou desprezarmos calquera destas esixencias significa destruír a priori as posibilidades de éxito de calquera idioma que se pretenda promover, neste caso o galego. A capacidade do galego –como idioma estreitamente emparentado co latín– para expresar conceptos xeolóxicos está garantida tanto como a do español, o italiano, o portugués ou o francés, linguas todas elas de raíz latina e que gozan dunha ampla difusión no mundo científico xeolóxico. Alén disto, o galego, como lingua de difusión da cultura e a ciencia, ten unha vantaxe que non posúen outros idiomas minoritarios de España como o catalán ou o éuscara, xa que existe outra lingua emparentada con el, o portugués, que se mantivo até a actualidade como vehículo de comunicación activo en moitos países ou rexións do mundo actual (o Brasil, Angola, Mozambique, as illas Azores, Cabo Verde, Goa, Macau, Portugal) que abranguen unha poboación de douscentos millóns de persoas.

Este feito permite asegurarmos unha doada actualización do galego nos aspectos que foren necesarios. Neste sentido, e pola mesma razón que todos os países do mundo en que se fala o español fican unidos lingüisticamente na Academia da Lingua Española, o galego debería estar incluído, se non o estiver xa, na institución correspondente para o idioma portugués. O principal inconveniente para isto se realizar é a actitude de incomunicación entre as autoridades lingüísticas galegas e as lusas, co agravante de que as mudanzas introducidas ultimamente no galego normativo separan máis do que aproximan o galego do portugués. Esta separación fainos perder a vantaxe inicial de estarmos ligados a un idioma con difusión mundial e achega o galego a outros idiomas minoritarios e de escasa proxección como o vasco e o catalán, se nos cinguímos ao ámbito da península Ibérica. A recente presentación da Academia Galega da Lingua Portuguesa resulta, xa que logo, unha iniciativa prometedora, aínda que é posible que soporte unha forte oposición do sector máis inmovilista e involucionista a este respecto debido á pretendida patrimonialización por algún grupo político de canto estiver relacionado coa lingua.

Polo que se refire ao vocabulario científico en galego, encontrámonos cunha gran cantidade de palabras de etimoloxía latina e grega que son empregadas en todos as linguas de uso científico (francés, inglés, portugués, italiano, español, alemán etc.). Mais alén de incorporarmos ao galego palabras de orixe grega e latina, existen outras propias definidas en galego incorporadas á linguaxe científica internacional e aceptadas por ela. É o caso da palabra de orixe galego «ría», co significado de ‘entrante do mar na terra, producido polo aumento do nivel mariño, que asolaga o tramo final dun curso fluvial’, unha acepción mundialmente admitida na linguaxe científica. Foi recollida en Galicia polo xeógrafo alemán Von Richthofen en 1.900 mentres realizaba unha viaxe arredor do mundo co obxecto de definir todos os tipos de costas e aceptada unánimemente pola comunidade científica.

Se no galego existise un vocabulario parello para definirmos todos os conceptos xeolóxicos existentes, non habería problema ningún para usalo como lingua científica, pois calquera persoa había entendelo como entende as palabras gregas e latinas comunmente empregadas no ámbito da ciencia. Ora ben, isto non é así porque Galicia se incorporou serodiamante ao mundo científico, cando outras nacións como a grega, a romana, a persa, a xudía, a árabe, a india ou a chinesa levaban xa moitos anos inventando termos científicos; nunca chegou a tomar o relevo, o que motivou a súa substitución por outros idiomas como o español, o inglés, o francés, o alemán, o portugués etc. Velaquí o motivo da súa desconexión actual, cando menos no eido da xeoloxía. É sintomático que, no entanto, unha parte moi importante cuantitativa e cualitativamente dos conceptos xeolóxicos actuais poida ser descrita empregándonos

palabras gregas ou latinas, a pesar de que as nacións que falaban esas linguas perdesen hai moito tempo a súa influencia xeopolítica.

A recuperación da lingua orixinal

A recuperación dunha lingua que perdeu o seu uso científico ou de comunicación ao quedar relegada a contextos rurais, por exemplo, ou en calquera caso restrinxidos, realízase procurando na lingua actual ou pasada termos específicos cuxo significado sintetice brevemente un proceso ou concepto xeolóxico. Hai numerosos exemplos na lingua galega, amais do antes mencionado; por poñermos algúns ben coñecidos: fôcaro, lastra, penedo, penedía, pía, cachola, portela, porteliña, teso, pala, tara, pena morta, doelo, pedra de murcio, lousa, pedra de gran, lama que treme, galiñeiro, furna, pedreira, seixo, cadoiro, fervenza, lama, xabre ou sábreo, coído, esteiro, praia, fraga, andar da pedra, ollo de sapo etc., todas elas palabras con significado xeolóxico.

Lamentablemente, a política do Goberno autonómico de Galicia, co seu intento miope de homoxeneizar o idioma e pretender que todos os galegos falen exactamente igual contribuíu e contribúe á desaparición das chamadas diferenzas dialectais, que no fondo son pegadas quizais prehistóricas da forma de falaren dos distintos pobos que conformaron Galicia tal e como é. Agora vai camiño de perderse esa riqueza que existía no idioma galego. O chamado *Atlas lingüístico de Galicia* foi un intento agónico de reparar os danos producidos pola reconstrución artificial dun idioma cuxo destino deciden filólogos sen experiencia noutra ciencia que non for o idioma e que descoñecen os matices que este ten de posible aplicación á hora de se construír unha linguaxe científica xeolóxica actualizada.

Por outra banda, non teño ningunha dúbida de que as posibilidades de construírmos un vocabulario científico completo para a xeoloxía é imposible no intre actual. Ao se deter o progreso da linguaxe xeolóxica cando o galego foi substituído polo español no mundo da ciencia, hai moitos termos que nunca foron creados en galego e que, por tanto, deben ser tomadas ben de idiomas semellantes (portugués, español), ben de idiomas totalmente alleos ao galego, a aceptarmos o termo na lingua orixinal ou traducírmolo literalmente (como se fai noutras linguas), ou ben, o que sería recomendable, procuradas nas vellas palabras do idioma galego prenormalizado.

O ensino da xeoloxía no ámbito universitario

Vistos os inconvenientes de partida, o ensino da xeoloxía pode enfocarse a meu xuízo de dous puntos de vista.

1) O primeiro deles é o dunha inmersión brusca nun idioma artificial creado polos especialistas en filoloxía e que as clases se desenvolvan inmediatamente en galego, de maneira que o alumnado aprenda os conceptos xeolóxicos nun idioma que apenas entenderán outras persoas máis que as galegas; é dicir, illar do mundo o estudantado. Aínda así requírese non só o coñecemento do idioma, senón tamén da materia, polo científico que as imparte; isto é, ter experiencia neste campo e dominar o galego, ambas as dúas cousas non demasiado frecuentes.

Con todo, a inexistencia dun vocabulario actualizado e completo implicaría o uso de moita terminoloxía allea ao idioma, ben tirada do español, ben doutros idiomas (inglés, francés etc.), ou recorrer ao uso dunha linguaxe artificial fabricada por filólogos e filólogas cun total descoñecemento da xeoloxía e que, por tanto, crearían palabras a partir de criterios subxectivos que ignorarían toda a historia que leva á xeración dun termo xeolóxico. Outra opción é a de procurarmos os termos necesarios no idioma máis emparentado co galego, que é o portugués, adaptándoos na medida do posible.

2) Un segundo aspecto moi importante é o de fornecérmolle ao alumnado cando menos unha bibliografía básica polo que respecta a libros de texto actualizados e escritos en galego. Se este recibe as clases en galego, mais non dispón sequera dun libro de texto en galego, o traballo de actualizarmos o idioma ao estudo universitario é practicamente inútil.

O alumnado que aínda nun idioma listo para o seu uso científico como o español non pode recorrer máis que a textos noutros idiomas (inglés, francés etc.) tende a deixar de empregalo e a se expresar naquel en que recibe a información máis actual. No caso do galego, en que apenas existen libros e se os hai foron na súa maior parte realizados por persoas que os traduciron voluntariamente e que non son especialistas no problema da aprendizaxe da xeoloxía, é moi difícil. Isto supón, por outra banda, que a universidade debería pór en marcha unha política de publicación de textos en galego realizados por especialistas que coñezan tanto os diferentes ámbitos científicos como o galego con carácter previo á implantación da nosa lingua nas aulas.

En calquera caso, parece que a historia determinou a substitución do galego polo español por razóns pragmáticas, ao se tratar este dun idioma de ampla difusión e, por

tanto, actualizado ao presente; pola contra, o galego, debido á separación –tamén motivada por razóns históricas– da fala portuguesa, que si mantivo o seu uso, perdeu o seu lugar na vida científica e quedou limitado a ambientes rurais ou literarios. O que se dá en chamar normalización do galego no mundo universitario ou científico tropeza sempre co inconveniente de ver gravemente reducido o seu uso pola limitación do número de usuarios. O máis dramático, en miña opinión, é que nin sequera imos ser entendidos pola comunidade de fala portuguesa, e daquela o antes sinalado divorcio lingüístico entre os falantes do galego e o portugués significará xa a desaparición do galego en temas científicos, xa a súa utilización en ambientes endogámicos, o que novamente implica a súa extinción.

As posibles solucións a estes problemas, son a meu entender, as seguintes:

- 1) O achegamento da lingua galega á portuguesa.
- 2) A existencia dunha política de edición de textos actuais en galego realizados por expertos en xeoloxía co asesoramento gramatical de especialistas en filoloxía galega.
- 3) A aceptación por parte da comunidade universitaria de que un bo texto en galego ten tanto valor como un bo texto en calquera outro idioma, así como do feito de que nunca un mal texto en calquera lingua do mundo de ampla difusión pode valer máis que un bo texto en galego.
- 4) O amor e o respecto por unha lingua de comunicación non se impón, gáñase pola súa efectividade, é dicir, porque serve para entenderse con outros e para transmitir coñecementos, mais cadaquén é libre de usar o código lingüístico que preferir, o cal é unha decisión que os demais deben aceptar e respectar.

Comentarios sobre lenguas y docencia en la Universidad de A Coruña*

PABLO RODRÍGUEZ-VELLANO FERNÁNDEZ-CARVAJAL

Profesor titular de la Escuela Técnica Superior de Ingeniería de Caminos, Canales y Puertos de la Universidad de A Coruña

Ante la pregunta que parece derivarse del título de la mesa redonda *Las lenguas de la docencia en la UDC* de las *Quintas Jornadas sobre lengua y usos*: ¿Cuáles son las lenguas adecuadas para la docencia en la UDC? La respuesta puede parecer obvia, aquellas que las leyes determinan. ¿Y cuáles son las leyes fundamentales que disponen al respecto? Constitución y Estatuto. ¿Y qué establecen dichas leyes? Por un lado la Constitución española establece que:

El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho a usarla (artículo 4 del Título Preliminar, apartado 1)

El Estatuto de Autonomía de Galicia establece que:

Los derechos, libertades y deberes fundamentales de los gallegos son los establecidos en la Constitución (artículo 4)

Nadie podrá ser discriminado por razón de la lengua (artículo 5, apartado 4)

Los idiomas gallego y castellano son oficiales en Galicia y todos tienen el derecho de conocerlos y usarlos (artículo 5, apartado 2)

* A presente colaboración reproducése en lingua castelá por pedimento expreso do seu autor.

Por otra parte, la Declaración Universal de los Derechos Humanos en su artículo 21 establece que:

Toda persona tiene todos los derechos y libertades proclamados en esta Declaración, sin distinción alguna de raza, color, sexo, idioma, religión, opinión política o de cualquier otra índole, origen nacional o social, posición económica, nacimiento o cualquier otra condición.

Más allá de lo que las leyes garantizan, el sentido común (el mío al menos) nos dice que en esta universidad conviven personas que se expresan fundamentalmente en dos lenguas, español y gallego, y que parece lógico que la docencia se estructure en torno a las dos, intentando garantizar al máximo los derechos lingüísticos de los usuarios. Mi impresión es que no existe un conflicto real al respecto. Todos los que aquí vivimos estamos acostumbrados a convivir de manera natural y relajada con ambas lenguas. Otra cosa es que exista cada vez más un conflicto al respecto por parte de los ciudadanos en su relación con las administraciones.

Mi posición es la de reivindicar los derechos lingüísticos que las leyes consagran, y las leyes al fin y al cabo son el reflejo de una sociedad plural en la que conviven, también, personas que en el caso de la ciudad en la que vivimos han escogido de manera meditada (o no), y en cualquier caso libre, expresarse habitualmente en uno u otro idioma.

Creo dar no sólo mi opinión personal cuando afirmo que la mayoría de los miembros de la comunidad universitaria (y del resto de la sociedad) no está demasiado preocupada por los asuntos lingüísticos y que salvo en las áreas de conocimiento en las que las propias lenguas son el objeto de estudio, profesores y alumnos estamos más centrados en nuestras propias parcelas de conocimiento, en un asunto (y creo que esto se aplica especialmente a las disciplinas tecnológicas), que aunque con implicaciones políticas evidentes, no debería de interferir en el verdadero objetivo de nuestro trabajo, la transmisión de conocimientos y la investigación en cada una de nuestras parcelas del saber. Creo que en este asunto, como en los demás, cada uno debería de respetar y de ser respetado.

Si se me pregunta mi opinión al respecto, y aquí emito más que nunca un juicio personal, los idiomas se han inventado para entendernos más y mejor y por ello creo que el objetivo al respecto de la docencia universitaria debería ser poder llegar a desarrollarla en inglés. Considero el inglés un idioma especialmente adecuado en una institución

que persigue transmitir el conocimiento de manera universal. Los desarrollos científicos más importantes se publican en revistas y publicaciones internacionales y se publican en inglés. En inglés se desarrollan las reuniones científicas internacionales y se establecen la mayor parte de los intercambios que culminan con los desarrollos fundamentales del progreso del conocimiento. Y esto ha ocurrido siempre así, los *principia* de Newton también se redactaron en la lengua franca de la comunidad científica del momento (latín). Era el latín el idioma en el que se enseñaba, se producía el intercambio científico y se publicaban los textos fundamentales que pusieron las bases de la ciencia y la tecnología.

Una adecuada notación científica (en el sentido amplio de ésta) es imprescindible para el desarrollo de la ciencia. En palabras de Pierre Laplace (1749-1821) (uno de los principales matemáticos y físicos del XVIII) «...esa es la ventaja de un lenguaje bien construido, que su notación simple es con frecuencia fuente de profundas teorías.» La primera premisa de la *notación* científica es que esté unívocamente determinada y sea de general conocimiento por los que la usan. Quizá sea excesivo hoy por hoy presuponer un conocimiento suficiente del idioma inglés por parte del conjunto de los alumnos. Sin embargo, soy partidario de introducir el inglés en la docencia de manera gradual y progresiva. El idioma de la ciencia es desde hace décadas el inglés, no nos neguemos pues a nosotros mismos el derecho de poder utilizarlo.

A la espera de que los alumnos como conjunto consigan un dominio suficiente del idioma inglés, creo que el intercambio docente entre profesor y alumno y en especial en la trasmisión oral, deberá de hacerse, a mi entender, en la lengua oficial de elección de unos y otros, como por otra parte todos hacemos en nuestros diálogos de todos los días. Otra cosa es que los responsables de la universidad y del resto de las administraciones públicas tengan la obligación de garantizar el derecho de los usuarios (y pienso fundamentalmente en los alumnos) a utilizar el idioma de su elección en todos los ámbitos.

Estamos acostumbrados a que desde las administraciones autonómicas y en especial desde nuestra universidad, se fomente el uso del gallego, lo cual no puede sino parecernos positivo. Otra cosa es que ciertas normas de aprobación reciente consagren que los profesores que impartan docencia en gallego puedan ganar más y trabajar menos.

- Ganar más porque en la normativa de la Xunta de solicitud del complemento a la excelencia curricular de 9 de junio de 2008 se prima con doble puntuación todos los méritos correspondientes a méritos académicos e investigadores redactados en

- gallego (tesis, monografías, documentos docentes,...) aportados por los profesores.
- Trabajar menos porque en la normativa de redacción del POD (2008/200) se estipula que: «o profesorado da UDC, que imparta por primeira vez a docencia en galego ou inglés poderá reducir a súa carga lectiva en 10 horas durante dous cursos académicos».

Esta última medida fue objetada ante el rector por un documento firmado por más de 150 docentes de nuestra universidad que se sienten discriminados ante lo que entienden supone un agravio comparativo.

Las leyes en efecto han de hacerse cumplir, pero la primera premisa de toda norma es que debe someterse a las exigencias de las leyes superiores, y entiendo que ciertas normativas de política lingüística no se ajustan al principio de igualdad de las dos lenguas oficiales recogido en la Constitución y el Estatuto, ni a la garantía de no discriminación de sus usuarios.

Me gustaría acabar este resumen de mi intervención con una cita del filósofo austriaco Ludwig Wittgenstein, con la que el gobierno búlgaro ha empapelado medio país. Cito en la versión original que también utiliza el gobierno búlgaro.

The limits of your language are the limits of your World

As linguas da docencia na Universidade da Coruña e o compromiso coa normalización do galego

XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO

Profesor titular de Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña

1. Algúns breves datos de partida

As tres universidades galegas declaran nos seus respectivos estatutos que o galego é a súa lingua propia e tamén as tres se comprometen a fomentar, promover ou normalizar o seu uso en todas as actividades que desenvolveren. Porén, en ningún caso a docencia en lingua galega sobrepasa a modesta barreira do vinte ou vinte e moi pouco por cento. E a investigación nesta lingua ocupa porcentaxes sensibelmente inferiores.

Con datos do Plano de organización docente (POD) dos cursos 2003/04, 2004/05 e 2005/06 a Universidade de Santiago de Compostela (USC), á cabeza do Sistema Universitario Galego (SUG) neste tema, impartía en galego, respectivamente, o 17.6%, o 17.21% e o 20.14% da súa docencia. Resulta obvio dicir que o resto se imparte en castelán (arredor dun 80%), pois a presenza doutros idiomas é totalmente residual (non chega ao 3% en ningún caso)¹. Os datos que posuímos do curso 1995/96 dannos un escaso 19% de docencia en galego na USC (Rodríguez Neira 1998: 198), o que vén a indicar que en dez anos practicamente a situación non mudou nada. Ou dito con outras palabras, dez anos de política lingüística na USC non conseguiron acrecentar o uso da lingua galega na docencia, que xa andaba polos mesmos parámetros de usos e actitudes na década anterior, aínda que as competencias fosen daquela menores

¹ Véxase unha síntese destes datos en Sanmartín Rei (2007: 62). Para un estudo máis completo sobre a situación do galego na USC pode verse Rodríguez Neira (1998), onde con datos do curso 1995/96 se afirma: «Menos da quinta parte do profesorado (18.9%) explica en galego [...]. O emprego na investigación é máis baixo: traballos de investigación, 5.8% e publicacións, 4.3%» (p. 198).

(Rodríguez Neira e López Martínez 1988). E iso que a USC creou un Servizo de Normalización Lingüística (SNL) modélico dentro do SUG e nese período puxo en marcha un plano de normalización da lingua galega con medidas encamiñadas a incrementar a docencia en galego.

Estes datos da universidade galega máis antiga e significada no ámbito da normalización lingüística contrastan cos que nos ofreceron nestas mesmas V Xornadas sobre Lingua e Usos, Lingua e Docencia Universitaria, e que se poden consultar tamén nestas actas, os responsábeis de política lingüística da Universidade do País Vasco (UPV) e da Universidade Barcelona (UB). Na primeira, a docencia universitaria en éuscaro andaba polo 30% no curso 2003/04, alcanzou o 46% no 2008/09 e calculan superar o 50% en 2010; na UB impártese unha media do 66% da docencia en catalán. Para conseguiren estes resultados constituíu un elemento fundamental o perfil lingüístico das prazas de profesorado: no período 2004-2008 foron 167 as que se convocaron na UPV con perfil en éuscaro, a maioría, en tanto que na UB para todas as prazas se vén exixindo o certificado de catalán, sen que iso impedisese que sexa hoxe a que ten máis profesorado e alumnado estranxeiro de todo o Estado español. E os seus servizos de normalización lingüística non gardan parangón cos das universidades galegas: por exemplo, o da UPV está formado por máis de trinta funcionarios e co persoal eventual e colaborador pode chegar ás sesenta persoas; e o da Universidade de Valencia consta duns 35 funcionarios, alén de persoal bolseiro. Face a estes datos, a USC anda polos cinco funcionarios e a Universidade de Vigo (UDV) funciona só con persoal bolseiro.

Cal é a situación na Universidade da Coruña (UDC)? Canto ao SNL, estivo a funcionar durante moito tempo cunha única funcionaria, a que se uniron no último ano máis dúas persoas aínda en situación eventual, alén dunha directora pertencente ao cadro de persoal docente e investigador (PDI) e, por tanto, con tarefas docentes e investigadoras que atender. Mais interesan sobre todo os datos de docencia en galego: o 6.6% do profesorado emprega só esta lingua e o 2.4% emprégaa maioritariamente, o que suma un total do 9% de uso habitual do galego nas aulas da UDC; o castelán, polo contrario, utilízao sempre o 67.4% e maioritariamente o 20%, isto é, un 87.4% do profesorado da UDC usa habitualmente o castelán nas aulas. Por termos outro dato significativo: cando un alumno ou alumna pregunta en galego na aula contesta só en castelán o 25.4% e maioritariamente nesta lingua o 9.6% do profesorado².

² Véxanse estes datos en Álvarez Sousa (2005a: 173-175). Esta obra recolle unha análise cuantitativa exhaustiva dos usos lingüísticos na UDC con datos do ano 2004. Unha síntese deses datos pode verse en Álvarez Sousa (2005b).

2. Primeiras reflexións

Para tirarmos algunhas reflexións dos datos anteriores convén lembrarmos o que di o artigo 5.2 dos Estatutos da UDC, aprobados polo Claustro en 2004 seguindo todas as formalidades democráticas: «A lingua propia da Universidade da Coruña é o galego, que será o seu vehículo normal de expresión. Para a súa normalización fomentará o seu uso en todas as súas actividades». Como neste órgano universitario están representados todos os sectores e sensibilidades que compoñen a UDC, non debe resultar estraño considerarmos que o contido deste artigo, igual que todos os demais, responde á vontade democrática da comunidade universitaria, que en uso da súa autonomía e dentro do marco legal vixente establece o criterio que considera máis conveniente en materia de lingua. E este consiste en declarar o galego como a lingua propia da institución e en se comprometer a convertelo no seu vehículo normal de expresión, fomentando a súa utilización en todas as actividades que levar a cabo. Tamén semella evidente que a docencia é unha destas actividades, se callar a máis importante, e por conseguinte a UDC fica comprometida nos Estatutos a fomentar o uso do galego nas aulas.

A día de hoxe ese uso é mínimo, un 9% do total, e non garda correspondencia nin co feito de ser a lingua propia nin tampouco coas competencias en galego de alumnado e profesorado, nin tan sequera cos usos lingüísticos declarados fóra da aula de ambos os colectivos implicados, segundo recolle a análise sociolingüística de Álvarez Sousa (2005a e 2005b). Como lóxica consecuencia desta situación, aquelas persoas que sinceramente defendesen unha Galiza bilingüe e unha UDC bilingüe deberían ser as primeiras, por coherencia, en reivindicaren unha política lingüística tendente á procura do equilibrio no uso das dúas linguas na docencia. No entanto, as súas demandas semellan ir en sentido contrario.

Dentro do SUG a UDC ofrece peores datos que as outras dúas universidades neste ámbito da docencia, estando máis da metade porcentual por debaixo da USC³. Os factores que explicarían este feito diferencial da UDC a respecto das outras dúas universidades galegas poden ser: o grande peso que teñen na UDC as áreas tecnolóxicas, onde o galego tivo tradicionalmente escasa ou nula presenza e aínda hoxe carece de prestixio; a porcentaxe relativamente alta de profesorado que veu de fóra da comunidade autónoma; a política hostil cara ao galego do goberno municipal durante máis de dúas

³ En relación coa UPV e coa UB a distancia increméntase dunha maneira radical: do 9% pásase ao 46% na UPV e ao 66% na UB.

décadas; a ausencia de política de normalización durante os primeiros anos de existencia da UDC e tamén a despreocupación da Xunta pola normalización lingüística das universidades; e, en definitiva, a existencia de maiores facilidades para o castelán ou a percepción de esta lingua ofrecer máis oportunidades e mesmo comodidades (máis seguranza no seu uso por inercias e hábitos adquiridos, máis material bibliográfico ou audiovisual, crenza en maiores oportunidades de traballo etc.).

Neste punto convén facermos unha consideración, válida tamén para outros moitos sectores sociais: o feito de que profesorado e alumnado galegofalantes se pasen ao uso do castelán dentro das aulas non implica necesariamente desafecto ou menosprezo do galego. Máis ben semella confirmar esa percepción de o español se presentar como a lingua menos problematizada e, en resumo, máis práctica e rendíbel. Non se debe presupor tanto unha libre decisión de abandono da lingua habitual á porta das aulas como unha decisión inducida e condicionada polas circunstancias que historicamente envolveron o uso das linguas na docencia universitaria. Acudindo a un símil, sería como se se pretendese explicar o éxodo producido na Galiza do século XX desde o mundo rural ao urbano⁴ por unha perda de estima pola aldea e pola casa onde un naceu e morou os anos primeiros da súa vida, para pasar a sentir un maior afecto ou querenza por un medio urbano nun principio descoñecido e hostil. A xente mudou a aldea pola cidade (ou mesmo por Bos Aires, Xenebra ou Hamburgo) porque nesta existían máis oportunidades para traballar e gañar un salario, para educar e abrir posibilidades dun futuro mellor para os fillos e fillas, para recibir atención sanitaria etc. Igualmente, moita xente (e entre ela tamén parte do profesorado e do alumnado universitario) mudou do galego para o castelán por percibir que nesta lingua as oportunidades e os beneficios eran maiores; isto é, por intuír que desa forma estaba a facer o que socialmente se consideraba o correcto. Con outras palabras: por nadar a favor de corrente. Non por libre decisión baseada en razóns afectivo-persoais.

Por tanto, se quixermos que a xente poida exercer libremente as súas opcións lingüísticas, deberemos dotar ambos os idiomas dos mesmos ou parecidos instrumentos e oportunidades, facendo previamente o esforzo necesario para que aquela lingua que estivo durante séculos marxinada e afastada do ámbito formal e culto poida recuperar o terreo perdido. Non podemos xuntar unha persoa doente e unha sa e pórmolas

⁴ De case 200 000 habitantes en 1900 que vivían no medio urbano pasouse a case un millón en 1991 (véxase Rei-Doval 2007: 28). Este feito contribúe tamén a explicar a desgaleguización producida no século pasado, pois se o rural foi o medio natural en que historicamente viviu o galego, o medio urbano foise facendo co paso do tempo cada vez máis propicio ao castelán.

a competir nunha pretensa situación de igualdade. Primeiro haberá que devolver a saúde ao enfermo cuns coidados e medidas que o san, para fortuna súa, non precisa. E isto é especialmente evidente no ámbito universitario galego, onde a lingua propia tivo sempre, até hai ben pouco, as portas fechadas, pois desde a creación da USC, hai máis de cinco séculos, as linguas da docencia foron primeiro o latín e o castelán, logo só o castelán e nunca o galego. Após ese longo período de 500 anos de marxinação universitaria, non se merece o galego un plus de compensación? Non existe unha débeda histórica coa lingua do país que estivo fóra das aulas en períodos en que era falada case polo 100% da poboación? De non ser así, a que vén denominármola estatutariamente lingua propia da institución?

3. O compromiso lingüístico da UDC

Son algunhas das consideracións anteriores as que explican a necesidade de as universidades galegas, e máis en concreto a UDC, se comprometeren coa normalización do galego, especialmente no ámbito da docencia. E fálase de normalización do galego e non do castelán, pois é o primeiro o que está nunha situación de anormalidade ao non alcanzar nin o 10% de presenza na docencia a pesar de ser declarado como lingua propia da institución. Ou resulta que a lingua que ocupa arredor do 90% da docencia e que é social e historicamente dominante tamén precisa da súa normalización? O castelán fálase máis dentro da aula do que fóra dela.

Alén do compromiso democraticamente adquirido pola UDC nos seus Estatutos, xa referido anteriormente, no ano 2005 aprobou sen votos en contra un Regulamento de usos da lingua galega que pretende garantir o dereito a utilizar esta lingua en todos os ámbitos da actividade universitaria e regular o seu uso institucional. Tamén a UDC aprobou un Estatuto do estudantado que no seu artigo 23.2 di: «Os estudantes terán o dereito a que a Universidade se dirixa, en todos os niveis e relacións, en galego, así como á recepción da actividade docente, sen prexuízo dos dereitos de terceiros». E a finais de 2006, após un proceso longo de debate e reflexión, canalizado a través dunha comisión representativa dos diferentes sectores e sensibilidades nomeada polo Consello de Goberno en abril de 2005, este mesmo órgano aprobou, tamén sen ningún voto en contra, un Plano de normalización lingüística (PNL) cuxa posta en funcionamento se iniciou en 2007 so a supervisión e control dunha Comisión de Seguimento (CS) nomeada tamén en Consello de Goberno. Procedemento, pois, impecabelmente democrático que non contou coa oposición interna de ningún sector da comunidade universitaria. Entre as medidas do PNL dirixidas ao PDI, trece en total, as catro primeiras son as seguintes:

- a) Valoración do dominio oral e escrito do galego en calquera tipo de concurso a prazas de profesorado, dentro da tendencia a ofertar unha docencia en lingua galega en todas as titulacións que se equipare coa oferta en castelán.
- b) Inclusión nos programas de calidade da fixación de obxectivos, cuantificados e con prazos, de incorporación progresiva da docencia en galego, tanto en cada departamento como en cada titulación no seu conxunto.
- c) Estabelecemento dun mínimo de créditos troncais e obrigatorios, cando menos un terzo, para seren impartidos en idioma galego, tanto en cada departamento como en cada titulación no seu conxunto.
- d) Apoio instrumental ao profesorado que estea disposto a impartir a docencia en galego (PNL, 46).

Nestas medidas está contemplado un horizonte prudente e realista para ampliar a docencia en galego. Por unha parte, márcase a tendencia á equiparación entre galego e castelán, sen fechar a posibilidade á presenza de novas linguas, sobre todo o inglés; por outra, fíxase un mínimo de un terzo da docencia en galego como obxectivo estratéxico⁵. Na procura de levar adiante estas medidas e con base especificamente na última das sinaladas anteriormente, a CS do PNL da UDC acordou diferentes iniciativas, xa postas en funcionamento ou en execución, tendentes a facilitaren a formación do profesorado e do alumnado: oferta de cursos presenciais de lingua galega á carta para calquera centro ou colectivo que así o solicitar, preparación dun curso de formación en liña para toda a comunidade universitaria, edición dun CD con todos os recursos e ferramentas dispoñíbeis en lingua galega, distribución dunha síntese gramatical do galego, publicación de vocabularios especializados sobre todo das titulacións máis necesitadas a este respecto, reiteración da dispoñibilidade do SNL para colaborar co profesorado na revisión ou tradución dos seus materiais docentes, apoio igualmente do SNL ao alumnado que o precisar etc.

Tamén acordou a CS dirixirse á Vicerreitoría de Profesorado para que estudase a posibilidade de ofertar algún tipo de redución horaria para aquel profesorado que se incorporase á docencia en galego por primeira vez e só como apoio inicial ao esforzo

⁵ Nestas mesmas xornadas o vicerreitor de Relacións Institucionais da UDV falaba da tendencia a un modelo lingüístico con un terzo en galego, outro terzo en español e outro en inglés na súa universidade, que contrasta xa co case 50 en éuscaro da UPV e cos dous terzos en catalán da UB.

requirido pola mudanza de lingua. Trataríase de facilitar o paso, non doado, á utilización dunha lingua diferente da que se viña usando anteriormente, para cuxa materialización o propio profesorado tiña demandado incentivos específicos. A partir da consideración de que o galego é a lingua propia da institución e de que a UDC está inserida no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) que fai do respecto pola diversidade cultural e lingüística un dos seus sinais de identidade, o uso do galego na docencia debe ser considerado como unha marca de calidade e como tal debe ser incentivado, como se incentivan outros índices de calidade. Se un 17.7% do PDI da UDC declara que se debe impartir toda a docencia en galego ou maioritariamente nesta lingua e o 59.9% en galego e castelán por igual, face a un 13.8% só ou maioritariamente en castelán (Álvarez Sousa 2005a: 257), e se un 42.3% do PDI se mostra disposto a impartir aulas en galego e a un 15.5% lle é indiferente facelo nunha ou noutra lingua, fronte a un 34.9% que non estaría disposto a dar aulas en galego (Álvarez Sousa 2005a: 261), fica claro que é preciso facermos algo para traducir á realidade tal vontade ou dispoñibilidade, moi lonxe dese 9% actual.

En resposta á solicitude da CS, a Vicerreitoría de Profesorado incluíu na normativa do POD para o curso 2008/09 a posibilidade de redución de un crédito de docencia (10 horas ao ano) durante dous anos (20 horas en total) para aquel profesorado que se incorpore á docencia en galego ou en inglés, redución que deberá ser expresamente solicitada e concedida *a posteriori*, unha vez xustificada documentalmente. É moito concederlle á lingua propia da institución o mesmo tratamento de favor que a unha lingua estranxeira após 500 anos de total marxinación na docencia universitaria? Pode entenderse esta como unha medida discriminatoria para os que imparten aulas en castelán? O tema préstase á fácil demagogia, mais vinte horas de redución de docencia en dous anos para que o profesorado se adapte á mudanza de lingua non parece nin exaxerado nin discriminatorio, pois parecidas reducións horarias recolle o POD para outras actividades que leva a cabo o PDI e que implican tempo e dedicación, como dirección de teses de doutoramento, participación en proxectos de investigación etc. Ou é que tamén se debería aplicar a mesma medida ao castelán, lingua que todos e todas temos o deber constitucional de coñecermos e que foi lingua única do ensino básico, medio e universitario na Galiza durante séculos?

Similares argumentos se poderían dar para a puntuación pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG), especificamente, da formación en galego ou da elaboración de materiais didácticos nesta lingua para a obtención dos complementos de excelencia curricular, entre outros moitos criterios, tendo en conta que as tres universidades do SUG declaran o compromiso de fomentar e normalizar a lingua galega, considerada un valor que cómpre protexer e, por tanto, tamén marca de calidade

na vida universitaria. O lamentábel, a meu ver, é que non se recolla expresamente a docencia nesa lingua como mérito, medida que acharía plena xustificación nese compromiso adquirido polas universidades e na necesidade de estas contribuíren á preservación do patrimonio cultural da sociedade a que se deben e á manutención da diversidade lingüística dentro do EEES. A isto debemos acrescentar a percepción xeral entre o PDI que investiga e publica en galego de que a utilización desta lingua resulta penalizada na avaliación dos tramos de investigación do profesorado para a obtención dos sexenios⁶.

En síntese, a UDC adquiriu claros compromisos no uso e normalización do galego, tamén na docencia, e no cumprimento deles debe persistir e afondar, co convencemento de que está a levar a cabo a vontade democrática da comunidade universitaria expresada a través dos seus diferentes órganos de representación. De certo que co máximo consenso posíbel, con diálogo e con respecto por todas as persoas e colectivos, mais tamén sen se deixar levar por tendencias e inercias que convidan ao inmovilismo.

4. As diferenzas entre o ensino universitario e o non universitario na regulamentación do uso das linguas

A evidencia da desproporción entre o galego e o castelán na docencia da UDC fixo que no desenvolvemento destas xornadas as persoas que se opoñen á normalización da lingua galega derivasen as súas críticas e argumentario cara aos modestos incentivos para o uso do galego (as 20 horas de redución na UDC e as puntuacións da ACSUG) e sobre todo cara ao Decreto 124/2007 que fixa un mínimo do 50% das materias en galego para o ensino non universitario. Se realmente o seu obxectivo fose unha Galiza bilingüe (e non monolingüe en castelán), apoiarían os incentivos no SUG até chegar ao equilibrio entre as dúas linguas na docencia universitaria e traballarían para que todos os centros do ensino básico e medio chegasen ao 50% que marca a lei (e que se incumpre na maioría deles) e para que, en todo o caso, non se superase; aínda así, o galego ía ter moi difícil a equiparación real co castelán polo déficit histórico acumulado.

⁶ Sobre este aspecto véxase Nogueira López (2006: 77): «debido aos criterios de avaliación que se aplican, a protección dos dereitos lingüísticos do profesorado e a normalización da lingua no ámbito da investigación resulta non só preterida senón claramente desincentivada». A respecto do uso do inglés como lingua internacional única para a investigación, véxase Moure (2006: 108): «Soster que o inglés é un requirimento imprescindible para a investigación soa, logo de reflexionar sobre estas realidades, tan infantil como dicir que o papel cuadrículado é imprescindible para a matemática ou que a música instrumental non se tería desenvolvido sen o Mp3».

É certo que hai un tratamento diferenciado da Administración canto aos usos lingüísticos no sistema universitario e nos niveis inferiores de ensino, derivado nomeadamente do recoñecemento do principio de autonomía universitaria. Porén, esta mesma autonomía debía ser a que comprometese máis responsabelmente as universidades galegas coa promoción da que declaran ser a súa lingua propia. E non, precisamente, amparárense nela para manteren o galego nunha situación de total marxinalidade na docencia, como se non fosen conscientes do papel que desempeñan e das obrigas contraídas coa sociedade a que se deben. O Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) sinalaba como un dos puntos francos o seguinte: «Falta de conciencia no mundo educativo e universitario do seu efecto desgaleguizador» (p. 34). Con efecto, as universidades galegas hoxe, como antes fixera durante séculos a USC, están contribuíndo á desgaleguización da sociedade, en contra dos obxectivos que as tres proclaman nos seus estatutos e normativas internas.

A causa fundamental desta realidade, alén da inercia histórica que semella xustificar todo, vén tamén recollida no PXNLG: «A normalización lingüística nunca foi considerada un obxectivo prioritario ou estratéxico das universidades» (p. 85). Outros puntos fracos que se sinalan no mesmo plano son: que o ensino superior é un espazo «moi castelanizado e moi refractario á presenza normal da lingua galega», que a docencia en galego continúa a ser «moi inferior á docencia en castelán», que a investigación se realiza «principalmente en castelán ou en inglés», que existen áreas de coñecemento «cunha moi escasa implantación do galego (áreas tecnolóxicas ou científicas, por exemplo)», que faltan recursos humanos propios para a normalización, que non hai coordinación entre as políticas lingüísticas das tres universidades⁷, que a «formación universitaria dos futuros docentes nos distintos niveis de ensino non os capacita suficientemente para desenvolver o seu labor en galego e para seren axentes normalizadores» etc. (PXNLG 86). Tamén se sinalaban dous puntos fracos moi concretos: que as universidades de Vigo e da Coruña non tiñan aprobados aínda planos de normalización lingüística, que hoxe xa teñen, e que os servizos lingüísticos destas dúas universidades estaban nunha situación de precariedade «sobre todo a nivel de recursos humanos», situación que mellorou algo mais que fica moi lonxe duns mínimos exixíbeis, sobre todo se a compararmos coas universidades vascas, catalás ou valencianas antes referidas. Como expuxo publicamente nas xornadas algún dos representantes destas universidades, para avanzar na normalización lingüística eses servizos constitúen pezas fundamentais.

⁷ Existe unha proposta de coordinación en Sanmartín Rei (2007) que por diversas razóns, entre elas se callar o pouco interese da SXPL e certa desidia de todas as partes, aínda non se intentou seriamente levar á práctica.

Porén, existe no propio PXNLG un tratamento moi diferenciado para o ensino universitario e para o non universitario canto ás medidas aprobadas. En tanto para o primeiro se limitan tales medidas á creación dunha comisión estábel de coordinación entre a Xunta e as tres universidades (aínda non creada), ao incremento da bibliografía en galego coa edición ou tradución de obras a comezar polas áreas máis deficitarias, á publicación de vocabularios e dicionarios de especialidade, aos cursos de formación ou á implantación do voluntariado lingüístico (PXNLG 107), case todas elas timidamente iniciadas dunha ou doutra forma, para o ensino non universitario a batería de medidas aprobadas é moito máis ampla e diversificada (PXNLG 95-106) e entre elas resaltan, pola concreción e transcendencia, as que fixan ese mínimo do 50% en galego. Así, a partir dun complemento circunstancial diferente («Na educación primaria», «Na educación secundaria obrigatoria», «Nos bacharelatos», «Nos ciclos formativos») insírese nos catro casos o mesmo texto prescriptivo: «garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego» (PXNLG 103-104).

Por que non se incluíu aquí tamén o ensino universitario? Supondo que fose a autonomía universitaria a que o impedise, nada empecería que, invocando esa mesma autonomía, as propias universidades galegas adoptasen medidas similares. Se a UPV alcanzou en tan pouco tempo case ese 50% en éuscaro, a pesar das dificultades que presenta a aprendizaxe desta lingua, aquí teoricamente debería ser moito máis sinxelo conseguírmolo. Mais, como dixemos, isto non é apoiado por aquelas persoas que se declaran defensoras dunha Galiza bilingüe. No entanto, centran as súas críticas no ensino primario e secundario e falan de imposición e atentado contra as liberdades individuais e contra os dereitos das crianzas e dos pais e nais. Deteñámonos un pouco nesta cuestión.

Por unha parte, se quixermos chamarlles imposición, todas as leis, decretos e normativas diversas que promulgan os gobernos en exercicio das súas responsabilidades e competencias o son por igual. Mais estamos nun sistema democrático e nel os gobernos confórmanse de acordo coa vontade popular emanada das urnas após un proceso electoral en que os diferentes partidos realizan as súas ofertas programáticas. Pois resulta que neste caso todos os partidos que obtiveron representación en 2005 no Parlamento galego, en 2004 aprobaran por unanimidade o PXNLG que inclúe esa medida que literalmente propugna que se debe «garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego». E nos seus respectivos programas electorais incluían como propostas o cumprimento do PXNLG. Onde está, pois, a imposición dunha minoría, o engano ou o quebranto da vontade popular? Engano sería precisamente non cumprir o aprobado e prometido. E téñase en conta que en 2004 gobernaba con maioría absoluta o Partido Popular e por tanto ostentaba a Dirección Xeral de Política Lingüística, impulsora e materializadora do PXNLG.

Por outra parte, non existe un dereito de opción lingüística de pais e nais derivado do dereito á educación do artigo 27 da Constitución española, como afirma Nogueira López con base na Sentenza do Tribunal Constitucional 214/1989 do 21 de decembro⁸:

O dereito á liberdade de elección no ámbito da educación non entra, por tanto, na materia lingüística. Esta formaría parte do contido prestacional e organizativo da educación que é competencia dos poderes públicos [...]

E por iso os poderes públicos –o Estado e a Comunidade Autónoma– están facultados para determinar o emprego das dúas linguas que son cooficiais nunha Comunidade Autónoma como linguas de comunicación na ensinanza, de conformidade co repartimento competencial en materia de educación.

Queda claro que o TC non recoñece dereitos de opción lingüística que poidan condicionar as libres opcións normativo-organizativas que poidan adoptar tanto o Estado como as comunidades autónomas no ámbito competencial que lles é propio a cada unha delas (Nogueira López 2008: 89-90).

Tampouco o alumnado ten dereito a escoller a lingua en que quere que se lle imparta a docencia, pois en caso contrario o funcionamento do sistema educativo mesmo se podería tornar inviable (pensemos no caso dos emigrantes, por exemplo), e ao mesmo tempo hai pais e nais que non atenden á lingua habitual dos seus fillos ou fillas e deciden escolarizalos en inglés, francés ou alemán sen contaren coa súa opinión. Ao que ten dereito o alumnado galego, de acordo co ordenamento legal vixente, é a que ao final do seu proceso formativo se lle garanta o dominio por igual de ambas as linguas oficiais da comunidade e para iso as autoridades educativas deberán tomar as medidas que consideraren convenientes. Afirma a mesma autora a este respecto:

Nexte contexto, os menores na relación educativa, do mesmo xeito que os funcionarios, están incardinados nunha relación de «suxeición especial coa Administración». No marco desa relación son os poderes públicos os que deben adoptar as medidas organizativas para dar cumprimento ao obxectivo de garantir un coñecemento e uso correcto de ambas as linguas (Nogueira López 2008: 91).

⁸ Esta sentenza establece: «non existiu lesión ningunha do dereito á educación garantido polo art. 27 CE, pola moi simple razón de que ese dereito non inclúe, como contido necesario, o de opción lingüística como o recorrente pretende» (en Nogueira López 2008: 89).

Polos mesmos motivos o profesorado tampouco pode invocar dereitos individuais para se negar ao uso do galego nas aulas:

O profesorado atópase tamén no marco dunha relación de suxeición especial coa Administración que configura os seus dereitos lingüísticos. Estes dereitos lingüísticos vense limitados polas determinacións que establece a Administración en canto á lingua de comunicación nas diversas materias curriculares. Na medida en que ese profesorado acreditou a súa capacitación lingüística no acceso á función pública docente, non pode alegar, no marco dunha relación de suxeición especial condicionada polos contidos formativos fixados pola Administración, a titularidade duns dereitos lingüísticos contrarios ao cumprimento deses contidos (Nogueira López 2008: 93).

En conclusión, non hai imposición do galego no ensino non universitario nin privación de dereitos de ningún dos colectivos implicados. O que hai é unha regulamentación dos usos lingüísticos nas aulas do ensino primario e secundario realizada polas autoridades competentes en función da vontade maioritaria da sociedade expresada a través das canles democráticas establecidas. O mesmo se podería aplicar ao ensino universitario, aínda que aquí existe unha evidente falta de regulamentación do uso das linguas na docencia que prexudica a lingua máis débil, o galego neste caso. As linguas dos grandes estados non precisan leis nin protección especial, as minorizadas si.

5. Os horizontes da normalización na UDC

A UDC ten dúas linguas oficiais, galego e castelán, mais só o primeiro é declarado lingua propia da institución que debe ser promovida e normalizada. A pesar disto, presenta un punto fraco moi evidente: o da súa escasa utilización como lingua da docencia. Para o corrixir é preciso valorar o esforzo que ao profesorado lle supón mudar de lingua e por iso son necesarias axudas e incentivos que faciliten o paso. Porén, o profesorado e o alumnado tamén deben percibir que a UDC aposta decididamente polo galego como lingua da docencia, sen vacilacións nin complexos. Unha vez que democraticamente a institución aprobou o seu PNL, este debe ser levado á práctica con prudencia e con todo o consenso posíbel, mais tamén con firmeza, transmitindo seguranza na aplicación das medidas e sensación de seriedade en todo o relativo á normalización da lingua. A isto deberá contribuír igualmente unha política conxunta e coordinada neste sentido de todo o SUG e o apoio e impulso da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL).

A firme aposta por unha política lingüística eficaz e coherente a prol do galego ha de ir acompañada dunha mellora significativa na dotación do SNL, que terá de incrementar substancialmente o seu cadro de persoal e os seus medios materiais para poder organizarse en áreas de traballo (formación, dinamización, terminoloxía, administración...) que permitan optimizar os recursos e lograr resultados a curto e medio prazo. Neste momento o SNL da USC aínda é unha referencia válida, mais cómpre pormos a ollada noutros servizos de que tamén se falou nestas xornadas (caso das universidades do País Vasco, Barcelona e Valencia).

Cómpre igualmente realizar actividades que contribúan a desfacer preconceptos aínda operantes no ámbito universitario. A aprendizaxe e uso do galego, única lingua presente na vida universitaria co seu porvir ameazado, non resulta incompatible con outras linguas, que teñen un espazo garantido no futuro da UDC. Tampouco o galego presenta ningunha anomalía que lle impida ser válido para o ensino da matemática, da física ou de calquera enxeñaría, como moi ben deixou patente o profesor Moreno Cabrera na súa palestra nestas xornadas e nos ensina nas súas obras⁹. Aliás, o emprego da lingua propia na docencia universitaria non resta afluencia de alumnado nin profesorado de fóra, como ben demostran os casos das universidades catalás ou vascas, a se converter polo contrario en máis un atractivo para a escolla desta universidade, pois permite o achegamento a unha nova cultura e o coñecemento doutra lingua romance que xerou unha rica literatura xa na época medieval e que abre as portas ao mundo de expresión en portugués, unha das linguas máis faladas no mundo¹⁰. Tal vinculación do galego co mundo lusófono debe ser aproveitada como máis un factor de prestixio e utilidade para o idioma propio.

Neste mesmo sentido, a proposta de sesquilingüismo (plurilingüismo pasivo ou receptivo) que realiza o profesor Moreno Cabrera (2006) tórnase especialmente proveitosa para nós, pois con moi pequeno esforzo as persoas galegas poden adquirir altas competencias nas variedades galega, portuguesa, brasileira e inclusive africana do mesmo sistema lingüístico galego-portugués, alén de ampliaren a súa competencia

⁹ Citaremos só unha, polo explícito do seu título: *La dignidad e igualdad de las lenguas* (Moreno Cabrera 2000), onde combate con grande sabedoría e eficacia todos os preconceptos acumulados sobre as linguas, especialmente as minorizadas.

¹⁰ Neste sentido partillo totalmente a opinión que o profesor Vidal Romaní expuxo nestas mesmas xornadas sobre o necesario achegamento do galego ao portugués, que non é outra cousa máis que a volta ás súas orixes, pois o portugués non deixa de ser o galego falado en Portugal, no Brasil e noutros territorios, debido a que naceu na Gallaecia histórica e a que o propio Portugal xurdiu dunha división do reino medieval da Galiza.

pasiva ás outras linguas romances de Europa¹¹. Se a isto acrecentarmos o coñecemento, embora só fose pasivo, do inglés, a situación lingüística da nosa comunidade podía tornarse envexábel: dominio activo do galego-portugués e do castelán e pasivo dos outros romances e do inglés. O modelo sesquilingüista é o que pode preservar a diversidade lingüística de Europa, incluídas as linguas minorizadas, e de facto xa se vén practicando nos países nórdicos (Suecia, Dinamarca e Noruega) ou mesmo en África¹². As universidades galegas podían adaptar ou aproveitar as vantaxes deste sistema, que permitiría tamén unha mellor integración do alumnado de intercambio e unha alta rendibilidade para este, en termos de coñecementos lingüísticos, na súa estadia nas nosas universidades.

A aposta en exclusiva polo inglés, ou o que é o mesmo, investir todo o esforzo, tamén económico, na aprendizaxe deste idioma, pode presentar algúns problemas. Por unha parte, supón rendérmonos ao imperialismo lingüístico (Phillipson 1992), ligado sempre ao poder económico e militar dominante en cada momento, que máis tarde ou máis cedo acaba por mudar e que obrigará a termos de aprender outra lingua diferente (talvez o chinés?)¹³, e supón tamén renunciarmos ao enriquecemento cultural que nos achegan as linguas próximas: é lóxico ou razoábel, tanto en termos culturais como económicos, que un español, un francés, un italiano e un portugués, por exemplo, acudan ao inglés para se comunicaren entre si? Con canto menor esforzo o poderían facer nas súas respectivas linguas!..., contribuíndo dese modo á manutención da diversidade cultural e lingüística que caracteriza Europa e, en definitiva, á defensa da

¹¹ Sería como unha primeira fase, logo ampliábel a todas as linguas romances, do 'sesquilingüismo cooperativo xenético' de que fala Moreno Cabrera (2006: 66-67): «Se trata de promover la intercomprensión entre todos los hablantes que usan lenguas que pertenecen a la misma familia lingüística. Es en ese ámbito donde el sesquilingüismo cooperativo tiene el terreno más abonado».

¹² Véxase Moreno Cabrera (2006: 77-78). Unha aproximación ao sesquilingüismo entre algunhas linguas romances de Europa pode verse en Schmidely, Alvar e Hernández (2001).

¹³ Iso parecía xa suxerir o catedrático da UDC que pronunciou a palestra inaugural do curso 2008/09, José María Castellano, que cunha visión totalmente economicista do papel das universidades, propugnaba un trilingüismo das dúas linguas oficiais e mais o inglés, con énfase neste último e nun discurso lido en castelán que ignoraba a lingua propia da institución mesmo en actos formais e rituais dese tipo, onde o galego parecía ter gañado a posición. Sorprende que nesa visión tan pragmática da universidade e das linguas non achase ningunha utilidade destacábel na vinculación do galego co mundo de expresión portuguesa, en especial co Brasil, unha potencia económica emerxente de 190 millóns de habitantes. Para un empresario e economista iso non era merecente nin dun breve comentario? Énos tan útil para os galegos o inglés e o chinés que mesmo debemos desatender a relación con eses 230 millóns de persoas no mundo que falan a nosa propia lingua? Tamén non acha no carácter identitario da lingua propia ningún valor económico digno de resaltar? Semella que inclusive para os empresarios de suceso as linguas teñen ideoloxía e que esta ás veces se sobrepón aos propios intereses económicos. Por outra parte, coñecendo algo o mundo anglosaxón fáisenos difícil imaxinarmos os ingleses debruzados no estudo do chinés.

biodiversidade e da ecoloxía, pois tamén as linguas forman parte dela (Mühlhäusler 2003). Por outra parte, as dificultades que para as persoas falantes de linguas romances representa a aprendizaxe dunha lingua de orixe xermánica xeran frustración e desánimo, sobre todo cando se pretende adquirir unha boa competencia oral só posíbel con longas estadías en lugares onde é fala nativa, posibilidade ao alcance de poucas persoas. O fracaso do recente intento da Comunidade Valenciana por impartir a materia de Educación para a Cidadanía en inglés é un exemplo desas dificultades.

Con todo isto non queremos negar o valor do inglés como lingua para as relacións internacionais neste momento e mesmo como lingua da docencia universitaria; tampouco como lingua xa moi consolidada na investigación. Porén, esta indubidábel importancia do inglés na vida universitaria non debe contraponerse á defensa da diversidade lingüística nin debe servir como escusa para negar a presenza doutras linguas nas aulas, e moi especialmente no noso caso a necesidade e obriga primeira de usarmos e potenciarmos a nosa lingua propia, que a nós principalmente nos corresponde preservar como contributo á ecoloxía das linguas no mundo. Tampouco se debe invocar o inglés para inviabilizar ou explorar outras alternativas e posibilidades, como o sesquilingüismo ou mesmo as linguas artificiais como instrumentos contra o imperialismo lingüístico (Moure 2005) e a favor da preservación das linguas.

6. Conclusión

Hoxe por hoxe as dúas linguas da docencia na UDC son o galego e o castelán, cun grande desequilibrio entre ambas a favor da última. A introdución do inglés na docencia (non así na investigación) dunha forma significativa só será posíbel a medio e longo prazo, se así se decidir, pois a adecuada preparación para a facer posíbel vai depender dos niveis anteriores do ensino. Unha mellora na oferta lingüística da UDC debe pasar, cando menos nunha primeira fase, polo reequilibrio entre galego e castelán na docencia, ligando o primeiro á variante portuguesa, coa posibilidade xa existente de introducir dunha terceira lingua na oferta de materias optativas, que pode ser o inglés ou outra. O futuro do castelán está garantido polo absoluto dominio actual e porque todas as persoas o coñecen, alén dos grandes medios que posúe. É o galego o que precisa especial apoio para sobrevivir. A isto se comprometeu democraticamente a sociedade galega e tamén a UDC, e por tanto cómpre actuar en consecuencia. A opción dunha terceira lingua parece case decantada a favor do inglés, aínda que se debería contemplar unha opción sesquilingüista que, sen excluír este idioma, fose máis acorde co respecto e protección á diversidade lingüística que caracteriza o espazo europeo en que estamos inseridos.

Referencias bibliográficas

Álvarez Sousa, Antón (coord.) (2005a): *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística/Servizo de Publicacións da UDC).

Álvarez Sousa, Antón (2005b): «O galego na Universidade da Coruña». En Servizo de Normalización Lingüística da UDC (ed.): *Lingua e Cidade. I Xornadas sobre Lingua e Usos*: 15-50 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística/Servizo de Publicacións da UDC).

Moreno Cabrera, Juan Carlos (2000): *La dignidad e igualdad de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística* (Madrid: Alianza).

Moreno Cabrera, Juan Carlos (2006): *De Babel a Pentecostés. Manifiesto plurilingüista* (Barcelona: Horsori).

Moure, Teresa (2005): *Outro idioma é posible. Na procura dunha lingua para a humanidade* (Vigo: Galaxia).

Moure, Teresa (2006): «É o inglés imprescindible para a investigación? A necesidade de recoñecermos o plurilingüismo», en Servizo de Normalización Lingüística da UDC (ed.): *Lingua e Investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos*: 93-108 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística/Servizo de Publicacións da UDC).

Mühlhäusler, Peter (2003): *Language of Environment. Environment of Language. A Course in Ecolinguistics* (London: Battlebridge Publications).

Nogueira López, Alba (2006): «Avaliación da actividade investigadora e dereitos lingüísticos», en Servizo de Normalización Lingüística da UDC (ed.): *Lingua e Investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos*: 65-77 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística/Servizo de Publicacións da UDC).

Nogueira López, Alba (2008): «Dereito á educación. Garantía de competencia lingüística e contido dos dereitos lingüísticos». En Jorge Álvarez Yáguez e Santiago Lago Peñas (coords.): *A convivencia plural: dereitos e políticas de xustiza*, 85-99 (Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública).

Phillipson, Robert (1992): *Linguistic Imperialism* (Oxford: Oxford University Press).
PNL = *Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña*, 2007 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña).

PXNLG = *Plan xeral de normalización da lingua galega*, 2005 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).

Rei-Doval, Gabriel (2007): *A lingua galega na cidade no século XX. Unha aproximación sociolingüística* (Vigo: Xerais).

Rodríguez Neira, Modesto e María Sol López Martínez (1988): *O galego na universidade* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

Rodríguez Neira, Modesto (coord.) (1998): *O idioma na universidade de Santiago de Compostela (resultado dun inquérito realizado no curso 1995-96)* (Santiago de Compostela: Universidade).

Sanmartín Rei, Goretti (2007): «A lingua nos diferentes niveis educativos. O ensino universitario», en Méndez, Iván e Sánchez, Amelia (eds.): *Lingua e Idade. III Xornadas sobre Lingua e Usos*: 61-66 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística/Servizo de Publicacións da UDC).

Schmidely, Jack (coord.), Manuel Alvar Ezquerra e Carmen Hernández González (2001): *De una a cuatro lenguas: del español al portugués, al italiano y al francés* (Madrid: Arco Libros).

Razóns para o uso do galego na docencia universitaria e na investigación

MARÍA DO PILAR GARCÍA NEGRO

Profesora titular da Universidade da Coruña

Sexan as miñas primeiras palabras para agradecer vivamente o convite que me permite acompañarvos hoxe aquí –son eu a agradecida– e para estimar moi alto a presentación da directora do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, a profesora Goretti Sanmartín Rei, porque sei que non responde ao que Eduardo Blanco Amor denominaría «prólogo galante» senón que é cordial no sentido etimolóxico primeiro: nace do corazón e a el chega. O único problema é que debuxou un lenzo coas cores tan vivas e intensas que agora sinto o temor de que este novo traballo da *pintora* non o faga palidecer moito. En todo caso, quero recordar dúas cousas verbo da compañeira Goretti Sanmartín. A primeira é que ambas viaxamos na mesma nave e compartimos singradura e obxectivos da travesía: hai moitos anos xa que aspiramos a lle dar un outro rosto ao idioma de noso. A segunda quer lembrar que todos aprendemos de todos e todas de todas (xa o di o refrán de noso, que hai moito tempo que llo sentín á miña nai: está a vella morrendo e está aprendendo, refrán, por certo, sintomaticamente expresado en feminino...). E sen intención de logomaquias, non estaría de máis advertir o san que sería que *todos* aprendesen algo de *todas*, aínda que só sexa por variar un algo as fontes do coñecemento...

Vou, logo, cumprimentar a petición que se me fixo, valéndome dun recurso que ten unha tradición asentada na nosa cultura: o decálogo dos mandamentos da Igrexa Católica, só que os utilizando como resorte didáctico ao servizo dunha outra causa: a rehabilitación da lingua galega e o seu acondicionamento nun ámbito como o universitario, onde –non por casualidade– a súa utilización é francamente minoritaria. Naturalmente, diredes, e con razón, que a lingua non ten a ver cunha dogmática relixiosa nin co mandato de normas morais; mais si ten a ver, o seu desuso, cun *pecado* (de

novo, etimoloxicamente = mancha) colectivo: non é un pecado *orixinal* dos galegos, claro está, senón un desvío das actitudes e comportamentos que un pobo en posesión normal da súa lingua mantén cara a ela. Desvío historicamente situábel e analizábel e, polo mesmo, rectificábel, que nos levou a ignorármonos e a *idolatrar* deuses alleos, en detrimento das propias imaxes; resultado, todo isto, dun longo e contundente proceso de dominio da lingua oficial do Estado e de cultivo do autodesprezo.

O que tencionamos é subministrar un *manual* de boas prácticas lingüísticas, acorde cos tempos modernos, á maneira en que, no seu momento, un dos Restauradores, Lamas Carvajal, compuxo o seu *Catecismo do labrego*, para dignificar lingua, clase social utente e para espertar unha conciencia realista sobre os problemas que aos seus membros aflixían. A loita contra a hostilidade manifesta ou contra o indiferentismo, no XIX, segue viva aínda hoxe, e as recomendacións que a seguir figuran deseñan, prospectivamente, un futuro desexado. Esta reformatación laica, *pro domo nostra*, dos dez mandamentos obedece a unha profunda anomalía, porque non doutra maneira se pode cualificar o facto de ter que demostrar, na Galiza, a validez do idioma galego para calquera dominio da docencia ou da investigación universitaria. A singularidade da nosa situación vén marcada, xa que logo, por unha argumentación que sería redundante, superflua ou capciosa en calquera universidade española, por caso, a respecto do español. Trátase, por tanto, de levar e de elevar o galego, en lóxica continuidade coas prescricións atinentes ao ensino primario e secundario, ao ensino universitario, o formador de formadores, a fin de que a arquitectura escolar completa funcione coordinadamente coa mesma lóxica interna e sen que renxa clasistamente o traslado de un a outro nivel. Vaíamos, pois, coa reconversión dos preceptos da ortodoxia católica, para os adaptar á *ortopraxe* nova que desexamos instaurar:

- O primeiro mandamento dicía: «Amarás Deus sobre todas as cousas». Nós diremos: «Amarás o país en que naciches, a Galiza, como todos os habitantes de países normais do mundo aman o seu e estiman pertencer a el». Para se ter producido, no noso, unha quebra desta identificación colectiva, graves fenómenos de dominación houberon de existir, en certo momento histórico internalizados como típicos do endogrupo, non como consecuencias dun dominio exterior e superior á propia Galiza: artificial afastamento aldea / vila / cidade; utilización do español como marcador de clase; repudio do traballo escravo da terra e de todos os seus signos asociados, lingua incluída. Desta patoloxía social vimos e a ela obedece que nos chegásenos a coñecer e a chamar co nome (substantivo-adxectivo) «*gallego*», que suplantou o orixinal «*galego*», marca profundamente simbólica da magnitude e da intensidade do conflito. Desde logo, o «despreza canto ignora» do chauvinista

(reversíbel sempre: «ignora canto despreza») ficou entre nós naturalizado sobre nós mesmos...

- O segundo: «Non tomarás o nome de Deus en van». Diremos: «Non confundirás o nome da Galiza co que non é»: non é un anaco peninsular, unha «rexión», non é un vento nin un convento (Gustavo Luca de Tena *dixit*): nin é o «Noroeste» nin é a «Comunidade». Non é satélite en permanente dependencia do planeta España ou Europa: ten movemento e entidade de seu.
- O terceiro: «Santificarás o día do Señor». *Traducímolo*: «Coñecerás que o teu país ten un idioma de seu e unha cultura peculiar», o seu *Olimpo* particular, a súa galería de ilustres, as mulleres e homes que o construíron.
- O cuarto: «Honrarás teu pai e túa nai». Diríamos: «Honrarás a memoria e o exemplo das que e dos que nos precederon», dos que en sendo galegos, quixeron exteriorizalo, dos que souberon que eramos un pobo con historia e se dispuxeron a incrementala. Hai unha historia galega autónoma, non especular, non reflexo de outra(s), que vai desde a humanización teimosa do territorio até a explosión dunhas artes xenuínas, pasando polo exercicio de nomearmos miles e miles de lugares e de anacos de terra ou accidentes xeográficos, nunha amorosa relación coa terra e o mar de que se vivía e, naturalmente, por unha historia onde os galegos foron protagonistas dos seus destinos e non receptores dos designios do poder castelán ou español. Vista a media de idade do público asistente, falaríamos dunha *aventura* apaixonante, a de (re)coñecemento de nós mesmos, factíbel sen deslocármonos miles de quilómetros, ao longo e ao largo da nosa historia, da nosa arte, dos nosos vultos principais... Neste punto, adquire especial importancia a modernización, de vez, das ensinanzas universitarias, excesivamente desconectadas e que, por falsa especialización, deteñen a súa análise xusto no momento en que máis interesante sería proseguila. Permítasenos un exemplo. Quen visitar Compostela, non deixará (con síndrome de Stendhal ou sen ela...) de se admirar, de se abraiar, perante semellante alarde de riqueza artística como a que ela alberga. Quen coñecer as nosas cantigas medievais non poderá subtraerse á beleza e complexidade enorme de tal tesouro literario. A lóxica conexión cunha nación, un reino, forte, normalizado enteiramente na súa lingua, cunha historia proxectada desde el mesmo... non se realiza ou aflora con dificultade, fragmentadamente. Con toda naturalidade, o nomeado «*Siglo de Oro*» español faise correlato da creación dun Imperio e dunha vontade hexemonista no universo mundo. En nós, aínda e de forma maioritaria no ensino, arte, literatura, historia, economía, política... circulan por camiños paralelos, sen conectividade causal, tanto na súa plena existencia canto na súa fractura ou decadencia.

- O quinto: «Non matarás». A versión oportuna é ben doada: «Non matarás, por exclusión, por desprezo, a lingua nacional». Lingua, como é sabido, é uso da lingua. A súa omisión é, sen máis, a súa morte. No entanto, a presenza parcial, regulada, submetida a normas de tolerancia, aumenta a súa desnecesariedade, a súa prescindibilidade e, por aquí, reforza a ferida, a mortificación. Se o galego é desprezado, no sentido aritmético do termo, como os decimais, a anestesia mortífera, por sobre-dose, está servida.
- O sexto: «Non cometerás actos impuros», isto é, «non utilizarás o galego para rires del, para o caricaturizares ou para admitires a súa ridiculización». Igualmente, non cousificarás a lingua galega para facérela obxecto forense ou mercantil, banco do probas filolóxico ou artefacto comercial de percurso limitado, válido en tanto non se declara o lucro cesante e abandonábel de este existir.
- O sétimo: «Non roubarás» é facilmente reconvertíbel: «Non furtarás o galego ás novas xeracións». Romperás, coa práctica extensa, as ecuacións que tanto o prexudican: lingua galega = [en exclusiva] = vellos, aldeas, ignorantes, rituais políticos, académicos ou culturais... Non estamos a falar só do *pecado* de nais e pais ou tutores que furtan o galego aos pequenos, por unha pedagogía e unha socioloxía desgaleguizadoras que eles mesmos herdaron, senón tamén de todos os alimentadores lingüísticos (escola, xogos, cancións, vídeos, televisión...) que bombardean as mentes infantís e formatan o seu comportamento lingüístico. O vello galego, o galego tradicional, non dispón de vasos comunicantes; actúa por retallos ou segmentos de idade, condición social, lugar, tipo de interacción, categoría do interlocutor..., isto é, contrariáanse as normas de ubicuidade, de *continuum* que posúe un idioma normal. O galego moderno aspira a unha devolución do roubado: a homoxeneidade interclasista na mesma lingua; a unanimidade social; a visibilidade e audibilidade públicas.
- O oitavo mandamento ordenaba: «Non levantarás falsos testemuños nin mentirás». «Non mentirás –acrecentamos– sobre a condición do galego como lingua nativa e nacional da Galiza. Non se debe falsear a historia, retroproxectando como feitos naturais o que foron prescricións *de facto* e *de iure*, definindo como «*lengua común*» a que se introduciu e consolidou non como resultado dunha amigábel cohabitación senón a través dunha **imposición** directa en todos os ámbitos asociados á economía formal, á *auctoritas* e á *potestas*. Burda manobra a de atacar o deprimido coa mesma arma que causou a súa depresión... É o galego a única lingua criada neste territorio e nesta sociedade. Non mentiríamos, tamén non, verbo da problematicidade que envolve o galego, de quen lla causa e de como se pode superar.

Porque declarar que a lingua galega non debe ser nunca un *problema* supón conxelar a súa solución e perpetuar a súa inferioridade. Existe, en termos históricos e científicos, conflito lingüístico, porque existe unha lingua en posición de superioridade e unha outra en posición de inferioridade, porque segue primando, no institucional e público, o sentido militar sen ascensos, en virtude do cal se pretende que o español siga a acaparar os oficiais de alta graduación e o galego siga recluído na masa dos soldados rasos. Negar a existencia dun conflito lingüístico equivalería, en exemplo paiolo, a negar a noción de clases sociais porque nos levásemos moi ben todos os veciños do mesmo edificio. Igualar, idealista ou anacronicamente, as dúas linguas, deixaría igualmente sen resposta interrogantes non menores: ¿como é, en habendo «cohabitación» e convivio equilibrado, que non se produciu transvasse do español para o galego na proporción masiva en que existiu á inversa?; ¿existiu algunha vez, nalgures, equilingüismo?; ¿a microcefalia do galego acaso ten causas *orgánicas*, naturais, ou está directamente relacionada coa macrocefalia do español? E, en fin, unha derradeira mentira que ten a ver coa atribución falsa da *politización* do uso da lingua. A cuestión é axiomática: se política foi a súa erradicación, política ha de ser, tamén, a súa normalización; non política, entendido o adxectivo endogamicamente, si socialmente e co apoio directo das institucións públicas.

- O noveno mandamento rezaba: «Non consentirás pensamentos nin desexos impuros». E, aquí, postulamos: «Non consentirás que o galego murche ou agonice abafado polos preconceptos, por tópicos non verdadeiros, por falsa conciencia. Por exemplo, un dos tópicos, neste caso certos, do ensino universitario, pasa por consideralo racional por excelencia, factoría do avance do coñecemento e contrario a calquera rutina acientífica ou a calquera superstición ou lenda irracional. Pois ben, desta *bandeira* universitaria non se pode retraír o galego. A lingua galega non pode ficar fóra da consideración de obxecto de uso científico, non só de obxecto de estudo científico (valor de uso / valor de cambio). A cuestión lingüística non debe, por máis tempo, verse submetida a un tratamento tosco, prexudicioso ou francamente anticuado. Tal continuísmo compromete, para quen o profesar, a cientificidade ou a rectitude de calquera outro coñecemento. Este mesmo escenario onde nos encontramos, o Paraninfo da Universidade da Coruña, foi, hai unhas semanas, o que acolleu a inauguración formal do curso 2008-2009, cuxa lección maxistral correspondeu ao catedrático de Empresariais profesor Castellano Ríos, que, durante moitos anos foi conselleiro delegado da multinacional Inditex. Esta lección consistiu nun panfleto (no sentido decimonónico do termo) ultraliberal, onde tamén se conceptualizou a lingua e as linguas, ofrecendo dogmáticamente a necesidade imperiosa da extensión do inglés, como acompañante obrigado do español e decla-

rando a falta de rendibilidade dos estudos da Lingua Galega por escaseza de alumnos. O dualismo español / inglés¹ contravén (é ilegal, por tanto) os mesmos Estatutos da UDC, que declaran a oficialidade da lingua galega e a necesidade do seu fomento. A lingua galega non é útil ao sistema capitalista; *ergo*, *anatema sit*. Todo, por suposto, dentro do espírito e da letra de Boloña, de inminente aplicación no sistema universitario. Por este camiño, sobran, claro é, moitos máis saberes do que a lingua: sobran as humanidades, en xeral, a literatura e as artes non mercantilizadas, sobra a filosofía, por especulativa e estéril, sobra a historia (xa Fukuyama pontificou...). Por este camiño, tamén, un aniversario como o que onte recordamos (o sexto da catástrofe do *Prestige*) levaría a establecer que sobriaríamos nós, os galegos, ou sexa, o problema non estaría nas oitenta mil toneladas de cru que transportaba o desastrado buque, a culpa non sería dunha lexislación europea que permite a pasaxe a carón das nosas costas de mercadorías e cargas tan perigosas e sen garantías de seguranza, senón que a culpa sería nosa, sería dos galegos, que temos un *broslado* marítimo demasiado complicado, con temporais imprevistos e unha costa poboada por fauna animal e humana: ¿a quen se lle ocorre ter máis de mil quilómetros de costa, con tantos entrantes e saíntes, con tantas rías e portíños?; ¿a quen se lle ocorre ter esta configuración xeográfica, cunha fachada ao Océano Atlántico e unha outra ao Mar Cantábrico?; ¿a quen se lle ocorre, nestas condicións, ter a pesca como sector económico fundamental?... Para o capital e a súa voracidade, nós sobramos: o ideal será seguir navegando polas nosas costas ao menor custo posíbel, aínda que sexa a custa de luxar o noso mar e a nosa economía. Claro está que, na lóxica que defendemos no noso mandamento, estamos asistidos de todo o dereito e de toda a naturalidade para sermos, xeográfica e ecoloxicamente, e tamén cultural e lingüísticamente, como somos. Por iso non imos pedir perdón por estarmos no mundo, claro está...

- O décimo mandamento, en fin, di: «Non cobizarás os bens alleos». Como sempre, ímolo aplicar á nosa conveniencia: «Non caerás atrapada ou atrapado na rede da xenoestima, da admiración acrítica e incondicional do de fóra», correlativa á desestima do de dentro. Fomos educados nun concepto dunha hospitalidade moi mal entendida (deixación dos nosos signos); aprendemos e aprendéronnos a sermos servís até a extenuación; á naturalidade do cambio lingüístico; a valorar máis e

¹ A naturalidade con que se impón este dualismo forzoso chega a resultados cómicos, se non fosen dramáticos: unha das extensións do grupo Inditex é «Zara Home», dedicada á venda de roupas e produtos para o fogar, para a casa. Escusamos recordar a cantidade de xente que, na súa inauguración, entrou para mercar roupa masculina, lendo o substantivo á galega, naturalmente. ¿Quen impón?

mellor calquera «purpurina» exterior (española, mundial) do que o «ouro» interior; a examinarmos con lupa as nosas limitacións e con telescopio as dos demais...

A ensinanza moral derivada destes neomandamentos, para as que e os que quixeren renacer galegos (como diría Xosé Chao Rego), fica ben á vista. Baséanse, simplemente, en aplicármonos a nós o paradigma de normalidade que funciona sen discusión para os veciños-habitantes de calquera cidade ou lugar español con posesión normal e non cuestionada do seu idioma nativo. Ora ben, na situación de anormalidade funcional en que vive aínda a lingua galega, cómpre repararmos na lóxica dun sistema dentro do cal non son casuais os campos, ámbitos ou dominios que amosan un déficit maior do uso do galego ou, correlativamente, un monopolio do uso da lingua oficial do Estado: a Xustiza; a Medicina; os chamados corpos e forzas de seguridade do Estado; a Igrexa Católica; os medios de comunicación; a economía formal e, dentro dela, claro está, as multinacionais; a Universidade. Todos eles concentran esferas de poder con alta determinación sobre vida e facendas dos cidadáns; **impoñen** legal e facticamente a súa lei; son corporativos² e, en grande medida, opacos, escurantistas ou faltos do control transparente que se reclama (e ás veces practica) noutros ámbitos; fabrican e consolidan ideoloxía verbo das realidades que tratan ou difunden. Exercen, tantas veces, un poder omnímodo e xogan, claro está, un papel multiplicador a respecto da imposición do español, a despeito de leis pretensamente protectoras e recoñecedoras de dereitos lingüísticos. *Lasciate ogni speranza*, semella dicírsenos aos cidadáns-contribuíntes que inxenuamente pensamos que elas todas son institucións-organizacións que *tamén* pagamos e que, seica, están dentro do sistema que, goste ou non, debemos acatar.

Son rupturistas, extremistas e radicais (e utilizo a mantenta adxectivos familiares ás pauliñas que a miúdo desde elas se lanzan contra ou sobre o galego). Son extremistas e radicais na exclusión do galego que practican. E son rupturistas da seguinte continuidade: calquera mapa da Galiza revela unha infraestrutura netamente distintiva, na Península Ibérica e no continente europeo; unha estrutura lingüística diferenciada, inequivocamente galega, como certifica a súa toponimia e hidronimia orixinal; se, ao pasarmos á superestrutura –en calquer dos seus dominios–, mudamos o idioma, ¿quen rompe a lóxica continuidade?; ¿quen (per)turba unha orde lóxica?; ¿quen impón un molde de información e de coñecemento asociado á lingua escrita maioritaria, o

² Non por casualidade, en varios destes dominios existen tamén, como elemento común entre eles e diferenciador dos demais, vestimentas particulares: hábitos ou uniformes, togas, birretes, puñetas, sotanas, casulas, estolas, roquetes... Símbolos baleiros, atavismos, ou, aínda, marcadores de autoridade?

español, a pesar de receberen os medios de comunicación (escritos, radiais, televisivos) diñeiro público galego en abundancia?; ¿ula, a ruptura, ula, a imposición?

Case vinte anos após a segregación universitaria galega, que deu lugar á Universidade da Coruña e á de Vigo, como acompañantes da centenaria Universidade compostelá, o balanço minimamente esperábel para todas tres institucións que declaran ter o galego como lingua oficial non é satisfactorio en absoluto. Talvez sexa moito horas, xa, de reformularmos vellas tácticas normalizadoras que se revelan vieiros choídos na estratexia da recuperación público-académica do idioma galego. Polo mesmo, a medida de progreso fundamental debера ser, dun curso para o seguinte, o número e diversificación de aulas galeguizadas na docencia e de investigacións realizadas e publicadas-difundidas en galego. Igualmente, tal e como a profesora Goretti Sanmartín recordaba no acto de inauguración, é vital asociar, en lóxica continuidade, o ensino universitario ao inmediato ensino pre-universitario e, concretamente, ao ensino secundario, isto é, facer re-ingresar a Universidade no edificio escolar común, non isolala do mesmo.

As necesidades que segue a ter a lingua galega e a cuxa satisfacción pode e debe contribuír directamente a Universidade son netamente económicas. Podémolas resumir cun vocabulario *empresarial*: **expandir**, **diversificar**, **modernizar**. (E)levar a lingua galega, rendendo tributo á normalidade practicada por outras universidades españolas co seu idioma, e mais cumprindo previsións estatutarias, ao atril dos executantes e á batuta do-a director-a da orquestra. Darlle a capilaridade necesaria, para ela non ficar igualada ás humanidades ou á filoloxía galega. Asociala, en fin, a todos os novos soportes de comunicación e de intercambio científico e tecnolóxico. Expandir, por tanto, o galego, fóra dos límites en que paternalistamente é admitido. Diversificar o seu uso para tender a facelo, como o de calquera lingua normal, ubicuo e non localizado en *bairros periféricos*. Modernizar a súa utilización, para facela apta e valedeira no mundo actual, ao servizo de necesidades presentes, non de tentacións arqueolóxicas e inmobiliarias. Unha necesidade, pois, de tipo cuantitativo; unha, de orde cualitativa; unha terceira, de índole histórica.

A antítese desta tese que propomos e propugnamos é a exclusión directa do galego ou ben o seu sucedáneo actual: a súa ritualización, a pseudonormalización, o encaixamento en lugares e funcións previstas que non renden xa o menor efecto multiplicador. As preguntas, xa que logo, non deberan ir a (re)problematizar unha e outra vez o tan anémico uso do galego, senón, en reversión necesaria, a interrogarnos sobre qué *perigos* se cernerían nas Facultades de Dereito e mais na administración da xustiza se elas se produciren en galego; qué graves *ameazas* se derivarían de cursar en galego os estudos

de Medicina; qué alteracións *sísmicas* provocaría a química ou a física en galego; cantas casas *caerían* por culpa de o galego se aplicar á arquitectura ou, en fin, cantos *virus* entrarían nos computadores por neles introducir rótulos e linguaxes en galego... Non é, o labor galeguizador na Universidade, cousa doada nen lixeira, mesmamente porque aínda fican vivos moitos resaibos de superioridade, moito complexo de Olimpo intocábel, moita autosatisfacción, moita quimera de poder (?) e moita ilusión, na semántica da confusión óptica. Razón de máis para rebelarnos contra tanto tradicionalismo, tanta antigalla, tanto anti-cientificismo de traxe académico. Poderosas achegas racionais acudirán na nosa axuda cando lembrarmos que a media de intelixencia, o coeficiente intelectual estándar do profesorado universitario, non ha ser menor do que os seus colegas galego-practicantes de niveis de ensino inferiores ou, aínda, cando recordarmos que ler-ensinar-escribir en galego non debe de ser máis difícil que exercer estas destrezas en inglés ou en alemán, por citarmos dous idiomas de abundante produción científica. Ouvir, por iso, a esta altura, que o galego non se *entende* e, por aquí, reclamar airadamente a súa exclusión do sistema universitario é elocuentemente delator: imposible (aínda que nos insulten!) rebelarnos contra o que non entendemos en absoluto. Rebélase, a *contra* do galego, non por non entender, senón por todo o contrario, por entender de máis e finxir non o facer.

Voltamos, sempre, ao *corpo do delito*: todo isto, amigas e amigos, non é un problema lingüístico. O problema da lingua galega é extralingüístico: padéceo ela, mais os axentes causais son exteriores a ela. Díciáo don Ramón Otero Pedraio con clarividencia: moitas veces o home culto é o máis cheo de prexuizos. Sabémolo ben noutras temáticas: ¿durante canto tempo a *ciencia* médica ou biolóxica foi aliada da vella misoxinia e negou capacidades intelectivas e racionais ás mulleres? O problema, así mesmo, vivíano elas; causábanllo eles (o sistema sexista e todas as súas axencias). En liñas xerais, a bioloxía, as disciplinas médicas, evoluíron para negaren vellos preceptos *científicos* e procederen á súa hixiénica substitución. O camiño tamén se andará na reconsideración da lingua galega. Só que será a base de o ir facendo, non por obra e milagre de automatismo ningún.

Concluirei cun agasallo poético para todas e todos vós. Trátase dun soneto, da autoría de Marica Campo que, sen mingua da súa potencia estética, vén a compor un micro-manual da historia da lingua galega:

*Tiñamos unha lingua para amar;
Bebera auga de rosas nos poetas
Do medievo lonxincuo, as máis selectas
Cantigas de dicir e namorar.
Soubemos as palabras de voar;
Herdanza das primeiras bolboretas
Que zugaron na terra as cousas netas
Antes de que estivese suxo o ar.
Apousamos nos labios tanta vida,
Gardamos no querer tanta semente
Mollada polo cuspe dos avós,
Que arestora xermina ben cumprida,
Aínda que aquel sol estea ausente.
É tempo de falarmos: somos nós.*

Efectivamente: é tempo de falarmos: somos nós.

A promoción do catalán no sistema universitario de Cataluña

JORDI MATAS DALMASES

Vicerreitor de Política Lingüística e Estudantado da Universidade de Barcelona

A perspectiva que ofrezco nesta comunicación é o resultado dos meus oitos á fronte da Vicerreitoría de Política Lingüística na Universidade de Barcelona. Como queira que non son filólogo tal perspectiva pode resultar un tanto distinta do agardable, polo que farei algunhas reflexións sobre o que se fixo en Cataluña para impulsarmos a política lingüística universitaria que, confío, poidan ser útiles para o que está a ocorrer en Galicia ou noutras comunidades onde hai tamén en marcha un proceso de planificación lingüística universitaria.

A Universidade de Barcelona, como o resto de universidades catalás, ten unha lingua propia, que é única e exclusivamente o catalán (así o establecen os estatutos de todas as universidades catalás), mentres que como linguas oficiais están o castelán e o catalán. Se non estou errado, penso que é a universidade máis grande do Estado con dúas linguas oficiais e unha lingua propia que non é o castelán.

As reflexións que a seguir se presentan, acompañadas tamén dalgúns retos, proxéctanse desde dúas perspectivas: desde a do propio contorno universitario, naquilo que ten a ver coa pouca normativa que hai que aplicar –contorno político e, asemade, normativo– e desde a perspectiva interna da Universidade. Cómpren, penso, algunhas recomendacións para impulsarmos correctamente unha política lingüística no marco dunha universidade.

En primeiro lugar, desde unha perspectiva catalá a situación da lingua catalá na universidade de compararmos a época de finais dos setenta até hoxe –estamos a falar daquela dun período uns 30 anos– presenta un balance positivo. Deixamos atrás unha

posditadura salvaxe que, entre outras cousas, oprimía a lingua catalá e cunhas reivindicacións na transición que, entre outras cousas tamén, reclamaban a presenza da lingua catalá en distintos ámbitos públicos, entre eles o universitario.

Trátase dunhas reivindicacións iniciais que conseguiron un bos froitos inmediatos, e mesmo aínda hoxe se pode afirmar que vivimos da experiencia desas reivindicacións. Por tanto, insisto o balance é positivo, avanzamos, a lingua catalá evidentemente esta moito máis presente nas aulas, nas universidades que hai 30 anos. Malia iso, como agora veremos, a lingua catalá non está plenamente normalizada, é dicir, aínda temos que percorrer moito camiño e o que lles pido ás actuais autoridades políticas, aos actuais responsables políticos de universidades e de política lingüística e aos actuais responsables académicos (aos reitores basicamente) é que lle dean un novo pulo, firme e atrevido, á lingua catalá nas universidades¹.

Durante estes 30 anos de funcionamento das institucións –remítome ás primeiras eleccións autonómicas de 1980– impulsáronse proxectos lingüísticos e programas de inmersión para o ensino primario e secundario, mais nunca se definiu un modelo de política lingüística para as universidades catalás. Houbo, por tanto, un modelo de inmersión lingüística para o ensino preuniversitario que, como saben, implica a realización de todas as materias até o bacharelato en lingua catalá que está a funcionar perfectamente².

Porén, desde e para o ámbito universitario non se deseñou nunca un modelo de política lingüística, penso que, basicamente, por dúas razóns:

- O famoso principio de autonomía universitaria que case sempre significa pasarlles ás universidades aquelas cuestións que a Administración non sabe ou non quere resolver, caso da política lingüística.
- A consideración do ensino superior como algo tan superior, por así dicir, que non pode estar sometido a directrices políticas e moito menos en cuestións de tan pouca entidade como a presenza dunha lingua minorizada nun ámbito universal. Noutras

¹ Repárese que en Cataluña o número –se cadra excesivo– de universidades chega a 12 (cinco privadas e 12 públicas).

² O último dato curioso que achego, pois teño a sensación de que a perspectiva ou imaxe sobre tal modelo que hai fóra de Cataluña non ten nada que ver coa que hai dentro, indícanos que o nivel de coñecemento da lingua castelá por parte do alumnado catalán sobre o que se aplicou ou se está aplicar o devandito modelo de inmersión lingüística é mesmo superior ao de comunidades autónomas castelás.

palabras: ter que interpretar unha directriz política en materia de política lingüística nun ámbito de educación superior non parece estar moi ben visto.

Por tanto, insisto, a diferenza do que ocorre na educación primaria e secundaria, non hai un modelo de política lingüística para as universidades catalás.

Como xa foi sinalado, a lingua catalá aínda non chegou ao grao de normalización pleno na universidade nin no ámbito da docencia nin no da investigación. O certo é que todas as universidades fixemos nestes anos o que puidemos para impulsarmos unha política lingüística que garanta que o catalán sexa unha lingua de prestixio universitario. Isto é o que tentamos facer desde hai moitos anos as persoas responsables en materia de política lingüística dentro das universidades, pois desde que temos parlamento e goberno autónomos –ano 1980– ningunha maioría política parlamentaria e gobernamental foi quen de reflexionar sobre a política lingüística universitaria e, de xeito acordado coas universidades, definir obxectivos ou o rumbo que se quere seguir en materia de política lingüística. É certamente unha política ás veces complicada, mais precisamente por iso require a participación dos nosos responsables políticos.

Cómpre termos en conta que durante 24 anos –desde o ano 1980 até 2004– a política universitaria e a política lingüística estiveron en mans de Convergència i Unió, e tras as eleccións autonómicas de 2004 até hoxe mesmo ambas as políticas están en mans de Esquerra Republicana de Catalunya. Así pois, tanto a política lingüística como a política universitaria estiveron sempre en mans dos partidos situados, dentro do eixo nacional, como máis catalanistas. Malia iso, insisto, aínda estamos nun proceso que eu cualificaría de tímido de impulso da política lingüística no ámbito universitario.

Aprobáronse, iso si, algúns artigos e algúns –non moitos– preceptos legislativos en distintas leis e mais no Estatuto de autonomía do 2006, mais que aínda están sen desenvolver e que, por tanto, reivindicamos desde aquí que se desenvolvan, que se aplique, en definitiva, a normativa vixente en materia de política lingüística universitaria.

Por exemplo, aínda non se aplicou o artigo 9 da Lei de política lingüística (LPL), do ano 1998 (sucesora da Lei de normalización lingüística do ano 1983) que establece que todas as universidades deben ter un regulamento de usos lingüísticos. Aínda hoxe hai universidades sen tal regulamento, entre outras cousas, porque teñen medo a que estes regulamentos sexan impugnados. Así mesmo, aínda non se aplicou o que establece o artigo 24 da LPL –cuxo contido tamén reitera o artigo 6 da Lei 1/2003, de universidades de Cataluña– e que establece na súa alínea 3.^a que:

O profesorado dos centros de ensino universitario de Cataluña debe coñecer suficientemente as dúas linguas oficiais, de acordo coas esixencias da súa tarefa docente. A presente norma non é aplicable ao profesorado visitante e a outros casos análogos.

Quere isto dicir, que o goberno, consonte á normativa vixente e a través do Consello Interuniversitario de Cataluña, debe garantir que nos procesos de selección, de acceso e de avaliación se concrete este coñecemento suficiente. Este é un artigo que, reitero, aparece xa na LPL de 1998 e na Lei de universidades de Cataluña (LUC) do ano 2003. Recolle algo tan simple e de sentido común –semella máis unha reivindicación de finais dos 70 que non de comezos do século XXI– como é que calquera profesor ou profesora debe coñecer as dúas linguas oficiais que hai na comunidade. Se non coñece algunha destas dúas linguas non pode chegar a ser profesor dunha universidade catalá.

Estes dous artigos foron aprobados por unanimidade por todos os partidos políticos –desde o Partido Popular até Esquerra Republicana de Catalunya, pasando polo Partit dels Socialistes de Catalunya, Convergència i Unió e Iniciativa per Catalunya– e sen emenda ningunha. Por desgraza, até hoxe ningún responsable político de universidades foi capaz de aprobar un decreto que desenvolva este artigo e onde se indique como se debe aplicar por parte das universidades. Só hai unha universidade en Cataluña –a Universidade de Barcelona– que se atreveu a desenvolvelo e, por tanto, a aplicar a normativa vixente.

Como agora veremos, na Universidade de Barcelona desde o ano 2004 a todo o profesorado que entra na universidade se lle esixe como requisito que acredite o coñecemento das linguas castelá e catalá³. A primeira, como queira que a Constitución española establece que o seu coñecemento é obrigatorio –non se pode alegar o seu descoñecemento– unicamente se lle esixe ao profesorado estranxeiro, mentres que a segunda a todos aqueles profesores ou profesoras que non poidan acreditar o coñecemento do catalán por non teren realizado o bacharelato en Cataluña. É esta unha cuestión fundamental para garantirmos, entre outras cousas, os dereitos lingüísticos do estudantado, dado que se un alumno ten dereito a empregar o catalán ou o castelán, o profesorado ten a obriga de entender as dúas linguas. Pensemos que un profesor ou

³ Tanto para o catalán como para o castelán –este último unicamente para o profesorado estranxeiro– esíxese o nivel C que supón comprender e saberse comunicar na lingua en cuestión. É un nivel que o alumnado alcanza cando remata o ensino secundario obrigatorio. Para oacreditar, as universidades fan exames –recoñecidos e homologados pola Generalitat– adaptados ao profesorado e á docencia universitaria en que prima a comunicación sobre as cuestións gramaticais.

profesora xa decontado no seu labor cotián ten que corrixir exames, traballos... que poden estar en catalán e castelán, cubrir documentación etc. Así pois, como se poden garantir os dereitos lingüísticos dos estudantes con, por exemplo, un profesor chinés que non sabe castelán? Cunha profesora estremeña que non sabe catalán? Sinxelamente, non se poden garantir.

É máis, a propósito deste artigo 6.4 da Lei de universidades de Cataluña que esixe o coñecemento das dúas linguas oficiais, ao cabo de dous anos, en febreiro de 2005, todos os partidos políticos impulsaron e aprobaron unha moción parlamentaria –por tanto unha exixencia– en que se lle advertía ao conselleiro de Universidades –de ERC– da existencia de tal artigo e se lle esixía a aprobación dun decreto no prazo de tres meses. Tres anos despois tal decreto aínda non está elaborado.

E aínda máis, hai relativamente pouco, o 14 de xuño de 2008, nunha reunión do Consello Interuniversitario de Cataluña, os doce reitores e reitoras das universidades catalás acordaron aplicar, malia non haber un decreto que o desenvolva, por unanimidade o artigo 6 da LUC. No entanto, a realidade indícanos que só a Universidade de Barcelona o aplica⁴.

Quere isto dicir que nin os políticos responsables de universidades nin os reitores están a aplicar a LUC, en concreto este precepto que afecta á política lingüística universitaria. Sería desexable, e así o solicito, que en política lingüística universitaria houbera menos hipocrisía e menos medo –a política lingüística universitaria sempre se baseou no medo e na hipocrisía– por parte dos reitores e dos responsables políticos. Isto é, se hai un precepto lexislativo que indica por onde se debe seguir, non se entende que se mire para outro lado e se prescinda do que establece.

Mais a situación aínda se pode agravar de repararmos en que desde agosto de 2006 hai en Cataluña un novo estatuto de autonomía. Non coñezo ningún reitor que se opoña ao articulado do novo texto estatutario de Cataluña, nin tampouco coñezo ningún reitor nin ningún político con responsabilidades en materia universitaria ou membro do actual goberno tripartito de Cataluña que estea á espera dunha sentenza contraria ao Estatuto por parte do Tribunal Constitucional. De certo que cando esta chegar e no suposto de limitar algúns dos artigos do Estatuto, todos os reitores e toda a clase política sairán, con razón, indignados, mais se queremos unha defensa do Estatuto o

⁴ As restantes universidades axiña se desmarcaron de tal acordo e aínda hoxe se está á agarda de que comecen a aplicalo.

que cómpre facermos en primeiro lugar é aplicármolo, e o certo é que nestes intres os poucos preceptos que hai en materia de política lingüística non se están a aplicar.

Xa que logo, aquí de novo pido unha certa coherencia e menos hipocrísia, e se realmente consideramos que o Estatuto de autonomía de Cataluña é un texto que hai que apoiar, logo de ser aprobado polo Parlamento de Cataluña, polo Congreso de Deputados español e polo Senado –nos tres casos por maioría absoluta– e logo de ser aprobado por referendo do pobo de Cataluña, aínda que o Tribunal Constitucional –órgano moi cuestionado– poida dicir o que quixer, os reitores e a clase política o que teñen que facer é aplicalo. Por exemplo, o seu artigo 35 que, en primeiro lugar, di que hai que garantir os dereitos lingüísticos do alumnado, e aquí reitero neste punto o dito con anterioridade: é difícil garantir tales dereitos se cando se expresan en calquera das dúas linguas oficiais, o profesorado non entende ningunha ou algunha destas dúas linguas. Isto é, hai que garantir que todo o profesorado entenda as dúas linguas oficiais que hai en Cataluña. Tampouco se aplicou outra epígrafe do mesmo artigo 35 que establece que o catalán debe utilizarse normalmente como lingua vehicular de aprendizaxe no ensino universitario.

Seguramente tamén en Galicia hai preceptos semellantes, mais eu pregúntolles á clase política catalá: Que significa este artigo? Como o interpreta? Nestes momentos en Cataluña a media xeral é que, aproximadamente, o 66% das clases se imparten en catalán e o 33% restante en castelán. Son datos aproximados, que reflicten a realidade lingüística da Universidade de Barcelona, aínda que tamén hai universidades, caso da de Xirona ou da Rovira i Virgili, en que quizais as porcentaxes son máis elevadas. No entanto, tales cifras varían en función das disciplinas, de modo que as maiores porcentaxes de docencia en catalán teñen lugar na área das ciencias da Educación –facultades de Biblioteconomía, Formación do Profesorado e Pedagogía– e mais na área das denominadas ciencias experimentais e matemáticas –facultades de Bioloxía, Física, Xeoloxía, Matemáticas e Química–. En ambos os casos a docencia en catalán rolda o 80%. Por contra, as porcentaxes máis baixas (40-50%) prodúcense na área das ciencias xurídicas, económicas e sociais –facultades de Ciencias Económicas e Empresariais, Dereito e Estudos Empresariais–⁵.

A seguinte pregunta que se nos presenta é: Utilizar a lingua catalá normalmente como lingua vehicular e de aprendizaxe nun 66% é o correcto? Ao mellor a resposta é afir-

⁵ Os últimos datos dispoñibles, correspondentes ao curso 2004-05, pódense consultar en <<http://www.ub.edu/sl/ca/socio/docs/dades04-05.pdf>>

mativa e non cómpre máis traballo normalizador... Mais, é correcto que das máis de cen licenciaturas que hai en Cataluña só tres se poidan facer integramente en catalán? (un par delas na Universidade de Vic –universidade privada– e outra na Universidade de Barcelona⁶. Á marxe destes tres ofertas nas demais carreiras non é posible realizar todos os estudos superiores en catalán. Descoñezo se o obxectivo do goberno vai nesta dirección ou é mellor que haxa máis presenza de catalán e o alumnado poida escoller. Teñamos en conta que non temos itinerarios lingüísticos e, por tanto, o profesorado ten liberade para escoller a lingua da docencia, o cal significa que sexa practicamente imposible realizar uns estudos universitarios integramente en catalán, un dereito que ao mellor tamén lle habería que recoñecer ao alumnado.

Insisto que a miña pregunta vai dirixida á clase política. Quizais a resposta é que se chegou a un nivel de normalización óptimo e a unha presenza da lingua catalá satisfactoria, co cal non habería máis discusión...

Outra pregunta máis: Forman parte do ensino universitario os mestrados, os posgraos, o doutoramento? Persoalmente coido que si, e se así for, como aplicarmos daquela que o catalán ten que ser a lingua vehicular e de aprendizaxe? Reparemos en que nestes estudos a súa presenza é mínima, pois a meirande parte dos mestrados e dos posgraos se imparten en castelán e inglés, e é máis o propio goberno da Generalitat pide que se inclúa neles a lingua inglesa.

Daquela, outro reto importante pasa por sermos coherentes, aplicarmos o Estatuto e sabermos que significa ou que implica o seu artigo 35.

O dito até agora corresponde ao ámbito da docencia, canto ao da investigación –seguramente no ámbito galego acontece o mesmo– aquí tamén hai unha certa incoherencia ou hipocrísia, pois en Cataluña é imposible ter unha traxectoria investigadora universitaria oficialmente escrita en catalán. O catalán é unha lingua cun prestixio investigador case nulo. Daquela, no ámbito da investigación hai que percorrer moitísimo camiño: é imposible facer investigación en catalán e obter os tramos de investigación –os sexenios– que outorga o Ministerio (que é a investigación oficialmente recoñecida). Como vicerreitor responsable da política lingüística da universidade teño recibido numerosas queixas de membros do profesorado que lle piden os sexenios de investigación ao Ministerio e non obteñen unha resposta positiva. Os argumentos non son

⁶ No caso de Biblioteconomía hai a posibilidade de que o 95% das aulas sexa en catalán.

precisamente polo contido dos artigos presentados, senón por así dicir polo envoltorio, isto é, basicamente, e entre outras cousas, pola lingua en que están escritos estes artigos.

Nova pregunta: dentro duns días celebraremos o trixésimo aniversario da Constitución española de 1978, escoitaremos falar sobexamente dela, un texto xurídico que parece un texto sagrado... A Constitución española establece que España é un Estado plurilingüe. Daquela, por que non se recoñece a investigación escrita nunha das linguas cooficiais que hai en España? Non estamos tan a favor da Constitución española? Pois apliquémola e realmente convertamos España nun Estado plurilingüe. Que o persoal investigador catalán poida investigar en lingua catalá, o vasco en lingua vasca, o galego en lingua galega, de modo que sexa analizada en función da súa calidade e independentemente de cal sexa a lingua en que estiver escrita. Isto certamente parece misión posible, mais aínda é máis grave o feito de que para os sexenios de investigación que recoñece a Generalitat de Cataluña se apliquen os mesmos criterios que o Ministerio. Por tanto, o goberno catalán, os responsables de política lingüística e universidades de Cataluña, que como dixen pertencen a ERC, tampouco recoñecen a investigación escrita en lingua catalá. Como é que a Generalitat de Cataluña, o goberno de Cataluña, non recoñece a investigación escrita na lingua propia do país? Inexplicable.

Porén si resulta evidente que as teses de doutoramento, os artigos... non se escriban en lingua catalá. En concreto, na Universidade de Barcelona deféndense cada ano unhas 500 teses de doutoramento, das cales aproximadamente un 32% están redactadas en catalán e un 60% en castelán (o resto corresponden a outras linguas, caso do inglés).

Reivindico desde aquí –deixando á parte o Ministerio, malia termos un secretario de Estado de Universidades que foi reitor meu durante varios anos– que como mínimo a Generalitat recoñeza a investigación escrita en lingua catalá.

Outra cuestión é o multilingüismo que ao parecer comportará o novo marco do Espazo Europeo de Ensino Superior. Pódese ver como unha oportunidade, aínda que hai que ser conscientes de que ninguén sabe o que significa o multilingüismo nas universidades. Mesmo textos serios que abordaron a cuestión resultan moi ambiguos canto á definición de multilingüismo, canto a quen son os seus suxeitos, canto a cales son os seus parámetros para o medirmos... Sexa como for, o que si hai que evitar é que o multilingüismo sirva para afastar as linguas minoritarias ou minorizadas caso da lingua catalá, circunstancia que está a pasar nestes momentos. Non se ve o novo marco como unha oportunidade para a potenciar, senón para a afastar. Agardemos que o rumbo mude neste sentido.

Recapitulando, simplemente esixo, á vista da normativa, do Estatuto, das leis, dos regulamentos, dos estatutos universitarios, dos planos de política lingüística que se apliquen –xa non se trata de reivindicar dereitos, senón de aplicar a normativa vixente–. De non o facer, estarémonos equivocándonos. Por tanto, se hai que recoñecer a investigación escrita en lingua catalá, como establecen normativas múltiples, pois que se recoñeza. En definitiva, non se aplica a normativa vixente, hai moito discurso, mais moi pouca práctica.

Como retos dentro das universidades salientaría telegraficamente uns cantos aspectos. É importante en materia de política lingüística universitaria as relacións que manteñamos co departamento autonómico de Universidades, de modo que hai unha comisión de política lingüística en que nos reunimos todos os vicerreitores con responsabilidades en política lingüística. Son moi importantes tamén –á vista da inoperancia dos responsables políticos en materia universitaria– as relacións entre as universidades catalás para impulsarmos a política lingüística universitaria. A nosa experiencia neste sentido é moi positiva. Tamén é importante a participación en redes de universidades como é o caso de a rede de universidades dos territorios onde se fala catalán –País Valenciano, Cataluña, Illas Baleares, Andorra e Perpignan– que suman un total de 20 universidades –a denominada Xarxa Vives d’Universitats– e que tamén conforman unha potente, por así dicir, comisión de política lingüística.

Tamén é importante a colaboración de determinadas institucións, caso do Institut d’Estudis Cataláns e institucións múltiples do ámbito cultural, como pode ser Òmnium Cultural, que hai en Cataluña en defensa da lingua catalá e que tamén, coido, poden incidir moito máis na política lingüística das universidades.

Xa dentro das universidades, e en primeiro lugar, engadiría que a política lingüística se caracteriza por ser unha política moi transversal. É unha política para a que, ao meu entender, os equipos reitorais deben nomear unha persoa responsable súa, isto é, unha vicerreitoría responsable da política lingüística e a ser posible que como tal figure no propio nome da vicerreitoría para unha maior identificación de quen é o responsable político da política lingüística que se impulsa desde a universidade. É, insisto, unha política moi transversal porque afecta, como saben, á política académica, á política internacional, á política de profesorado, á política de investigación etc mais debe haber un responsable de política lingüística en cada universidade e así poida ser identificado por parte da comunidade universitaria. Alén disto, é fundamental que o reitor ou reitora da universidade teña unha mínima sensibilidade lingüística. Falo por experiencia propia e afortunadamente debo dicir que os reitores que eu mesmo tiven como vicerreitor –un total de tres– tiveron unha sensibilidade lingüística bastante elevada, o

cal facilita bastante o labor. É tamén moi transversal por lle afectar a outras vicerreitorías e por requirir a participación doutros órganos da universidade, caso das xerencias universitarias. Se hai un responsable dentro da xerencia universitaria dos servizos lingüísticos das universidades isto facilita moito as cousas, pois hai unha interlocución entre a parte política e a parte xerencial dentro das universidades en materia de política lingüística.

Reparemos en que agora mesmo o goberno catalán está a impulsar, descoñezo se tamén ocorre o mesmo en Galicia, un modelo de financiamento das universidades por obxectivos, o cal implica que tamén haxa obxectivos lingüísticos. Por exemplo, xa a partir de 2009, se as universidades aumentan a porcentaxe de docencia en catalán, se incrementan o número de participantes nos programas de acollemento lingüístico de alumnado foráneo ou se se fomenta o inglés ou calquera outra lingua estranxeira... recibirán máis cartos e, en definitiva, contarán con maiores recursos. Hai, por tanto, uns obxectivos lingüísticos que activaron por así dicir as xerencias universitarias, de modo que agora xa as xerencias universitarias toman un pouco máis en serio a política lingüística universitaria. É importante, por suposto, que haxa unha xerencia tamén sensible a estas cuestións.

É fundamental a participación das facultades: na Universidade de Barcelona hai 19 centros con cadansúa comisión de política lingüística, que actúan de xeito coordinado e, á súa vez, desde a Vicerreitoría se manteñen con elas até tres reunións anuais de carácter ordinario para lles trasladar as políticas lingüísticas que se están a impulsar nos distintos ámbitos. Por tanto, esta participación dos centros no pulo á política lingüística universitaria, sexa a través dos equipos decanais, sexa a través do profesorado que pertence á comisión de política lingüística fan ambos un labor sumamente importante.

Tamén é importante, para alén do xa dito, que haxa unha comisión de política lingüística delegada do Consello de Goberno da universidade, do mesmo xeito que hai unha comisión de doutoramento, unha comisión académica, unha comisión de profesorado... Así ocorre na Universidade de Barcelona cuxa composición é plural, ten carácter executivo (as súas decisións aplícanse), o seu funcionamento é áxil, e resulta coñecida (publicanse todas as actas das tres reunións anuais ordinarias que se celebran ao longo do ano). En resumo, resulta fundamental a implicación da xerencia e dos centros, e a creación dunha comisión delegada.

Outro aspecto clave é a información e a participación da comunidade universitaria, basicamente a participación do alumnado, pois sempre nos traslada reivindicacións

en materia de política lingüística, sobre todo en período electoral, e o ideal é conseguirmos a súa implicación no impulso da política lingüística co fin de que participe na comisión de política lingüística delegada e mais na comisión de política lingüística do seu centro. Só así cando houber algún problema en materia de política lingüística ou cando se impulsar unha política lingüística difícil, o alumnado servirá de apoio, tendo en conta, ademais, que basicamente a maioría das medidas en política lingüística lles afectan aos alumnos e ás alumnas e van no camiño de satisfaceren os seus dereitos lingüísticos.

Tamén cómpre implicarmos distintas unidades e órganos na medida en que os servizos lingüísticos tamén se relacionan con outras unidades universitarias. No noso caso a relación é extraordinaria: os Servizos Lingüísticos da Universidade de Barcelona dispoñen dun gran prestixio dentro da universidade, o cal é moi importante co fin de que as distintas unidades académicas ou de Relacións Internacionais valoren o labor que desde eles se leva a cabo. É clave, pois, nesta implicación, esta relación horizontal entre distintos servizos da universidade.

E tamén me gustaría unha maior implicación dos consellos sociais das universidades no impulso das políticas lingüísticas. Se os consellos sociais das universidades pretenden ser o órgano de relación e de participación da sociedade dentro da universidade, daquela desexo que vaian alén dunha supervisión e aprobación de cuestións simplemente económicas e patrimoniais, e realmente sexan uns órganos de participación da sociedade dentro da universidade, cando ademais o que reclama a sociedade catalá é que o catalán sexa unha lingua de prestixio dentro da universidade. Certamente no caso da Universidade de Barcelona hai moi pouca implicación, polo que o desexable sería que tivese unha maior implicación, especialmente agora cando, a comezos de 2009, se reforme a LUC e os consellos sociais van ter maior protagonismo na vida cotiá das universidades.

Finalmente, desexo rematar falando, outra volta, dos servizos lingüísticos. Estou convencido de que se chegamos a onde chegamos en materia de política lingüística nas universidades catalás, é grazas aos servizos lingüísticos. É fundamental ter uns servizos lingüísticos nas universidades, sen eles non se tería realizado absolutamente nada. No noso caso dispomos de 30 persoas –teñamos en conta que somos a universidade máis grande de Cataluña– que pasaron de ser servizos lingüísticos de lingua catalá a ser multilingües, pois nestes momentos estamos a aplicar políticas multilingües, aínda que o catalán, claro está, segue a ser a súa prioridade. Desexo deixar constancia do seu magnífico funcionamento nas súas tres áreas de traballo: asesoramento, formación e dinamización.

Canto á formación, pensemos que cando se lle esixe ao profesorado o coñecemento das dúas linguas oficiais e que acredite, por tanto, o coñecemento do catalán, isto significa activar os servizos lingüísticos. Desde que aplicamos o criterio que establece para concursar na Universidade de Barcelona a acreditación do coñecemento da lingua catalá, levamos convocadas unhas 300 prazas de profesorado (catedráticos, titulares, contratados permanentes...). En todas elas hai que acreditar ese coñecemento, de modo que para pasar de titular a catedrático non abonda con ser xa profesor da Universidade de Barcelona se non se acredita tal coñecemento. Por tanto, houbo unha tarefa difícil consistente en formar a todos aqueles que necesitaban formación e todos así o acreditaron.

Conseguiuse, ademais, unha cuestión fundamental en Cataluña: demostrar que a principal universidade catalá –a Universidade de Barcelona– conseguiu acreditar neste período 350 persoas (levamos 1.000 desde o ano 1998) a través dos nosos servizos lingüísticos (hai outras vías) e conseguimos tamén durante estes catro anos que aplicamos este criterio sermos a universidade catalá que máis profesorado estranxeiro contratou. Isto é simplemente extraordinario... Contratouse profesorado de Marrocos, Rusia, Italia, Gran Bretaña, EE UU... de xeito permanente e coa acreditación da lingua catalá. Por tanto, non é misión imposible e, ademais, con isto contradíse que a esixencia do catalán sexa un freo á internacionalización, pois somos a universidade, seguindo todos os parámetros, máis internacional que hai en Cataluña. Contradíse, tamén, que se free o impulso científico da universidade. Non ten valor o aserto de que algúns grandes científicos que poderían ir á Universidade de Barcelona se se lles esixe o catalán pois talvez non acepten. Insisto, é a universidade que máis profesorado estranxeiro contratou e segundo indicadores internacionais, xa non os indicadores cataláns nin os da propia Universidade, é a primeira universidade en produción científica. Engado un dato máis: basicamente esta produción científica realízana estas facultades que presentan un 80% de clases en catalán. Por tanto, a investigación faise en inglés, en francés, en italiano... mais que ninguén equipare ou relacione a esixencia dunha lingua como o catalán co freo á internacionalización, á presenza de profesorado estranxeiro (contratamos máis que outras universidades sen tal requisito), ou co freo á produción científica. Mais todo isto esixe que os servizos lingüísticos se impliquen e faciliten as cousas. Hai normativa, aplicámola e despois facilitamos as cousas, de tal xeito que se ofreceu formación intensiva, traballouse nos formatos dos exames, das probas... houbo clases particulares mesmo nas fins de semana, tívose en conta a formación en liña etc.

Implicarmos os servizos lingüísticos e sermos conscientes de que hai que aplicar unha normativa para despois facilitarmos as cousas, isto é o que fixeron os Servizos

Lingüísticos da Universidade de Barcelona, cuxo mérito desexo salientar. Despois aínda poderíamos falar da formación do persoal de administración e servizos e máis do alumnado, mais interesábame aquí salientar a formación para o profesorado que quixer traballar na Universidade de Barcelona.

Respecto á dinamización somos a universidade con maior número de alumnado estranxeiro de Cataluña, o cal esixe que lle haxa que proporcionar un programa de acollemento e, asemade, significa tamén moita dedicación por parte do persoal Servizos Lingüísticos. Tamén nesta alínea estou extremadamente orgulloso do que levan feito durante estes anos. Cada ano, na Universidade de Barcelona 1.000 estudantes estranxeiros –dos 2.000 que chegan á Universidade– aprenden catalán e son quen de seguiren as clases de catalán nun mes. Isto novamente é extraordinario, malia non ser fácil. Esixe, sen dúbida ningunha, moita dedicación, recórrese a bolseiros, á formación de parellas lingüísticas, á implicación do alumnado, dos centros, á información constante, á formación... Por tanto, tampouco neste sentido o catalán é unha barreira, senón que é unha oportunidade. O estudantado estranxeiro, por exemplo, pode estudar Medicina nun dos hospitais máis prestixiosos de España –o Hospital Clínico de Barcelona– e non só aprenden a disciplina, senón tamén cando menos acaba entendendo outra lingua.

Finalmente, mencionarei o asesoramento lingüístico e a procura da calidade lingüística, pois non todo o profesorado, nin toda a documentación teñen de entrada unha calidade lingüística correcta, por tanto tamén aquí hai unha actividade dos Servizos Lingüísticos moi importante. Nestes momentos o asesoramento é multilingüe, estanse a traducir moitos documentos, mais en todo caso a lingua oficial de comunicación da universidade é a lingua catalá e toda a documentación debe estar ben escrita.

Esta é unha actividade de 30 persoas estables, máis unhas 30 persoas colaboradoras case permanentes dentro dos Servizos Lingüísticos. Insisto, é sumamente importante que a universidade lle dea prioridade a este servizo se é que realmente non só quere aplicar a normativa en materia de política lingüística. Se se quere tentar que o catalán, neste caso, sexa unha lingua de prestixio, cómpre facilitar as cousas que é o que conseguimos cos Servizos Lingüísticos da Universidade de Barcelona.

Remato xa afirmando que o pulo da política lingüística aínda ten moito camiño por percorrer, pois hai poucas directrices en materia de política lingüística universitaria. Gustaríame que os nosos responsables políticos nos ofrecesen modelos de política lingüística universitaria e non este caos que hai actualmente nas universidades catalás en que cada unha fai o que pode sen maior coordinación.

Reitero que se trata dunha política moi transversal que require a implicación de moitas vicerreitorías, mais en todo caso a responsabilidade última é da vicerreitoría responsable da política lingüística e, tamén, a implicación do reitor, pois, como noutros ámbitos de xestión, en materia de política lingüística cómpre ás veces facer un exercicio de funambulismo político que se se ten o apoio do reitor resulta máis fácil e estable. E reitero tamén que é transversal no sentido de contar coa implicación das distintas unidades universitarias. En todo caso, sexa como for, a clave da política lingüística das universidades catalás e o seu éxito, pois son da idea de que se pode falar de éxito no caso catalán, é atribuíble basicamente aos servizos lingüísticos das nosas universidades. Todos eles se coordinan, manteñen unha relación extraordinaria entre eles, todos eles se reúnen e penso que o reto que temos do multilingüismo e como conxugalo co impulso da lingua catalá é un reto que debemos traballar todas as universidades co apoio deste factor clave que son os seus servizos lingüísticos.

Medidas para a promoción da lingua propia da Universidade de Valencia

ALFONS ESTEVE I GÓMEZ

Director do Servizo de Política Lingüística da Universidade de Valencia

Antes de entrarmos a analizar as medidas que tomou ou pode tomar a Universidade de Valencia respecto da promoción da lingua propia, pode resultar interesante coñecermos algúns aspectos básicos tanto do País Valenciano como da propia Universidade.

O País Valenciano é, xeograficamente falando, unha estreita franxa litoral duns 23 295 km², é dicir, uns 6.100 km² menos que Galicia: algo así coma se lle restásenos Ourense á súa superficie global. A súa poboación rolda os cinco millóns de habitantes, dos cales, máis ou menos 800 000, se concentran na capital, Valencia.

Quizais o trazo sobre o que máis insistiron todos os estudosos é o da dualidade valenciana, pois, en efecto, o País Valenciano describiuse como un espazo dual en case todas as ordes: na lingüística e na cultural, na económica e na social, e mais tamén na xeográfica e na demográfica.

Toda a franxa costeira, agás no extremo sur, é catalanfalante, porén todo o interior, salvo o extremo norte, é de fala castelá. A inmensa maioría da poboación (un 90%) concéntrase nesta franxa litoral catalanófona, de xeito que, malia as bisbarras interiores castelanfalantes representaren o 40% da extensión, nelas só vive o 10% dos habitantes.

As linguas oficiais, segundo o Estatuto de autonomía, son o castelán e mais o valenciano. Alén diso, só esta última é recoñecida estatutariamente como a lingua propia de todo o país. E aínda que este mesmo estatuto só fai mención da denominación de valenciano, tanto nos ámbitos académico e científico como no legal e no xurisprudencial, coñéceselle, sobre todo, coa denominación de catalán.

Respecto da Universidade de Valencia cabe resaltarmos que é unha universidade que conta con máis de cinco séculos de historia, posto que foi creada en 1.499. Actualmente ten tres campus universitarios e, segundo os datos correspondentes ao curso 2006-2007, conta con máis de 54 000 estudantes (concretamente 45 574 de grao e 8.683 de posgrao). O cadro de persoal docente e investigador (PDI) consta de 3.287 membros, mentres que o de administración e servizos (PAS) o conforman 1719 persoas. Ofrece 63 estudos oficiais de grao, 30 mestrados oficiais e 256 posgraos propios.

Un pouco de historia

Nas universidades valencianas, en xeral, e na de Valencia, en particular, ao se daren os primeiros pasos para nos dotarmos dunha estrutura democrática, houbo un amplo consenso na necesidade de lle pórmos fin á discriminación que sufría a lingua propia, o catalán, e de iniciarmos un proceso de normalización lingüística. Neste sentido, a aprobación dos Estatutos do ano 1985 constitúen un fito.

Estes estatutos declaraban a oficialidade do catalán, xunto ao castelán, e para alén diso, recoñecían como a lingua propia da universidade. Así, o artigo 6.2 establecía: «É obxectivo fundamental da Universidade de Valencia conseguir o uso normalizado da lingua propia da Comunidade de Valenciana, isto é, o desenvolvemento de todas as funcións sociolingüísticas dunha lingua de cultura moderna».

O mesmo texto estatutario prevía xa algunhas das medidas primeiras desta política lingüística: fixaba a obrigatoriedade de denominar en catalán os departamentos, os centros, os servizos e a propia universidade, e tamén a obriga do persoal docente e investigador de coñecer as linguas oficiais da universidade, así como que «quen obtiver unha praza [de PDI] deberase someter, no seu caso, ás avaliacións do coñecemento das linguas que son oficiais na Universidade de Valencia» (artigo 167.4).

Polo que respecta ao estudantado, a Carta de dereitos e deberes dos estudantes da Universidade de Valencia de 1993 (aínda en vigor), recoñece, no artigo 31, o dereito «a elixir de entre as dúas linguas oficiais aquela en que quixer cursar os seus estudos e a recibir, por tanto, o ensino na lingua propia de Valencia».

Respecto da docencia, unha das principais medidas tomadas para estender o uso do valenciano na docencia, foi a organización das denominadas *liñas en valenciano*. Con isto, tratábase de lle garantir ao estudantado a posibilidade de se matricular en grupos onde recibirían o ensino en valenciano. Ora ben, malia os esforzos, en realidade este

sistema nunca se mostrou suficiente para atender a demanda lingüística dunha parte dos estudantes.

A implantación dos anteriores planos de estudos a partir do curso 1993-94, complicou aínda máis as cousas. No terreo lingüístico, a primeira consecuencia foi a inviabilidade das liñas en valenciano, xa que as materias tiñan agora varios grupos e subgrupos, unha capacidade en prazas e un idioma concreto. A configuración destes planos de estudos, cunha dispersión meirande de grupos e de horarios e unha optatividade importante, dificultaba aínda máis o seguimento e a avaliación do proceso de normalización lingüística na universidade. En definitiva, a aplicación destes planos case imposibilitaba a organización de liñas e facía máis difícil o uso do catalán na docencia.

Con todo, a Universidade de Valencia foi aprobando todo un conxunto de medidas internas encamiñadas a favorecer e promover o uso do catalán na docencia, mais todos estes acordos e medidas se aplicaron de xeito parcial e, daquela, non resultaron suficientes, por eles mesmos, non xa para normalizar o uso do valenciano na docencia, senón nin tan sequera para garantir os mínimos dereitos lingüísticos do alumnado. E todo iso por dous motivos principais: pola falta de confianza do profesorado na súa capacitación lingüística e mais pola falta de control na aplicación das normativas.

Novo marco xurídico

A promulgación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades estableceu un novo marco xurídico e obrigou a todas as universidades a aprobaren uns novos estatutos. Iso abría a posibilidade de mudar tamén o marco xurídico-lingüístico das universidades. Porén, no caso da Universidade de Valencia, os novos Estatutos de 2004, manteñen as grandes liñas dos Estatutos de 1985 polo que respecta ao réxime lingüístico en todo o que mencionamos. Mudou, iso si, o nome do Servizo e da Comisión que até daquela se ocuparan das cuestións lingüísticas: deixaban de ser de «normalización lingüística» para pasaren a ser de «política lingüística». Entendemos que se expresaba así unha vontade de cambio e de avance neste ámbito porque se subliñaba explicitamente que se quería pór en marcha unha actuación transversal do máis alto nivel: unha «política lingüística», tal como hai, por citarmos dous exemplos, unha «política científica» ou «de persoal».

Amais disto, e como cambios significativos, respecto dos anteriores estatutos, introducíanse diferentes medidas:

- a) A obriga de coñecer as linguas oficiais da universidade esténdese tamén ao persoal de administración e servizos (para o persoal docente e investigador xa se prevía nos Estatutos de 1985).
- b) Establécese a posibilidade de que na relación de postos de traballo, tanto do PAS como do PDI, figure a esixencia do requisito lingüístico.
- c) Prevese que no acceso a prazas de PDI pertencentes a áreas de coñecemento que non satisfagan as previsións relativas á docencia en valenciano establecidas na oferta do curso académico, e nomeadamente nos concursos de contratación, o Consello de Goberno acordará a inclusión da esixencia da capacitación lingüística pertinente.
- d) Fíxase a esixencia da aprobación dun plano de incremento da docencia en valenciano.
- e) Prevese a elaboración dun regulamento de usos lingüísticos.

Todas estas medidas, fixadas nos Estatutos, cremos que son medidas necesarias que poden contribuír a aumentar o uso da lingua propia en todos os ámbitos da vida universitaria, e sobre todo, na docencia. Desgraciadamente, ningunha destas medidas se fixo efectiva aínda, a pesar de que xa hai máis de catro anos que se aprobaron estes estatutos.

Desde hai tempo, o Consello de Dirección ten na súa mesa unha proposta de regulamento de usos lingüísticos elaborada polo Servizo de Política Lingüística, mais de momento aínda non se comezou nin sequera a toma en consideración nos órganos competentes da universidade (Comisión de Política Lingüística, Comisión de Estatutos e Consello de Goberno).

Polo que respecta a outras medidas normativas, e especialmente aquelas que van dirixidas á docencia, hai que resaltar que, desde hai anos, na aprobación anual dos criterios para a elaboración da oferta dos estudos de grao de cada curso académico se recollen unhas normas específicas respecto da docencia en catalán. O acordo para o actual curso é o 14/2008, do Consello de Goberno, do 30 de xaneiro de 2008 que establece o seguinte:

Alínea 2. Docencia en valenciano

Na oferta de curso académico, sempre que dunha materia (troncal, obrigatoria ou optativa) se ofrecer máis dun grupo nunha mesma titulación, polo menos unha deberá ser en valenciano, mais mantendo a proporción establecida segundo o número de grupos ofertados.

Cando dunha materia houber un só grupo e este non se ofrezca en valenciano, mais haxan outras titulacións onde se impartan outros grupos da mesma materia, débese facilitar que o estudantado poida matricularse nos grupos en valenciano ofrecidos nestas outras titulacións.

Cando houber un só grupo na titulación, este ofrecerase na lingua que determine a CAT [Comisión Académica de Títulos]. Porén, para o curso 08-09 débense ofrecer en valenciano cando menos unha cuarta parte da docencia impartida.

As comisións académicas dos títulos e os departamentos deben garantir que a docencia sexa impartida na lingua que establece a OCA [Oferta de Curso Académico].

Aínda que na realidade este acordo non se cumpriu na súa totalidade, si que tivo un impacto positivo, xa que permite que, cando se aproban os programas de ordenación docente (POD), é dicir, no momento da asignación de grupos a cada docente, se poida comprobar se realmente se seguiron os criterios fixados polo Consello de Goberno. E iso é así porque cando se aproba o POD, a lingua en que se imparte cada materia é un dos ítems obrigatorios que hai que reflectir.

Medidas concretas de promoción

Á parte das medidas normativas, o Servizo de Política Lingüística ofrece un amplo catálogo de servizos e actividades de promoción do catalán. Aos xa tradicionais de cursos de lingua e asesoramento lingüístico e terminolóxico, fóronselles sumando outras iniciativas.

Desde hai tempo, dispomos de catro centros de autoprendizaxe, un por cada campus e outro máis na Escola de Maxisterio. Así mesmo, nun deles introducimos a novidade de incorporarmos material didáctico de todo tipo, non só para aprender catalán, senón tamén inglés. A idea é irmos ofrecendo tamén este servizo nos outros centros. Deste xeito, pretendemos que na Universidade de Valencia, a asunción do necesario multilingüismo se faga desde a perspectiva da lingua propia e que esta incorporación se faga da man do catalán e non a custa do catalán.

Canto á extensión do uso tanto na docencia como na investigación, puxéronse en marcha varias iniciativas. Hai rematada unha colección completa de vocabularios especializados de dereito (14 en total). É unha iniciativa conxunta do noso servizo e a Facultade de Dereito, que permitiu que participasen na confección dos vocabularios

profesorado de todas as materias, mentres que os nosos técnicos da Área de Terminoloxía se encargaron da súa revisión terminolóxica. Alén diso, con todo este material, e en colaboración coa Universidade de Barcelona, estase a elaborar un vocabulario xeral de dereito, que conterá ao redor de 6.000 termos.

Para facermos máis áxil a publicación de material docente transformáronse as bolsas para a elaboración de manuais universitarios nunha convocatoria anual de incentivos para material docente. O proceso de elaboración e edición dun manual era moi longo e custoso (algúns alongábanse varios anos por mor dos labores de elaboración, corrección e edición). Agora, o proceso é moito máis rápido e sinxelo e a convocatoria de incentivos está aberta todo o ano. A axuda é dobre: económica, por unha parte, de até 2.000 euros; e de corrección lingüística, pola outra. Unha vez que se corrixe, a publicación do material é virtual: tanto no web do noso servizo como na aula virtual da universidade, a que teñen acceso todo o estudantado que está matriculado na materia. Deste xeito, abarátanse custos e axilízase a publicación, en sentido amplo, de material en catalán, tanto para o estudantado como para todo aquel que o quixer consultar.

O ano pasado puxemos en marcha por vez primeira unha campaña de mellora da calidade da lingua para o PDI e o PAS, mediante a difusión dun DVD titulado *Tenim paraula* que contiña 90 capítulos cos erros máis frecuentes e as súas solucións. Este ano continuaremos a experiencia cun CD de pronunciación (*Fonet, pratiques de fonètica*).

Polo que atinxen ao estudantado, lanzamos tamén diferentes iniciativas. Elaboramos un CD en dez linguas diferentes, para lle explicar ao estudantado estranxeiro cal é a realidade lingüística da nosa universidade. Nel hai experiencias contadas por estudantado nativo destas dez linguas (inglés, francés, italiano, alemán, holandés, ruso, polaco etc.) en que animan aos novos estudantes a aprenderen o catalán a partir das súas vivencias na Universidade de Valencia.

Continuamos incentivando, formando e dinamizando o voluntariado lingüístico universitario. Desde que o iniciamos hai 12 anos, máis de 1.200 estudantes pasaron por este programa. E só no que levamos deste curso 2008-09 inscribíronse 245 novas persoas voluntarias que colaboran nas diferentes campañas que organiza o noso servizo. Ademais, e desde o curso 1996-97, todos os anos, e coincidindo coa matrícula, faise unha campaña, dirixida ao estudantado, para que escolla a docencia en valenciano na súa carreira. Este ano e como novidade, non só organizamos a tradicional campaña, senón que previamente, entre febreiro e maio, estudantes pertencentes ao noso voluntariado lingüístico visitaron numerosos centros de bacharelato (96 en concreto)

e explicáronlle ao alumnado de 2.º as vantaxes que ten estudar en catalán na universidade.

Extensión do uso na sociedade

Para alén de todas estas actuacións dentro da universidade, e considerando a situación sociolingüística do País Valenciano, e a nula actividade, ou máis ben a contraplanificación lingüística do Goberno valenciano, a Universidade de Valencia, conxuntamente coas outras universidades públicas valencianas, acometemos tamén tarefas de extensión do uso da lingua, máis alá de entre o persoal da comunidade universitaria, entre a propia sociedade en xeral.

Estamos a organizar xa, por quinto ano consecutivo, un ciclo de cinema en valenciano (tanto dobrado como subtulado) con películas de actualidade. Trátase de lles ofrecer a todos os membros das nosas comunidades universitarias, e tamén ao público en xeral, cinema de actualidade e de calidade, e programado en salas comerciais de proxección. A idea é que o público comprobe por si mesmo que o bo cinema o pode ver tamén dun xeito normal en catalán e nas salas habituais. Teñamos en conta, así mesmo, que o cinema non só se proxecta nas grandes cidades –Valencia, Alacante e Castellón–, senón tamén noutras cidades medias onde teñen campus as universidades públicas valencianas: Alcoi, Gandia e Ontinyent.

Tamén, e no mesmo sentido, colaboramos, por cuarto ano consecutivo co Festival de Cinema Inquiet, que organiza o concello de Picassent, e que é o único festival para a promoción da creación audiovisual en todas as súas variedades que se fai en catalán no País Valenciano.

Á súa vez, o curso pasado (2007-08), e co mesmo obxectivo que cos ciclos de cinema, é dicir, cubrirmos a falta de iniciativa da Generalitat Valenciana, organizamos, en colaboración coa Universidade Politécnica de Valencia, un ciclo de música titulado *Música en valencià*. Trátase dun proxecto para fomentarmos a música e a cultura en catalán na cidade de Valencia, e mais tamén para dinamizarmos a vida extraacadémica dos estudantes universitarios (e do público en xeral) e a oferta cultural da nosa cidade.

Os concertos prográmanse nunha sala habitual de concertos e neles participan dous grupos de todo o ámbito lingüístico catalán. O esquema do concerto é o dun grupo máis ou menos consagrado e un grupo novo. Deste xeito, para alén de promovermos a música en catalán, tamén damos a coñecer os novos grupos que están a principiar. O

curso pasado demos seis concertos e no curso que agora encetamos temos previsto programar outros tantos.

Propostas de futuro

Dende a oficialización do valenciano, tanto mediante o Estatuto de Autonomía, a Lei de uso e ensino do valenciano (LUEV), como dos propios estatutos universitarios, as universidades –os seus órganos de goberno– dedicaron gran parte do esforzo en prepararen o seu funcionariado, tanto o PDI como o PAS, para que puidese desenvolver as súas tarefas nesta lingua. Esta política baseouse, ademais, case sempre na voluntariedade da reciclaxe e da formación, e condicionouse, tamén, á voluntariedade de exercer en catalán o seu traballo, ben sexa a docencia, ben a investigación, ben a administración. A preocupación polo estudantado limitouse, as máis das veces, a lle ofrecer algúns grupos da súa carreira en valenciano e, en determinados casos, a lle posibilitar a asistencia a cursos de formación de lingua.

É así que o panorama lingüístico das universidades valencianas mudou ben pouco nestes anos e continúanse a aplicar as mesmas políticas lingüísticas desde hai moito tempo. Cómpre, por tanto, que as universidades se formulen novos retos e novas perspectivas de futuro, moi especialmente aqueles que teñan incidencia directa na formación e na preparación en catalán dos e das estudantes que, co tempo e en definitiva, serán os futuros profesionais.

Algunhas das propostas que cómpre aplicarmos son:

1. Elaboración de planos de actuación de ano académico, coa definición clara duns obxectivos específicos que cumprir. Paralelamente, débese facer un seguimento exhaustivo do que se alcanzou e o grao de satisfacción das persoas implicadas. Complementariamente, téñense que abordar tamén os aspectos que non se conseguiron alcanzar, xunto coa análise das causas e coas propostas de correccións que se teñan que introducir para os poder levar a cabo.
2. Hai que aprobar e pór en marcha un regulamento de usos lingüísticos que regule, defina e garanta con claridade o uso da lingua propia e, no seu caso, o das outras linguas oficiais e non oficiais, en todos os ámbitos universitarios. Lembremos que este é un mandato dos Estatutos que aínda está por executar.

3. Outro dos mandatos estatutarios pendente de aprobar é un plano de incremento da docencia en valenciano. Hai que definir as medidas que deben mellorar a oferta lingüística en valenciano. Estas medidas deben ter unha incidencia directa tanto nos departamentos como no profesorado, nos decanatos e nas direccións dos centros, para que todo o persoal e todos os órganos implicados na docencia o estean tamén na docencia en valenciano.

Quizais neste sentido poderíase estudar a aplicación dun coeficiente de bonificación (en financiamento ou noutras vantaxes) para os departamentos, ligado ao cumprimento da docencia e da investigación en catalán, e asemade ligado tamén á satisfacción da demanda de docencia que formulou o estudantado.

4. Sen dúbida, un instrumento que hai que ter en conta, tanto no regulamento de usos lingüísticos como no plano de incremento da docencia en valenciano, é a aplicación e a implantación definitiva do requisito lingüístico para todo o persoal que traballa na universidade, quer o PDI quer o PAS e tanto se for contratado, como se for funcionario.

Polo que respecta ao PDI, está claro que dificilmente se poderá atender o dereito do estudantado a recibir a docencia na lingua propia de non se lle esixir ao profesorado o deber correlativo da competencia lingüística.

Polo que respecta ao PAS, a universidade debe determinar sen máis dilacións os perfís lingüísticos de todos os postos de traballo. As convocatorias de oposicións, concursos e ofertas de emprego deben prever o requisito lingüístico previo. Así mesmo, para o persoal –funcionario ou fixo–, de acordo co perfil lingüístico asignado na relación de postos de traballo, débese completar, se for o caso, a súa reciclaxe ou formación lingüísticas, co fin de que o descoñecemento non poida ser escusa para que o catalán se poida usar con normalidade nas comunicacións administrativas orais e escritas.

5. En correlación á oferta de docencia en valenciano, hai que prever mecanismos concretos de comprobación que aseguren que se cumpren tanto os criterios de oferta de curso académico (OCA) como os programas de ordenación docente (POD), para que ningún estudante vexa frustrado o seu dereito a estudar na lingua propia da universidade.

6. Outro dos instrumentos fundamentais para podermos facer unha boa planificación lingüística pasa por coñecermos cales son os recursos de que se dispón e cales os ámbitos deficitarios onde hai que actuar. Nunha institución como a universidade, dedicada basicamente ao ensino e á investigación, os recursos humanos son a peza cla-

ve. Por iso, cómpre sabermos cales son os coñecementos lingüísticos que ten cada membro dos cadros de persoal docente e de servizos. Só así, poderemos saber de que dispomos e que nos falta e, en consecuencia, tomarmos as medidas necesarias e actuarmos de xeito racional na definición das accións de política lingüística.

7. Respecto do estudantado, quizais habería que incidir nun aspecto importante de cara á inserción no mercado laboral unha vez finalizado o paso deste pola universidade: a capacitación lingüística do estudante mentres cursa a súa titulación. Hai que prever, daquela, a posibilidade de que en todas as titulacións se puidesen cursar as materias e os créditos necesarios (especialmente créditos específicos do que poderíamos denominar catalán instrumental) para poder obter a capacitación lingüística ao mesmo tempo que se cursan os estudos da titulación correspondente. Deste xeito, o estudantado xa graduado podería acreditar os seus coñecementos lingüísticos, tanto para traballar nas administracións públicas como nas empresas privadas.

En resumo: ou se asumen medidas valentes de política lingüística, en especial, respecto ao persoal, ou será moi difícil conseguir unha normalidade lingüística. As medidas de promoción, axudan, sen dúbida, mais as de acción, as que transforman as condicións de uso e establecen o respecto e a igualdade, son as que resultan.

As linguas minorizadas nas universitarias das Illas Británicas

CRAIG PATTERSON

Profesor da Universidade de Cardiff, Gales

A miña breve intervención vai tratar da situación en que se atopan algunhas linguas minorizadas autóctonas nas universidades británicas e irlandesas. Vou concentrarme hoxe nos casos do galés, do gaélico irlandés e do gaélico escocés. Logo da revisión dos seus contextos sociais contemporáneos, resumirei o estado actual da docencia e da investigación de cada unha delas.

Centrareime, así mesmo, nas facultades das universidades asentadas nas cidades capitais de Dublín, Edimburgo e Cardiff, por mor dos límites de tempo hoxe, e pondoos como casos representativos. Ademais, compararei algunhas cifras tiradas das facultades de linguas celtas coas das filoloxías Hispánica, Inglesa e Francesa, ou sexa, o estado das chamadas linguas minoritarias co das maioritarias. Vou comezar co caso do gaélico irlandés, e en concreto o seu contexto social.

O gaélico irlandés

Contexto social

O gaélico irlandés goza de cooficialidade na República de Irlanda; tamén é unha lingua oficial da UE, e unha lingua minoritaria oficial no norte de Irlanda, dentro do Reino Unido.

Como sempre, non se pode confiar completamente nos censos lingüísticos, mais existen entre 20 000 e 70 000 gaélicofalantes¹. Arredor de 17 000 persoas viven nas *gaeltachte*, as zonas gaelicófonas, onde a lingua irlandesa é a fala da comunidade, e unhas 10 000 nas comunidades onde se fala máis parcialmente². Porén, dado que o gaélico é unha materia obrigatoria no ensino secundario, existe unha boa cantidade de cidadáns que teñen como segunda lingua o gaélico, e case o 42% da poboación se considera competente no dominio da lingua nacional³. En termos xerais, unha de cada tres persoas na illa de Irlanda (arredor de 1,8 millóns de persoas) entende o gaélico con distintos graos de competencia⁴.

Todos os documentos oficiais do goberno irlandés se publican en irlandés e inglés, ou soamente en irlandés. A Lei de linguas oficiais, a Official Languages Act, aprobada en 2003, puxo en marcha unha variedade de iniciativas para fomentar o uso da lingua, e polo de agora hai que agardar para comprobarmos a eficacia das medidas⁵. Entre elas salienta a canle de televisión TG4, mais no sector dos medios de comunicación, o xornal en gaélico *Lá Nua* en un escaso público dunhas 7.000 persoas e vive da subvención gobernamental. Tamén hai xornais electrónicos, seccións gaelicas nos xornais principais en inglés etc.

Nos colexios subvencionados polo Estado, o gaélico é unha materia obrigatoria⁶. En xeral, o ensino do gaélico neses colexios goza dunha normalidade en todos os sentidos. Porén, o gaélico sofre un declive en Irlanda, a pesar desas cifras que en si semellan optimistas.

Contexto universitario

Cada unha das sete universidades irlandesas ofrecen licenciaturas e cursos de posgrao en estudos gaélicos, alén dalgunhas diplomaturas de tipo tecnolóxico. O gaélico ensínase normalmente a través dos departamentos de Filoloxía Gaélica, do de Estudos Celtas ou do de Lingüística. Ademais, o Instituto da Lingua Gaélica (Bord na Gaeilge) promociona a fala do gaélico entre o estudantado e o profesorado. O sistema universitario irlandés esíxelle a este último que queira licenciarse dentro do sistema nacio-

¹ <http://www.helsinki.fi/~tasalmin/europe_report.html#IGaelic>

² <<http://www.oceanfm.ie/onair/donegalnews.php?articleid=000002629>>

³ <<http://www.cso.ie/census/documents/Final%20Principal%20Demographic%20Results%202006.pdf>>

⁴ <<http://www.cso.ie/census/documents/Final%20Principal%20Demographic%20Results%202006.pdf>>

⁵ <<http://www.achtanna.ie/en.act.2003.0032.1.html>>

⁶ <<http://www.ncca.ie/uploadedfiles/Publications/Languagesdiscussionpaper.pdf>>

nal obter o certificado de irlandés que se saca aos 16 anos. As exencións permítense nos casos de estudantes nados fóra de Irlanda e mais nos disléxicos.

Na Trinity College, unha das dúas universidades de Dublín, durante este curso universitario (2008-09) hai 74 estudantes que cursan irlandés en primeiro dalgún xeito ou doutro. É dicir, de xeito illado, mais contando tamén as matrículas de irlandés antigo ou de irlandés moderno combinados cun idioma europeo ou con outra materia. Grazas a ese carácter combinatorio da estrutura da licenciatura en Trinity, pode parecer que hai moitos estudantes cursando o irlandés dun xeito rigoroso e completo. En concreto, o ano pasado licenciáronse uns 16 estudantes de entre todos os que seguiron ese tipo de curso.

Comparemos agora esas cifras coas dos estudos de Hispánicas e Inglesa da mesma universidade. O español estúdase xunto con outra materia, ao igual que a historia, o gaélico ou o francés. Matriculáronse uns 46 estudantes nesta liña durante o comezo deste ano académico, e licenciáronse ao remate do ano pasado uns 22 estudantes. Na facultade de Filoloxía Inglesa en setembro matriculáronse uns 44 estudantes, e no ano pasado licenciáronse 40.

Polo que se refire á investigación doutoral ou aos mestrados, neste ano hai sete estudantes vinculados aos estudos irlandeses, que parece ser a cifra normal dun ano a outro. Pola súa banda, en Hispánicas hai 12 e en Inglés 250.

Tocante ao profesorado, no Departamento de Irlandés e Linguas Celtas traballan actualmente nove profesores que ademais son investigadores⁷. O Departamento de Hispánicas conta con cinco profesores-investigadores⁸, mentres que a Facultade de Filoloxía Inglesa dispón de 36⁹.

⁷ Datos achegados polo Departamento de Linguas Irlandesas e Celtas da Universidade Trinity College, Dublín.

⁸ Datos achegados polo Departamento de Hispánicas da Universidade Trinity College, Dublín.

⁹ Datos achegados pola Facultade de Inglés da Universidade Trinity College, Dublín.

O gaélico escocés

Contexto social

O censo de 2001 amosa que hai arredor de 59 000 falantes de gaélico en Escocia, o que vén representando o 1,2% da poboación. Esa cifra representa un descenso de 7.300 persoas (o 11%) desde 1991, o que evidencia o continuo declive da lingua, a pesar das tentativas pouco exitosas de corrixir esa tendencia¹⁰. Con todo, a Lei da lingua gáelica (Gaelic Language [Scotland] Act) de 2005 outórgalle á lingua un certo grao de recoñecemento e apoio oficial.

O gáelico apréndese nos colexios, e nalgúns chega a ser o idioma de impartición. Hai unha emisora de radio en gaélico (Radio nan Gàidheal), ademais dunha canle de televisión integramente en gaélico (BBC Alba). Mais a distribución de prensa en gaélico é reducida.

Gran parte das desvantaxes sufridas polo gaélico escocés débense á Lei de ensino escocés de 1872 (Education [Scotland] Act 1872), que ignorou por completo o idioma autóctono e lles prohibiu a varias xeracións de gaelicofalantes falaren na súa lingua na escola. De feito, todas as linguas minoritarias de que trato aquí comparten a mesma experiencia de sufriren unha tiránica lei lingüística e cultural que puxo en gran perigo a súa saúde durante un século, se non máis. Tal é así que non se funda o primeiro centro de ensino secundario que imparte as súas clases completamente en gaélico até o ano 2006: o Instituto Gaélico de Glasgow (Sgoil Ghàidhlig Ghlaschu), situado lonxe das zonas onde se fala. Hoxe en día hai 61 colexios de primaria que imparten unha parte das clases en gaélico e aproximadamente unha ducia de institutos de secundaria puramente gaelicofalantes. Un total de 2092 alumnos entraron no sistema educativo primario gaélico en 2006-07, dun total de 16 050¹¹. A cifra non é demasiado esperanzadora.

Existen cursos e programas que permiten a aprendizaxe do gaélico fóra deses contextos, pero na miña propia experiencia non se axeitan ás situacións persoais. Nas grandes urbes de Glasgow e Edimburgo, a estratexia vai dirixida máis que nada aos programas que tentan mergullar as familias con nenos no uso diario da lingua. Por iso eu mesmo non cheguei a aprender gaélico durante os tres anos e medio en que vivín en

¹⁰ <<http://www.arts.ed.ac.uk/celtic/poileasaidh/newthinking/firstresults.html>>

¹¹ <http://openscotland.gov.uk/Publications/2008/03/19105444/1>

Escocia. Comparado cos casos de Gales e mesmo Irlanda, o contexto do gaélico escocés non é dos mais prometedores fóra das aulas.

Contexto universitario

Existen cursos de licenciatura na maioría das universidades escocesas que conteñen un certo grao de contacto co estudo do gaélico. Normalmente, son cursos de «Celtic Studies». Alén diso, hai certificados, mestrados, diplomas etc. e existe a posibilidade de realizar a investigación doutoral en gaélico.

En Edimburgo, na Facultade de Estudos Celtas e Escoceses, matriculáronse tres estudantes no ano académico 2008-2009 e licenciáronse outros tres o ano pasado. Agora comparemos coas facultades de linguas maioritarias: na Facultade de Filoloxía Hispánica, matriculáronse nove estudantes en Hispánicas en 2008, e o mesmo número se licenciou o ano pasado. Na Facultade de Literatura Inglesa as cifras son as seguintes: 68 estudantes matriculados ao comezo deste ano académico e 96 que se licenciaron o ano pasado.

A Facultade de Estudos Celtas e Escoceses conta con seis profesores que investigan habitualmente, e uns 22 estudantes comprometidos coa investigación a nivel de posgrao¹². Na Facultade de Filoloxía Hispánica hai seis estudantes de doutoramento e hai arredor de doce profesores-investigadores¹³. Na Facultade de Literatura Inglesa hai 35 profesores e uns 140 estudantes mergullados dun xeito ou doutro na investigación doutoral ou en mestrados¹⁴.

O galés

O contexto social

Arredor de 582 400 persoas (case o 21% da poboación galesa) son capaces de falar galés e case 458 000 (16,3%) poden ademais ler e escribir nese idioma. Do censo de 1991 ao de 2001 nótase un pequeno declive na cantidade de galesfalantes, e un meirande uso do inglés. Porén, a Lei de lingua galesa (Welsh Language Act) de 1993 outorgoulle

¹² Datos achegados polo Departamento de Estudos Celtas e Escoceses, Universidade de Edimburgo.

¹³ Datos achegados polo Departamento de Hispánicas, Universidade de Edimburgo.

¹⁴ Datos achegados polo Departamento de Literatura Inglesa, Universidade de Edimburgo.

ao galés a cooficialidade dentro do sector público. En termos moi xerais, a lingua goza dun moderado rexurdimento en termos do seu perfil nacional e internacional¹⁵.

O gran cambio na situación do galés comeza a se notar desde o ano 2000, cando se fixo obrigatorio o ensino da lingua en todos os colexios até a idade de 16 anos. O alumnado ou estuda nun colexio completamente galesfalante ou bilingüe. Dese xeito, mesmo os nenos e as nenas dos non-nativos que viven en Gales medran aprendendo a lingua nun nivel escolar. O gran desafío para o galés, e tamén para o gaélico irlandés, o escocés e o galego, é o problema da falta de falantes habituais nas grandes urbes. Por iso noto no profesorado que imparte o curso intensivo de galés a que asisto demasiada ansia en botar á rúa novos falantes proactivos. Existen moitas iniciativas deste tipo en Gales, o cal representa un claro investimento do goberno galés na promoción da lingua e da súa aprendizaxe.

Fíxose un censo sobre o uso do galés en 2004, mais non determinou o grao de fluidez das persoas entrevistadas. Tanto o que xa se fixera en 2001 como ese de 2004 suxiren que arredor do 14% da poboación fala galés de maneira cotiá. En xeral, nótase un aumento de galesfalantes habituais na zona do sueste, que abrangue a capital (Cardiff) e as urbes de Swansea e Newport. O mesmo censo afirma que case o 22% da poboación fala algo de galés, o que marca un aumento desde o 20,5% de 2001 e desde o 18,5% de 1991. Non esquezamos tampouco que un 25% dos que residen en Gales non naceron no país¹⁶. Non cabe dúbida de que a lingua galesa está viva, e que se emprega na conversa diaria por miles de persoas. Sen dúbida, o galés goza da mellor saúde das tres linguas abordadas nesta comunicación, e semella dispor das mellores posibilidades para a supervivencia lingüística nunha situación dinámica e relevante.

O contexto universitario

Como veño abordando, o galés emprégase moito no ensino xeral e todas as universidades galesas imparten algúns dos seus cursos en galés (sobre todo nas universidades do norte, caso de Bangor e de Aberystwyth). O alumnado poden solicitar que os cursos se impartan en galés en casos especiais. É dicir, depende da capacidade do profesorado para ensinar en galés, mais sobre todo da demanda estudiantil. Con todo, case todos os cursos das universidades se dan en inglés, fóra da facultade de galés. As

¹⁵ <<http://www.byig-wlb.org.uk/Pages/Hafan.aspx>>. Gwen Rice, a organizadora dos cursos lingüísticos de galés da Universidade de Cardiff tamén coincide nesta idea.

¹⁶ <<http://www.byig-wlb.org.uk/Pages/Hafan.aspx>>

universidades son unha empresa, e se os clientes non poden entender a lingua do sistema de funcionamento, a empresa é menos rendíbel. Mudaríase unha lingua de funcionamento por outra en canto a situación se fixese proveitosa e práctica. Con todo, o sistema «descentralizado» das universidades galesas, que permite compartir recursos e que facilita unha docencia e unha investigación mudábel e flexíbel, leva o sistema enteiro a un futuro onde traballar e estudar en galés sexa cada vez máis posíbel.

Centrándomonos nos datos das distintas facultades da Universidade de Cardiff, en 2008 matriculáronse 26 estudantes en galés e 12 licenciáronse en galés o ano académico pasado. Á súa vez en Filoloxía Hispánica dez estudantes comezaron os seus estudos no outono de 2008 e cinco licenciáronse o verán pasado. Por último, en Filoloxía Francesa matriculáronse en 2008 dez estudantes e nove licenciáronse.

En galés, son catro os profesores-investigadores, e uns 21 estudantes levan a cabo algunha forma de investigación¹⁷. En Filoloxía Hispánica contamos con catro estudantes de investigación e somos seis profesores titulares. En Filoloxía Francesa seis profesores titulares están involucrados na investigación e son seis os estudantes de posgrao¹⁸.

Conclusiones

Todas as linguas tratadas nesta comunicación —o gaélico irlandés, o gaélico escocés, e o galés— gozan de normalidade universitaria no sentido de que un estudante pode licenciarse nelas, conversar nelas no campus, entregar os seus traballos escritos nelas, e mesmo investigar nelas. Ademais, teñen facultades enteiras dedicadas ao seu estudo e dispoñen dun profesorado comprometido coa investigación nos respectivos eidos histórico, literario, lingüístico e científico. Para alén diso, as cifras que cito poden semellar optimistas. Se cadra parece que hai moito profesorado comprometido coa investigación nesas linguas e as súas culturas, tanto como numerosos estudantes que seguen cursos universitarios. Porén, o mesmo lle pasa ao latín, unha lingua, á fin de contas, morta.

Por outra banda, pode que haxa leis que recoñecen a oficialidade ou a cooficialidade da lingua tanto no contexto social como universitario, ou que lle outorgan un certo grao de prestixio. Con todo, nalgúns casos son case inútiles diante da hexemonía

¹⁷ Datos achegados polo Departamento de Galés da Universidade de Cardiff.

¹⁸ Datos achegados pola Escola de Estudos Europeos, da Universidade de Cardiff.

global e da veciñanza do inglés en todos os sentidos. Amais diso, o proceso de Boloña vai desamparar o ensino desas linguas, xa que non favorece os cursos que non atraen tantos estudantes, consecuencia da tendencia aparentemente universal de lle aplicar as normas comerciais ao contexto do ensino.

Ao examinarmos as cifras que divulgo aquí, non nos resultan moi sorprendentes, e son lóxicas. Os departamentos de irlandés, gaélico escocés e galés achegan unha imaxe sa do estado da investigación e docencia universitaria nesas linguas, mais non concordan sempre coa realidade social fóra das aulas e alén dos lindeiros do campus. O gran desafío desde logo para a política de cada entidade consiste en compaxinar esa realidade coa importancia cultural, histórica e lingüística plasmada nas facultades, nas licenciaturas e no profesorado que manteñen nun certo purgatorio optimista o benestar da alta cultura vinculada con elas.

A situación actual do bretón no ensino superior e universitario

ROBERT NEAL BAXTER

Profesor contratado doutor da Universidade de Vigo

A partir dunha descrición cifrada da situación da lingua bretoa na actualidade tanto en xeral como dentro do sistema educativo preuniversitario en particular, este artigo analiza as razóns de orde práctica que fan que o bretón estea case completamente ausente do ensino universitario como lingua vehicular. Constátase que hoxe en día a tan desexábel penetración do bretón dentro das principais universidades do país, de cara á súa plena normalización en ámbitos de alto prestixio, se ve empecida por factores insuperábeis a medio e longo prazo, ao non existir un número suficiente nin de estudantes nin de docentes capacitados para recibiren e impartiren, respectivamente, formación de nivel superior nesta lingua. Apúntase, porén, que a demanda do seu ensino está a consolidarse, malia unha desaceleración xeneralizada, e suxírense medidas para os primeiros pasos que cómpre dar con vistas a garantir o dereito das persoas britófonas a viviren e se desenvolveren plenamente na súa lingua nacional.

Introdución

A presenza do bretón na vida académica universitaria da Bretaña é case nula: non se pode vivir plenamente nesta lingua dentro de ningunha das universidades bretoas, nin recibir ningunha clase de docencia nesta lingua de maneira transversal, isto é, fóra da propia licenciatura de filoloxía bretoa; amais disto, se for pouco, tampouco está garantido o seu uso como lingua de docencia dentro da devandita licenciatura. De feito, o Diploma Universitario de Lingua e Cultura Bretoas ofrecido pola Universidade de Brest inclúe materias impartidas en francés e, segundo os datos fornecidos polo

sindicato bretón SLB¹, o 60% das materias dentro do mestrado de bretón tamén son impartidas na devandita lingua.

Este artigo analiza as razóns que conducen a esta situación, aplicábel *mutis mutandis* a todas a linguas non oficiais do Estado francés –isto é, todas menos o francés– e tenta prever as expectativas para o futuro. Neste sentido, para entendermos a situación que se produce no ámbito concreto do (baixo) nivel de uso da lingua bretoa dentro do sistema universitario, resulta imprescindible, antes de máis, repasarmos a grandes trazos a situación xeral do bretón na actualidade, así como o seu grao de penetración nos niveis educativos inferiores, que serven como base para a súa potencial presenza dentro da educación superior *a posteriori*.

Breve descrición da situación actual do bretón²

O bretón é a única lingua celta moderna falada fóra das illas Británicas. Foi traída ao continente no século VI durante varias vagas de emigración, polo que está emparentado co galés e, sobre todo, o cornuallés. Os primeiros documentos escritos en bretón datan do século IX. Unha vez dito isto, debemos saber que a lingua bretoa non goza de ningún recoñecemento oficial, ao ser o francés a única lingua da República francesa segundo unha modificación introducida na Constitución en 1992. En 1993, o Goberno francés, apoiándose neste novo artigo, negouse a asinar a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias; por outra banda, aínda que a asinou finalmente en 1999, fica sen ser ratificada até hoxe.

Así, non existe ningunha normativa que regule o dereito da cidadanía a ser atendida en bretón nas instancias públicas, incluídas as educativas. Mais, a pesar da ausencia de garantías legais de calquera tipo, cabe recoñecermos que nos últimos anos houbo un incremento da presenza do bretón na paisaxe lingüística, tanto nos rótulos públicos como tamén dentro de certos ámbitos comerciais privados, cuxo impacto positivo non debe ser infravalorado³; ora ben, tampouco podemos esquecer que

¹ Sindikad Labourerion Breizh (2005): *Profession de foi* (Roazhon/Rennes: SLB Skol Veur). Dispoñible no enderezo web <<http://yaouankizbreizh.free.fr/spip.php?article6>>.

² Agás mención explícita do contrario, todas as cifras desta sección proveñen das diversas publicacións da Ofis ar Brezhoneg que son citadas en nota.

³ Baxter, R. N. (2004): «Translation as de facto language planning within the framework of subordinated languages: status language planning in Brittany», en *Peripheral Cultures: A Philological Perspective*: 116 (A Coruña: AFI).

segue a tratarse de accións puntuais e voluntaristas. O bretón está moi lonxe de calquera normalización plena. Como se verá deseguido, esta situación global non difire da situación que se dá no ámbito da educación en xeral e no ámbito universitario en particular.

Historicamente, o bretón foi a lingua falada en gran parte do territorio, e pasou no século IX as actuais fronteiras da denominada «Rannvro Breizh/Région Bretagne», hoxe repartida entre os catro departamentos de Penn-ar-Bed/Finistère, Aodoù-an-Arvor/Les Côtes-d'Armor, Ar Mor-Bihan/Le Morbihan e Il-ha-Gwilen/Ille-et-Vilaine. Xa a partir da Revolución francesa foi recuando ao longo dos séculos, até ficar restrinxido na actualidade á parte máis occidental do país, chamada «Breizh-Izel» ('Baixa Bretaña'), fronte á zona máis oriental chamada «Breizh-Uhel» ('Alta Bretaña'), onde se fala o francés e outra lingua *d'oïl* autóctona, o galó:



Fig. 1. Dominio do bretón: recuamento histórico

Ao tempo que a área lingüística do bretón foi reducíndose, tamén foi minguando o número de falantes. En primeiro lugar, as dúas guerras mundiais e máis tarde o peso dos medios de comunicación de masas exclusivamente en francés foron factores moi importantes a este respecto, sen esquecermos a escola obrigatoria, un instrumento capital empregado de xeito consciente para a desbretonización do país. Isto non só levou a unha perda de falantes en termos absolutos, senón que, ao inculcar un sentimento de inferioridade e autoodio nas persoas britófonas, levounas, así mesmo, a unha ruptura importante na transmisión familiar natural da lingua.

Así, a comezos do século XX o bretón era falado por aproximadamente un millón de persoas, isto é, case a totalidade da poboación da Baixa Bretaña, mais xa en 1999 só restaban 263 850 falantes, un 8,5% da poboación total nese ano (Le Boëtté 2003: 18)⁴.




Fig. 2. Evolución do número de falantes⁵

Loxicamente, esta situación implica un envellecemento xeral dos falantes activos, tal como confirmou a primeira enquisa científica completa sobre o bretón levada a cabo por TMO-Régions en 1997⁶:




Fig. 3. Porcentaxe de falantes por idades

Visto que estas cifras datan de hai algo máis de dez anos, dada a taxa de mortalidade, coa conseguinte perda de falantes, cifrada en 10 000 persoas cada ano⁷, e dada a falta

⁴ Le Boëtté, I. (2002) "Langue bretonne et autres langues: pratique et transmission", Octant N° 92 [18-28], Roazhon/Rennes: INSEE

⁵ Ofis are Brezhoneg (s. d.): «Sifroù pennañ», en *Roadennoù heverk ar brezhoneg* ['Principais cifras: estatísticas salientábeis do bretón'] (Roazhon/Rennes: Ofis ar Brezhoneg). Dispoñible no enderezo web <http://www.ofis-bzh.org/bzh/langue_bretonne/chiffres_cles/index.php>.

⁶ Broudic, F. (1999): *Qui parle breton aujourd'hui? Qui le parlera demain?*: p. 32 (Brest: Brud Nevez).

⁷ Ofis are Brezhoneg (s. d.): «Sifroù pennañ», en *Roadennoù heverk ar brezhoneg* ['Principais cifras: estatísticas salientábeis do bretón'] (Roazhon/Rennes: Ofis ar Brezhoneg). Dispoñible no enderezo web <http://www.ofis-bzh.org/bzh/langue_bretonne/chiffres_cles/index.php>.

de transmisión interxeracional, pódese concluír que a situación global é hoxe en día máis dramática aínda. Así mesmo, no que se refire á educación e aos potenciais usuarios do bretón como lingua de ensino, son tamén interesantes os datos relativos ás taxas de analfabetismo e de lectura en bretón, que demostran claramente que a maioría dos falantes tamén son funcionalmente analfabetos nesta lingua⁸:




Fig. 4. Nivel de alfabetización funcional

Por outra parte, dada a situación xeral, é de supor que a maioría dos falantes máis novos adquiriu a lingua nas escolas bilingües máis do que por medio da transmisión oral no seo das súas familias, que si está plenamente alfabetizada nesta lingua. No entanto, o seu número actual é proporcionalmente demasiado reducido para revitalizaren a lingua⁹ e para garantiren a normalización lingüística nin sequera a longo prazo, nin na sociedade en conxunto nin dentro do sistema educativo e universitario en concreto. Ora ben, sexa como for, son estes últimos os potenciais axentes da reactivación lingüística hoxe existentes, as persoas en que fica depositado en gran medida o futuro do bretón tanto dentro como fóra da universidade.


O bretón na educación preuniversitaria

Á luz da grande importancia da comunidade escolar nos diferentes sistemas bilingües como base potencial para nutrir as aulas universitarias de xente britófona plenamente competente e capacitada do punto de vista lingüístico, antes de describir a situación do bretón dentro do sistema universitario cómprenos entender cal é a situación nos ciclos educativos básicos.

⁸ Broudic, F. (1999): *Qui parle breton aujourd'hui? Qui le parlera demain?*: pp. 26-27 (Brest: Brud Nevez).

⁹ «Reverse language shift». Fishman, J. A (1991): *Reversing language Shift: Theory and Practice of Assistance to Threatened Languages* (Clevedon: Multilingual Matters).

Existen tres sistemas de educación bilingüe nos tramos de preprimaria, primaria e secundaria (*skolaj*, ‘colexio’ e *lise*, ‘instituto’): a rede independente Diwan que practica a inmersión lingüística, creada en 1977; os centros públicos con clases bilingües, coa correspondente asociación de nais e pais Div Yezh, creada en 1979; e os centros católicos, coa asociación Dihun, creada en 1990. A oferta de educación bilingüe existe en todo o territorio dos cinco departamentos históricos (incluído o Liger Atlantel/Loire-Atlantique), aínda que de xeito heteroxéneo, sobre todo nos tramos superiores. En conxunto, a demanda experimentou un constante aumento, dunha media do 12%, entre 1997-2007¹⁰.



Chave (orde decrecente):
Instituto, colexio, primaria, gardaría

Fig. 5a. Numero de rapaces matriculados nos centros de ensino bilingüe no curso 2007 por departamentos




Fig. 5b. Evolución da matrícula segundo o tipo de centro

¹⁰ Arsellva ar Brezhoneg (2007b): *Stad ar c'heleenn divyezhek e Breizh e 2007 (Roadennoù an distro-skol 2007 ha Stadegoù ar bloavezh-skol 2006-2007)* [‘O estado do ensino bilingüe na Bretaña en 2007. Estatísticas para o comezo do curso escolar 2006-2007’]: pp. 11-12 (Roazhon/Rennes: Ofis ar Brezhoneg).

Mais aínda que segue a crecer o número de alumnado matriculado nos diferentes tipos de centros bilingües, globalmente a taxa de crecemento non parou de baixar, e mesmo chegou a ser a máis baixa dos últimos dez anos en 2007¹¹.




Fig. 6. Taxa de crecemento anual global

Como veremos a seguir, esta tendencia á baixa na demanda educativa en bretón tamén se fai sentir no ámbito universitario, que experimentou nos últimos anos unha certa consolidación, por un lado, acompañada dun estancamento da taxa de crecemento, o cal chegou a ser mesmo negativo.

Igualmente, é moito o estudantado que cursa Lingua Bretoa como materia optativa no ensino secundario, mais acada niveis de competencia moi desiguais e non necesariamente suficientes para se desenvolver nesta lingua dentro do mundo académico, sobre todo nos niveis de ensino superiores. En definitiva, a pesar do crecemento continuado do número de persoas matriculadas e da dispoñibilidade xeográfica cada vez maior da oferta de educación bilingüe, a porcentaxe total do alumnado escolarizado total ou parcialmente en bretón aínda segue a ser moi baixa e non pasa do 2% da poboación escolar total.

A todo isto hai que engadirlle o feito de que os tres niveis de educación bilingüe levan a niveis de competencia lingüística finais moi dispares nalgúns casos, como dixemos, máis deficientes nos sistemas que non practican a inmersión lingüística, polo que non

¹¹ Arsellva ar Brezhoneg (2007b): *Stad ar c'heleñ divyezhek e Breizh e 2007 (Roadennoù an distro-skol 2007 ha Stadegoù ar bloavezh-skol 2006-2007)* ['O estado do ensino bilingüe na Bretaña en 2007. Estatísticas para o comezo do curso escolar 2006-2007']: p. 12 (Roazhon/Rennes: Ofis ar Brezhoneg).

só boa parte do alumnado que remata os seus estudos secundarios nun centro bilingüe non está potencialmente capacitado para seguir unha formación universitaria utilizando o bretón de xeito activo, senón que tampouco é capaz de seguir unha formación impartida nesta lingua de maneira pasiva¹².

A situación que se dá nos niveis educativos inferiores ten importantes consecuencias para unha hipotética implantación do uso do bretón como lingua do ensino —aínda que só for parcialmente— nas universidades. En primeiro lugar, cabe salientarmos o feito de que, contrariamente á situación do galego a respecto do español, ao ser o bretón unha lingua tan diferente do francés do punto de vista lingüístico, resulta imposíbel que un francófono sexa capaz de entender unha clase impartida en bretón, e o tempo que resulta preciso para adquirir as bases necesarias para a comprensión é moi dilatado. Por outra banda, ao ser moi reducida a base potencial de persoas britófonas que prosigan os seus estudos na universidade, resulta hoxe en día infactíbel, en termos pragmáticos e loxísticos, considerar a creación de licenciaturas en que se impartan materias en bretón, por moito que iso non deixe de ser un desiderátum de primeira orde para garantir os dereitos lingüísticos deste potencial estudiantado britófono.

Mais non é só o alumnado o que falta, senón tamén o profesorado preciso, pois de se chegar a querer levar a cabo a implantación de cursos de nivel universitario en bretón para satisfacer o —de momento— moi cativo número de estudantes potencialmente interesados, aínda ficaría por resolver a cuestión da docencia en si, xa que, como é lóxico, ao non estar xeneralizada a educación básica en bretón, son poucas persoas capacitadas para ensinaren nela.

Educación superior e universitaria

Hoxe poden cursarse estudos universitarios de filoloxía bretoa completos en dúas das principais universidades públicas bretoas: a Universidade da Bretaña Occidental de Brest, afincada na Baixa Bretaña e dentro da zona britófona; e a Universidade da Alta Bretaña de Roazhon/Rennes 2, actual capital administrativa da *Région Bretagne*/

¹² Larvol, G. (2007): *Quel niveau de breton en fin d'école primaire dans les filières bilingues de l'enseignement catholique et public? (Un regard au travers du Cadre Européen Commun de Référence pour les Langues* (Sant-Hern/Saint-Hernin: Unvaniezh ar Gelennerien Brezhoneg). Dispoñible no enderezo web <<http://ugbrezhoneg.com/diell2007/preder/livebzgefinK3.pdf>>. Herve, P. (s.d.) *Diwan: 30 ans d'expérience confirment le choix de l'immersion*. Dispoñible no enderezo web <<http://ddata.over-blog.com/xxxyyy/0/28/45/33/image/manif-06.pdf>>.

Rannvro Breizh, afincada dentro do zona de fala galó. A oferta tradicional completa segundo o mapa de estudos típico do sistema universitario francés foi a seguinte, malia experimentar algunhas modificacións *a posteriori* segundo as esixencias da converxencia europea:

- En primeiro lugar foi creada a *licence* ('licenciatura', segundo ciclo) en 1981, un curso dentro do segundo ciclo, polo que os estudantes tiñan que ter xa un *DEUG* (diploma de primeiro ciclo) noutra materia para poderen completar os estudos de bretón, o que constitúe unha eiva salientábel. Esta situación non deixa de ter similitudes coa da carreira de Filoloxía Galega até os anos 1980 (Filoloxía Hispánica con especialidade en Filoloxía Galegoportuguesa). A actual licenciatura leva por nome *Brezhoneg ha keltieg* ('Bretón e Celta') en Roazhon/Rennes e *Langue et culture régionales: spécialité breton et celtique* ('Lingua e Cultura Rexionais: Especialidade en Bretón e Celta') en Brest. A Universidade de Brest tamén ofrece unha licenciatura específica de tres anos de duración para preparar o concurso para ser recoñecido como profesorado bilingüe.
- Conseguiuse máis tarde, e non sen loita, a creación do concurso para o profesorado de secundaria (*CAPES*) de bretón en 1985.
- O ciclo completouse por fin en 1989, despois dunha loita social importante liderada principalmente pola asociación de profesorado de bretón *Unvaniezh ar Gelennerien Brezhoneg* ('Unión dos Profesores de Bretón'), coa creación do primeiro ciclo ou *DEUG*, aínda que foi suprimido en 2005 en resposta aos criterios europeos e pasou a ser a licenciatura unitaria.

Na Universidade de Roazhon/Rennes emprégase a ortografía *peurunvan* como na esmagadora maioría dos centros de ensino de todo tipo. Neste sentido, historicamente as relacións entre a Universidade de Roazhon e as escolas *Diwan* son moi estreitas e, por exemplo, o ex director do Departamento de Bretón, Lukian Kergoat, colabora activamente desde hai máis de vinte anos co *Kreizenn ar Geriaouiñ* ('Centro de Lexicoloxía'), que fixa a terminoloxía empregada nos colexios e institutos *Diwan*. Por outra parte, ao empregar a Universidade de Brest unha ortografía, a *skolveurieg*, e un tipo de terminoloxía minoritarios, as súas relacións co mundo do ensino inferior son necesariamente moito máis esporádicas.

Así mesmo, a pesar de contar a Universidade da Baixa Bretaña de Brest cun centro de investigacións específico, o *Kreizenn an Enklaskoù Breizhek ha Keltiek* ('Centro de Investigacións Bretoas e Celtas'), non ofrece ningún mestrado ligado especificamente

ao bretón, mentres que en Roazhon/Rennes si se ofrece un de investigación en estudos bretóns e celtas de dous anos, correspondente ao antigo DEA (Diplôme d'études approfondies, o primeiro ano de doutoramento segundo o sistema francés) e no bienio correspondente aos cursos 2004-2005 e 2005-2006 tamén ofreceu un mestrado para formar profesorado bilingüe. Alén disto, existe a posibilidade de levar a cabo un doutoramento, mais paradoxalmente non está contemplada a posibilidade de presentar e defender unha tese doutoral en bretón dentro das universidades bretoas, malia que Jacqueline Gibson si puido defender a súa tese nesta lingua na universidade galesa de Aberystwyth¹³.

Finalmente, a Universidade da Baixa Bretaña de Brest tamén ofrece un diploma universitario denominado «Yezhoù ha sevenadur Breizh» ('Lingua e Cultura Bretoas'). Trátase dun diploma preDEUG que tamén convocaba a mesma universidade no seu campus de Karaez-Plougêr/Carhaix-Plouguer, no centro do país, entre 2000 e 2002.

Para alén dos estudos específicos de filoloxía bretoa, existe a posibilidade de o alumnado estudar o bretón como materia optativa dentro doutras carreiras universitarias, tanto no campus Mazier de Sant-Brieg/Saint-Brieuc da Universidade da Alta Bretaña, Roazhon/Rennes2, desde 2004, como na Universidade de Bretaña Sur en An Oriant/Lorient. De feito, esta modalidade absorbe a maior parte do estudantado de bretón dentro das diferentes universidades. Tamén se impartiu bretón na Universidade de An Naoned/Nantes até 2002, ano en que se cesaron as clases co pretexto dunha demanda insuficiente.

A presenza do bretón na Universidade de Bretagne Sud (Gwened/Vannes, An Oriant/Lorient e Pondi/Pontivy) é case nula, coa única oferta dun mestrado en Ingénierie de la Formation ('Enxeñaría da formación', edición e concepción de recursos didácticos multimedia) que permite a posibilidade de integrar o bretón como segunda lingua.

A universidade privada tamén ofrece desde 2001 estudos de bretón, cun diploma universitario de Métiers et Langue bretonne ('Oficios e Lingua Bretoa') que é convocado nos dous campus da Bretaña, a Université Catholique de l'Ouest Bretagne-Sud radicada en Aradon/Arradon e a Université Catholique de l'Ouest Bretagne Nord radicada en Gwengamp/Guingamp. O curso desenvólvese quer nun só ano, quer ao longo de tres anos. A pesar de o estudantado que quixer matricularse neste curso ter

¹³ Lavanant, P. (resp.) (2007) *Ar Gazetennig*, 3: p. 4 (Lannuon/Lannion: Kreizenn Sevenadurel Lannuon/Centre Culturel Breton).

xa que estar licenciado, o nivel curso en si é moi inferior ao dos estudos universitarios de bretón. Por outra banda, o número de persoas nas dúas universidades privadas representa apenas unha quinta parte do total das universidades públicas no curso 2006 2007¹⁴, mais aínda así, como dixemos, en ningunha das dúas universidades privadas os cursos ofrecidos son do nivel dos estudos propiamente universitarios.





Fig. 7. Distribución detallada da matrícula por modalidades e centros (2007)

En calquera caso, cómpre recalcarmos que o total global de 800 persoas matriculadas é enganoso, pois a unha gran parte correspóndelle ao estudantado doutras carreiras que cursa o bretón como materia optativa; o nivel desta é moi inferior ao dos estudos universitarios e non garante os alumnos que a cursen se tornaren falantes competentes. Tamén é salientábel, igualmente, o descenso que se experimenta ao pasar do primeiro ciclo (DEUG) ao segundo ciclo (*licence*), que en certos anos pode afectarlle á metade da matrícula ou máis¹⁵.

¹⁴ Arsellva ar Brezhoneg (2007a): *Ar Brezhoneg e-kreiz ar roudour: Eil danevell hollek war stad ar brezhoneg: 2002-2007* [‘O bretón na encrucillada. Segundo informe global sobre a situación do bretón’]; p. 76 (Roazhon/Rennes: Ofis ar Brezhoneg).

¹⁵ Arsellva ar Brezhoneg (2005): *Danevell briziañ Politikerezh yezh Rannvro Breizh* [‘Avaliación da política lingüística da rexión da Bretaña’]; p. 17 (Roazhon/Rennes: Ofis ar Brezhoneg). Dispoñible no enderezo web <http://www.ofis-bzh.org/bzh/services/observatoire/travaux.php?travail_id=101>. As cifras para o curso 2005-2006 son provisionais.

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
1º ciclo	271	251	256	199	178	148
2º ciclo	90	105	106	114	94	110
Licenciatura (total)	361	356	362	313	272	258
Mestrado	73	64	66	70	53	33
3º ciclo	13	14	19	19	46	19
Diploma	63	63	55	64	40	25
Optativa	403	395	396	412	352	252



Figs. 8a-8b. Evolución cronolóxica da matrícula por ciclos

O que demostra claramente a figura que presentamos a seguir, para alén de máis, é a baixa continuada no número total de matriculados en todos os ciclos e tipos de docencia, a cal se vai acentuado dun ano para o outro até alcanzar niveis significativamente inferiores no curso 2005-2006.




Fig. 9. Descenso continuado e global da matrícula

Ensino a distancia

A Universidade de Roazhon ofrece un ensino a distancia tanto para a licenciatura como para o mestrado, en que as persoas matriculadas reciben documentos escritos e sonoros. Para o estudantado non-presencial existen, igualmente, varios cursos puntais

organizados ao longo de varios sábados do ano. O ensino a distancia no caso do bretón ten un peso importante, pois aínda que hoxe representa o 20% das matrículas, no seu día absorbía até a metade delas.

Formación continua

Antes da creación da licenciatura de bretón, para responder aínda que só fose parcialmente á necesidade de ofrecerlles unha formación aos docentes de bretón, a Sección de Estudos Celtas da Universidade de Roazhon 2 creou en 1972 un curso intensivo dunha semana de duración que en 1975 pasou a chamarse «Daoulamm» ('Galope'), xestionado polo Centro de Idiomas da mesma universidade e que se desenvolve no mes de xullo, ao principio das vacacións escolares.

Universidades de fóra da Bretaña

Dentro do Estado francés, impártense cursos de bretón en dúas universidades da capital, a de París VIII, en que conta como lingua rexional ao lado do éuscaro e o occitano, ensinados dentro do Département de Langues et Cultures Minorisées ('Departamento de Linguas e Culturas Minorizadas'), que tamén imparte aulas de náhuatl, runa simi (quechua), tamazight (bérber) e támil; e na École Pratique des Hautes Études, Sorbonne-París IV, sen especificar nin o tipo nin o nivel das clases.

A lingua bretoa está presente, así mesmo, en varias universidades de fóra da Bretaña e en distintas medidas¹⁶. Os países celtas irmáns de Galés e Irlanda son os que máis se interesan, como é lóxico supor, pola lingua bretoa, e Aberystwyth é a Universidade onde máis protagonismo se lle dá, ao estar integrado o seu ensino plenamente como materia de seu dentro das licenciaturas de Filoloxía Galesa (impartida exclusivamente en galés) e Estudos Celtas. De igual maneira, o bretón está integrado dentro de plano de estudos da Olicoil na hÉireann, Má Nuad (National University of Ireland, Maynooth) aínda que en menor grao do que en Aberystwyth, ao figurar como un módulo de 2,5 créditos do 3º curso de Filoloxía Francesa.

¹⁶ Arsellva ar Brezhoneg (2008): *Kentelioù brezhoneg d'an oadourien/Cours de breton pour adultes 2008/2009*: p. 46 (Roazhon/Rennes: Ofis ar Brezhoneg). Dispoñible no enderezo web <http://www.ofis-bzh.org/upload/travail_paragraphe/fichier/46fichier.pdf>.


Finalmente, nos EUA tamén se imparten clases de bretón, sen especificar o nivel, dentro do Department of Celtic Languages and Literatures da Universidade de Harvard, en que o galés e o irlandés son as dúas principais linguas de estudo.

Concursos do profesorado de secundaria

Existen dous concursos para o profesorado do ensino secundario ligados á universidade, nomeadamente o CAPES (Certificat d'aptitude au professorat de l'enseignement du second degré) para os centros públicos e o seu homólogo, o CAFEP (Certificat d'aptitude aux fonctions d'enseignant du second degré dans les établissements d'enseignement privé sous contrat), para o ensino en centros concertados. A Universidade de Brest ofrece a posibilidade de cursar unha dupla licenciatura co bretón e outra materia (historia, filoloxía/literatura ou inglés) co fin de preparar o CAPES.

Unha presentación e análise da evolución da situación neste ámbito¹⁷ nos últimos anos non carece de interese.

	2003		2004		2005		2006	
	CAPES	CAFEP	CAPES	CAFEP	CAPES	CAFEP	CAPES	CAFEP
Inscritos	38	12	27	10	17	12	18	13
Presentados	34	8	23	8	12	8	11	8
Prazas	5	3	2	2	2	2	2	2
Admitidos	5	1	2	2	2	2	2	2



Figs. 10a - 10b. Concursos de secundaria: prazas e inscricións

¹⁷ Kergoat, L. (pres.) (2006): *Certificat d'aptitude au professorat de l'enseignement du second degré. Breton: concours externe et CAFEP correspondant. (Session 2006)*: p. 15 (Paris: Ministère de la jeunesse, de l'éducation nationale et de la recherche/Direction des personnels enseignants).

En termos globais, se sumarmos os resultados do curso tanto para o profesorado destinado a centros públicos como para o dos centros concertados, a situación presenta un descenso neto do número de opositores. O que demostra o gráfico que presentamos a seguir é que, malia despois dun notábel descenso no 2004 o número de prazas totais convocadas se manter estábel, chegan a se igualaren as prazas ofrecidas nos sectores público e privado. No entanto, tanto no ámbito educativo en xeral como no ámbito máis específico da educación superior universitaria, os últimos anos estiveron marcados por un descenso global no número de persoas candidatas, a pesar dunha lixeira recuperación.

Con todo, aínda que no número de prazas convocadas o bretón non ocupaba a peor situación de todas as «linguas rexionais» en 2006, o interese relativo (a razón oferta demanda) si estivo por debaixo do das outras linguas¹⁸.




Fig. 11. Concurso público de profesorado bilingüe: evolución comparada da oferta e da demanda das diferentes linguas «rexionais» ofrecidas

Formación do profesorado de primaria

Finalmente, para fornecermos unha descrición completa da situación do bretón dentro do actual panorama, cómpre tamén pasarlle revista á formación regulamentada para o profesorado dispensada polo IUFM (Institut universitaire de formation des maîtres, equivalente a Maxisterio) de Sant-Brieg/Saint-Brieuc, forma os futuros docentes bilingües dos centros públicos desde 1993. En 2002 foi creada a Skol ar

¹⁸ Kergoat, L. (pres.) (2006): *Certificat d'aptitude au professorat de l'enseignement du second degré. Breton: concours externe et CAFEP correspondant. (Session 2006)*: p. 15 (Paris: Ministère de la jeunesse, de l'éducation nationale et de la recherche/Direction des personnels enseignants).

Gelennerien ('Escola dos Profesores'), que ofrece formación para preparar o concurso externo específico creado nese mesmo ano. En 2003 tamén foi creado un concurso específico interno, mais en 2007 só se convocaron 4 prazas; hai, asemade, 30 profesores que non son titulares. Cabe salientarmos, así mesmo, que o descenso experimentado tanto na matrícula do ciclo obrigatorio como na do superior universitario antes descrito coincide cun descenso no número de inscricións rexistradas para os concursos interno e externo no último período cifrado, o de 2006¹⁹.

En 1997 abriu o centro Kelenn ('Ensino') para formar profesorado especificamente destinado ás escolas Diwan, co seu concurso específico correspondente. Grazas a un acordo co Estado francés, aquelas persoas que superan o concurso pasan a ensinar cun contrato co propio Estado. Ora que, máis unha vez, o número de concursantes tamén descendeu no último curso rexistrado, 2006-2007.

A formación do profesorado de bretón destinado aos centros católicos bilingües que ofrecen tres centros de formación pedagóxica localizados en Aradon/Arradon, Brest e Gwengamp/Guingamp, rexistrou, igualmente unha baixada constante no número de inscricións, sobre todo a partir dos cursos 2005-2006 e 2006-2007.

Conclusionés

En liñas xerais, cómpre recoñecermos que o estado da lingua bretoa é hoxe moito máis esperanzador do que non hai tanto tempo. A mellora da situación en conxunto e a actual estabilización e consolidación dos estudos en bretón fanse palpábeis tanto dentro do ámbito educativo en xeral como no da educación superior e universitaria, sobre todo nas universidades públicas de Roazhon/Rennes e, en menor medida, a de Brest; existe, ademais, en ambas as dúas unha política destinada a bretonizar os rótulos públicos e fomentar así unha actitude favorábel cara ao bretón como unha lingua cun sitio de seu dentro do ámbito académico máis prestixiado.

Existen outros fenómenos que tenden a indicar que o bretón está a dar os primeiros pasos, por moi tímidos que foren, cara á súa integración dentro do mundo universitario, como é a Skol-veur Yaouankiz Breizh ('Universidade da Mocidade da Bretaña'), que pasou desde a súa edición de 2005, en que a presenza do bretón era máis ben

¹⁹ Arsellva ar Brezhoneg (2007b): *Stad ar c'helenn divyezhek e Breizh e 2007 (Roadennoù an distro-skol 2007 ha Stadegoù ar bloavezh-skol 2006-2007)* ['O estado do ensino bilingüe na Bretaña en 2007. Estatísticas para o comezo do curso escolar 2006-2007']: pp. 60-61(Roazhon/Renn: Ofis ar Brezhoneg).

anecdótica, a ofrecer a maior parte da súa programación nesta lingua grazas a un servizo de interpretación simultánea. Ora ben, non deixa de ser preocupante, por outro lado, a tendencia á desaceleración nas matrículas relacionadas coa lingua bretoa en todos o ámbitos do ensino, e o descenso no número de estudantes que completan os seus estudos secundarios en bretón inevitabelmente ha levar a un decaemento no número de potenciais activadores lingüísticos dentro da universidade.

No entanto, a pesar das significativas melloras neste ámbito, fica aínda moitísimo por facer. Non existe, fóra do propio Departamento de Filoloxía Bretoa, ningunha materia impartida en bretón, e os problemas prácticos de todo tipo para que esta situación mude tan sequera a moi longo prazo son moi grandes, por non dicir de momento insuperábeis. En primeiro lugar, non é, nin de lonxe, suficientemente numeroso o estudantado britófono dentro das diferentes carreiras universitarias para crear unha demanda significativa. E aínda que o houber, tampouco existen profesorado coa capacitación necesaria para impartir as súas aulas en bretón, debido á falta de formación nos niveis educativos inferiores, polo que non só non se imparten aulas en bretón, senón que tampouco se poden presentar traballos en bretón para materias impartidas en francés, pois o profesorado non está preparado para os corrixir. De feito, a falta de profesorado britófono competente é a causa de que non se poida garantir nin sequera que se impartan todas as materias da filoloxía bretoa nesta lingua.

Por outro lado, debemos recalcar que o bretón é fundamentalmente diferente a respecto do francés, polo que a súa comprensión resulta imposíbel para quen non o tiver estudado previamente durante un tempo dilatado e acadar un nivel suficientemente alto para seguir calquera aula hipoteticamente impartida nesta lingua. É máis, nin todo o estudantado que cursou estudos secundarios nos diferentes sistemas bilingües, sobre todo os que están fóra da rede Diwan, terían ao nivel de comprensión pasiva necesario para seguir aulas de nivel universitario impartidas nesta lingua, e moito menos un nivel suficiente para utilizar o bretón activamente, para redactar nel os seus traballos e exames.

En resumo, pois, existe unha demanda consolidada de ensino en bretón en todos os niveis, así como unha actitude favorábel cara á unha maior presenza do bretón dentro do ensino²⁰. Hoxe en día, porén, está demanda segue a ser demasiado baixa e a capa-

²⁰ Euromosaic (1995): *Breton language use survey* (Barcelona/Institut de Sociolingüística Catalana, Bruxelas/ Centre de Recherche sur le plurilinguisme/Onderzoekscentrum voor Meertaligheid/Forschungsstelle für Mehrsprachigkeit e Bangor/ Canolfan Ymchwil Cymru/Research Centre of Wales. Dispoñible no enderezo web <<http://www.uoc.edu/euromosaic/web/document/breto/an/e1/e1.html>>.

citación tanto do alumnado como do profesorado insuficiente para o bretón chegar a ser, a longo prazo, nin sequera minimamente transversal dentro da docencia e vida universitarias, isto é, de uso normalizado e de docencia fóra da propia licenciatura en filoloxía bretoa.

Mais, para alén da implantación do bretón como lingua de docencia como desiderátum a moi longo prazo, a medio-longo prazo non debería ser totalmente infactíbel tomar medidas para garantirmos o dereito de aqueles estudantes britófonos que quixeren proseguir a súa educación en bretón fóra do ámbito da filoloxía, tal como se logrou poder examinarse en bretón nas probas de historia e xeografía do Diplôme national du brevet (final da ESO, Decreto de 23 de xuño 1994 publicado no JO de 26/06/1994²¹) e do bacharelato²², o que podería servir como unha primeira reivindicación a curto prazo.

²¹ Eysseric, V. (2005): *Le corps juridiques des langues de France*: p. 92 (París: Délégation Générale à la langue française et aux langues de France. Dispoñible no enderezo web <<http://www.dglf.culture.gouv.fr/lgfrance/legislationLDF.pdf>>.

²² Ministère de l'éducation nationale (MEN) (2001) : *Signature d'un protocole d'accord entre le ministère de l'Education nationale et les établissements Diwan (Dossier de presse)* (París: Ministère de l'éducation nationale). Dispoñible no enderezo web <ftp://trf.education.gouv.fr/pub/edutel/actu/2001/28_05_dp_protocoleaccord.pdf>.

O proceso de incorporación á docencia en galego

CARLOS PLATAS IGLESIAS

Profesor contratado doutor da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña

En primeiro lugar gustaríame agradecer o convite do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña por me invitar a impartir esta charla, na que procurarei presentar unha serie de reflexións acerca do meu proceso de incorporación á docencia en galego. Espero que estas reflexións poidan ser de utilidade para aqueles que, coma min, teñan unha certa sensibilidade sobre a problemática do uso do galego no ensino superior, e estean meditando dar ese paso de mudar ao galego nas aulas. Con certeza algunhas das cuestións que abordarei ao longo dos próximos minutos xa foron presentadas e debatidas en charlas anteriores, aínda que probablemente desde unha perspectiva diferente. Son as desvantaxes de ser un dos últimos en intervir nestas xornadas. Antes de comentar as miñas reflexións sobre a incorporación do galego á docencia, baseadas case exclusivamente na miña experiencia persoal, cómpre situar o contorno en que desenvolvo a miña actividade docente.

A miña formación académica é de tipo científico, xa que son licenciado en Química pola Universidade de Santiago de Compostela, e doutor en Química pola Universidade da Coruña. Desde o ano 2000 son profesor do departamento de Química Fundamental da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña, na área de Química Inorgánica. É nesta área onde vin desenvolvendo a miña actividade docente e investigadora ao longo dos últimos nove anos. Son, por tanto, unha persoa con formación científica, e non un filólogo ou un sociólogo. En consecuencia, as ideas e as reflexións que presentarei son exclusivamente froito da observación do meu contorno, e non están baseadas por tanto en ningún tipo de estudo sociolingüístico.

Na etapa inicial do meu labor docente utilicei maioritariamente o español como lingua vehicular e empregaba o galego unicamente para me dirixir a aqueles alumnos que utilizaban este idioma. Hai uns tres anos dei o paso de incorporar o galego á miña actividade académica, non só docente, mais tamén investigadora. Cales foron os motivos que me impulsaron a este cambio de rexistro? Por que decidín dar o paso de impartir as miñas aulas en galego? Algúns dos motivos son de tipo puramente persoal ou ideolóxico se o así preferirdes, e outros son de tipo académico.

A docencia en galego. Por que?

i) Por compromiso persoal co galego

Evidentemente se dei este paso é porque teño un compromiso persoal co galego por cuestións se queredes de tipo romántico, aínda que non sei se esta é a palabra máis axeitada. Con motivos de tipo romántico quero referirme a cuestións relacionadas cos sentimentos. No meu mundo ideal a lingua dos meus avós e dos meus pais non pode esmorecer. Non podo permitilo, así que debo facer o que estea na miña man para que isto non suceda, e a única maneira de que unha lingua siga viva é que se use. Que se use en todos os ámbitos, obviamente tamén no ensino superior é especialmente importante se queremos **prestixiar o uso do galego**. Por que o prestixio do idioma é tan importante? Para respondermos esta pregunta podemos formular estoutra: Que se pode facer para que unha lingua coma o galego perda falantes até esmorecer? Pois ben, na miña opinión a estratexia máis axeitada para este propósito é a de desprestixiar o idioma até tal punto que os pais (galegofalantes) fagan un colosal esforzo para lles falaren aos seus fillos en español, de tal maneira que se rompa a cadea de transmisión xeracional da lingua. A tarefa de desprestixio do galego foi unha tarefa de séculos, nos que se afastou ao galego de calquera ámbito de prestixio social. Esta política de desprestixio do galego tivo probablemente os seus mellores resultados coa emigración masiva desde a Galicia rural á Galicia urbana despois da guerra civil. Neste punto case unha xeración enteira de pais galegofalantes, nados no contorno rural, educaron os seus fillos en español. Probablemente algúns de vós vivistes esta situación, que foi a que me tocou vivir a min, ou se cadra en moitos casos xa foron os vossos pais os que viviron isto. Se quixermos frear, ou mesmo reverter este proceso, debemos prestixiar a lingua; os pais deben decatarse de que os seus fillos non van ter menos oportunidades por falaren galego. Antes ao contrario: O uso do galego vailles abrir portas.

ii) Atención á diversidade

Na miña opinión é un labor extraordinariamente importante protexer a diversidade no sentido máis amplo da palabra: a *diversidade biolóxica* por exemplo, e tamén a *diversidade cultural*. Todos entendemos que é importante preservar a riqueza biolóxica. Por exemplo, todos ouvistes que moitos principios activos de diferentes fármacos son produtos naturais extraídos de plantas. Está claro que canta menor sexa a diversidade botánica do planeta, cantas máis especies fagamos desaparecer, menos oportunidades teremos de crear novos fármacos que incrementen a nosa calidade e esperanza de vida. Pois ben, estou convencido de que a diversidade cultural é algo que merece a pena conservar ou preservar, xa que as diferentes culturas foron construídas mediante a acumulación de coñecemento ao longo de séculos que se foi transmitindo de xeración en xeración. A destrución de culturas implica, por tanto, perda de coñecemento, e réstanos pois posibilidades á hora de buscar solucións a diferentes problemas cos que se poida atopar a humanidade. Desde ese punto de vista as linguas minoritarias ou minorizadas, como expoñentes máximos das correspondentes culturas, deben ser protexidas e preservadas, especialmente no mundo globalizado que nos toca vivir. Globalización, de acordo, mestizaxe cultural, vale, mais non uniformización cultural. A desaparición de culturas e linguas é unha traxedia que non nos podemos permitir.

iii) A contradición interna

O galego é a lingua que emprego sempre no meu contorno familiar, cos meus pais e irmáns, e o galego é o idioma que uso agora tamén para comunicarme co meu fillo, que está aprendendo a falar. O feito de utilizar unha lingua, o español, no contorno laboral, e outra, o galego, no contorno familiar, creábame unha sensación de contradición no meu interior. Como podo pretender que o meu fillo non se avergoñe ao falar galego en calquera ambiente social se o seu pai, que o usa na casa, non o usa no seu contorno laboral con prestixio social. Empregar o galego na facultade fai que teña algunha contradición interna menos.

Á hora de dar o paso de impartir a docencia en galego compre tamén preguntarse se existen **motivos de tipo académico** para facelo. Poderíamos debater se existen razóns obxectivas de tipo académico para impartir as aulas en galego, estou seguro que si, mais o que non vexo é ningunha razón pola que non impartir as aulas en galego. Dito doutra maneira, presenta o emprego do español na docencia universitaria algunha vantaxe substancial con respecto ao uso do galego? Na miña opinión non. De feito, se eu pensase que impartir as aulas en galego ía prexudicar a formación dos meus

estudantes, non impartiría as aulas en galego. Desde logo nos tres anos que levo impartindo a miña docencia en galego non percibín que os resultados académicos empeorasen. Tampouco empeorou a valoración que os alumnos fan da miña actividade docente a través das enquisas de avaliación.

i) Alta capacitación do estudiantado

Por unha banda o noso estudiantado ten unha capacitación alta ou moi alta no uso do galego. Alguén podería argumentar que sempre pode existir unha parte do alumnado que non sexa competente en galego, por exemplo por tratarse de estudantes que proceden doutras partes do Estado ou do mundo. Isto, evidentemente, é así, mais a renuncia ao uso do galego debido á presenza dunha porcentaxe, normalmente pequena, de alumnos con escaso ou nulo coñecemento do galego, implicaría renunciar ao uso do galego na universidade, un feito que eu, cando menos, non estou disposto a apoiar. Levado este argumento ao extremo, en atención á presenza de alumnos de intercambio ERASMUS, poderíamos impartir toda a docencia universitaria en inglés, que é, nestes momentos, a lingua franca en Europa. Creo realmente que esta non debe ser a estratexia que debamos seguir; en atención a preservación da diversidade debemos procurar que os alumnos con pouca ou nula capacitación en galego se interesen pola súa aprendizaxe. Por outra banda, non creo que a docencia en galego resulte difícil de salvar mesmo para alumnos que acaben de chegar ao país xa que:

ii) O estudiantado pode elixir libremente o seu rexistro lingüístico

O uso do galego polo profesorado non implica que todo o estudiantado teña que utilizalo. O alumnado pode elixir por exemplo a lingua na que mellor se exprese para dirixirse ao profesor ou responder un exame.

iii) O galego é de fácil comprensión para calquera alumno españolfalante

Podo ilustrar isto cun exemplo. O meu mellor alumno do pasado curso 2007-2008, en realidade alumna, que foi cualificada con matrícula de honra na materia de cuarto curso da licenciatura en Química que imparto, é unha alumna de Valencia que acaba de chegar a Galicia. Para esta alumna, por exemplo, o seu descoñecemento do idioma non tivo un impacto importante no seu rendemento académico. Neste sentido a problemática do galego é ben diferente a doutras linguas coma o éuscaro. É perfectamente posible manter unha conversa bilingüe en que un dos interlocutores se exprese en galego e o outro, con pouca capacitación no uso do galego, en español. Porén, esta mesma situación non podería producirse se as dúas linguas implicadas fosen o

español e o éuscaro. Esta é probablemente unha das razóns polas que en Euskadi se optou por un modelo educativo con diferentes itinerarios lingüísticos. No entanto, non creo que ese sexa un modelo adecuado para o ensino superior en Galicia, e moito menos para o ensino secundario. O establecemento de diferentes itinerarios lingüísticos pode conducir á segregación dos galegos en dúas comunidades lingüísticas diferentes, un sistema que non xulgo positivo para o país.

iv) O galego abre portas no mundo

Creo que o galego certamente abre portas. Algunhas das vantaxes de coñecer e usar o galego xa foron aquí expostas.

a) Abre portas ao mundo lusófono. Neste sentido a miña experiencia así o confirma. Durante a miña tese de doutoramento tiveron a oportunidade de facer unha estadía non moi longa, duns tres meses, na Universidade de Coimbra, en Portugal. Cando cheguei a Coimbra decateime que me era doado entender, practicamente ao 100%, o portugués falado. Despois de dúas ou tres semanas non tiña xa problema para ler a prensa portuguesa: *Jornal de Notícias*, *A bola*, e mesmo me decatei de que podía ler a Saramago en Portugués: *Memorial do convento*, *A Jangada de Pedra*. Canto ao portugués falado, unha lingua cunha grande riqueza fonética, foime tamén doado aportuguesar o meu galego mudando un pouco a fonética, de tal maneira que non tiveron ningunha dificultade para me integrar na vida universitaria de Coimbra.

b) Medrar nunha sociedade bilingüe facilita a aprendizaxe doutras linguas. Estou convencido de que isto é así. Como parte da miña formación como científico botei máis ou menos un ano na universidade de Lausanne en Suíza, e outros sete meses na Universidade de Delft, en Holanda. No ambiente científico en que me movín nesta época a lingua franca era o inglés. Antes de ir ao estranxeiro a miña capacitación nesta lingua era realmente escasa, e estou convencido que ter medrado nunha sociedade bilingüe foi unha axuda para poder comunicarme nunha terceira lingua.

c) Medrar nunha sociedade bilingüe e nun estado pluricultural fainos máis abertos, tolerantes e COMPRENSIVOS coa diferenza. Escribo a palabra COMPRENSIVOS en maiúsculas porque creo que a comprensión vai máis alá da tolerancia. Non é que debamos tolerar que alguén sexa diferente, faltaría máis, debemos aceptar, comprender e tamén valorar que a diferenza forma parte do mundo en que vivimos. Por exemplo a sociedade holandesa é considerada como o paradigma da tolerancia. Con todo, a miña apreciación persoal é que en efecto son tolerantes, pero

teñen un déficit canto á aceptación da diversidade, probablemente ao igual que a maioría das culturas. Toleran que un sexa diferente mentres non lles molestes, mais teñen dificultades para aceptarte tal e como es. Unha anécdota persoal para ilustrar isto. No laboratorio onde eu traballaba en Holanda aproximadamente a metade dos investigadores eramos de fora de Holanda. Entre eles, había un chinés de nome Lee, co que algúns holandeses non se quería sentar na cantina á hora do xantar. O problema do tal Lee era que sorbía a sopa. Eu tratei de explicar a esta xente que na China a sopa cómesese así, sorbéndose, mais a súa resposta foi tallante: estamos en Holanda, e aquí a sopa non se come así.

Unha vez expostas as razóns para a miña incorporación á docencia en galego a pregunta que asaltará a gran parte do auditorio será probablemente a seguinte: por qué Carlos Platas non deu con anterioridade o paso de impartir a docencia en galego? Pensando como pensa, nove anos impartindo aulas e tardou cinco en ser congruente consigo mesmo! Ben, non é que queira xustificarme, mais quizais reflexionar sobre por que non din o paso con anterioridade pode axudar a outros a mudar ao galego.

i) Inercia

O cambio de rexistro na docencia require un certo esforzo, tan sequera para traducir os materiais ou reflexionar sobre a terminoloxía galega máis adecuada para referirse a esta ou aquela cuestión. Todos estamos moi ocupados e as veces non atopamos o tempo necesario para dedicarllo a estas cuestións. Neste sentido as medidas de incentivación, como a redución transitoria da carga docente do profesorado que comece a impartir as aulas en galego, poden ser de axuda.

ii) Un contorno pouco propicio (ás veces hostil)

O contorno en que desenvolvo a miña actividade docente, a Facultade de Ciencias, non é tampouco o máis propicio ou inspirador. O cadro de persoal da Facultade de Ciencias está formado por máis de cen profesores, e os que imparten as aulas en galego pódense contabilizar se non cos dedos dunha man, seguro que cos das dúas mans. Neste sentido penso que é moi importante crear unha **masa crítica** de docentes que impartan as clases en galego, e que utilicen tamén o galego na súa interacción cotiá cos compañeiros. Isto sen dúbida axudará outros compañeiros, sensibles á problemática do galego, a mudar ao noso idioma nas aulas. Neste sentido a miña experiencia dime que en xeral o contorno acepta con máis naturalidade do esperado que un cambio o rexistro lingüístico, e inclúo aquí tanto o alumnado como o profesorado. Sempre podemos atoparnos con algún activista da intransixencia, mais debemos pro-

curar que estas actitudes non nos fagan renunciar ao que nos consideramos xusto ou necesario.

iii) A barreira de potencial

Existen reaccións químicas que non transcorren de maneira espontánea, aínda que as consideracións de tipo enerxético indiquen que a reacción debe ter lugar, pois os produtos son máis estables que os reactivos. Estas reaccións requiren dunha achega de enerxía para poderen así superar a barreira de enerxía que fai que a reacción non ocorra. Pois ben, coa lingua acontece o mesmo. Un poderíase sentir máis cómodo utilizando o galego na docencia por pura congruencia persoal, mais en ocasións existe unha barreira de potencial invisible que dalgunha maneira dificulta chegar a esta situación máis estable. Esta barreira en efecto existe, e non é doado ás veces superala. Non é doado chegar un bo día á facultade e dirixirte aos teus compañeiros de traballo en galego, cando sempre o fixeches en español. Ou dirixirte en galego aos teus estudantes de doutoramento, cos que levas tamén en ocasións anos falando en español. A única maneira de superar esta barreira é que as túas conviccións sexan máis fortes que as túas reticencias, é dicir, hai que imprimir os nosos actos dunha certa valentía persoal. En efecto, cando atravesas a porta do departamento un bo día e dis dúas frases seguidas en galego sen previo aviso a maioría mirante coa boca aberta uns segundos, para pensar probablemente: «Este ergueuse hoxe co pé cambiado», ou «mira ti, non falou galego na vida e agora que está de moda...» Con todo, superados os instantes iniciais a miña experiencia indica que en xeral os compañeiros aceptan con bastante naturalidade que un elixa libremente o idioma en que quere comunicarse.

Existen barreiras adicionais que certamente tiveron menos importancia no meu caso, mais que poden ter relevancia para outros compañeiros:

a) Dominio do galego (falado e escrito)

Como digo esta non foi a barreira máis importante no meu caso, eu medrei a cabalo entre a Coruña e Vilasantar, que é un pequeno concello do interior da provincia da Coruña de onde proveñen os meus pais. Como sabedes, na leira, ao contrario que na universidade, o uso do galego está perfectamente normalizado. Creo que se un chega a Vilasantar o día de apañar as patacas e di: «*Me dejas la azada?*» o máis probable é que reciba unha resposta do estilo: «Vés traballar ou enredar? Colle a sacha.» Por tanto eu non tiven problemas de expresión oral á hora de pasarme ao galego, aínda que si vexo que outros compañeiros que se cadra poderían mudar ao galego nas aulas teñen problemas de comunicación oral na nosa lingua. Na miña opinión a única maneira

de aumentar a competencia lingüística nun determinado idioma é usalo, así que neste sentido, tal e como dicía antes, o ter unha masa crítica de galegofalantes na universidade é moi importante.

Unha problemática un pouco diferente é a do galego escrito. Eu pertenzo a unha xeración en que o galego xa se estudaba no ensino primario e secundario e, por tanto, suponse que os galegos que teñen aproximadamente a miña idade teñen unha certa capacitación para escribir en galego. En todo caso a inestabilidade normativa do galego é algo que non axuda á hora de escribir en galego. Neste sentido penso que os responsables da normativización do galego deben ser conscientes de que precisamos un marco normativo razoablemente estable para dar unha imaxe de seriedade, e para non despistar o persoal.

b) Calidade do galego

Outra cuestión que actúa como barreira para algúns compañeiros é a calidade do seu galego. Enténdaseme ben, o que fale da baixa calidade do galego dalgúns compañeiros non quere dicir que eu fale un galego de elevadísima calidade. Teño algúns compañeiros da facultade que medraron nun contorno galegofalante, por proviren do rural galego. No entanto, aseguran que o seu galego non ten a calidade que debería ter para usalo nas aulas, e escoitas argumentos como: Na aldea onde nacín por exemplo ninguén dicía «*vermello*», todos dicíamos «*rojo*». «O meu galego non é un galego para utilizar no ámbito académico.» Na miña opinión unha suposta baixa calidade do noso galego non debería evitar que deamos o paso de usalo na universidade. Na situación actual, na que o uso do galego é tan minoritario na universidade, é moito máis importante falalo, que falalo con extraordinaria corrección. Como dicía antes, temos que xerar masa crítica. A calidade do noso galego podemos melloralo paseniñamente co uso, por suposto que debemos procurar falar un galego de calidade, evitar castelanismos, poñer os pronomes no seu sitio etc..., mais o máis importante na situación actual é falalo. Cóntame ademais que o Servizo de Normalización Lingüística da UDC está encantado de organizar cantos cursos desexemos para mellorar a calidade do galego que falamos, así que para iso temos tempo.

Ben, pois con esta reflexión remato esta charla, que probablemente non foi unha charla ortodoxa digamos, mais que espero poida axudar algúns dos presentes.

Bilingüismo e lingua común

JUAN CARLOS MORENO CABRERA

Catedrático de Lingüística Xeral da Universidade Autónoma de Madrid

1. Introducción

Neste traballo vou examinar dous conceptos moi utilizados cando se fala da situación de convivencia de linguas nun mesmo lugar. Trátase dos conceptos de *bilingüismo* e de *lingua común*. Normalmente, nas situacións de bilingüismo dentro dun determinado ámbito xeográfico o que atopamos é un bilingüismo asimétrico, en que a meirande parte da poboación coñece dúas linguas, mais unha delas ten un claro predominio sobre a outra nun ou varios ámbitos de uso. Precisamente, vou mostrar como o concepto de *lingua común* se utiliza moi a miúdo para xustificar ese predominio, dado que se adoita empregar para sobrevalorar a lingua dominante neses ámbitos e para minusvalorar a correspondente lingua dominada (ou as linguas dominadas, en casos en que están implicados varios idiomas). Ao analizarmos este concepto de *lingua común* e a súa interpretación e aplicación, podemos apreciar determinadas ideoloxías lingüísticas de marcado carácter nacionalista excluínte que tentan apoiarse e disimularse en feitos obxectivos sobre os que parece caber pouca discusión.

Vou partir dun concepto naturalista, non sociolóxico, de bilingüismo para desenmascarar os usos ideolóxicos do concepto de *lingua común* desde a propia lingüística xeral. Eses aspectos naturais, bioloxicamente determinados, do bilingüismo ou do plurilingüismo, constitúen un instrumento moi útil para facer unha crítica, desde a propia base empírica do estudo da linguaxe humana, daquela ideoloxía lingüística, marcadamente nacionalista, que persegue xustificar o grande ámbito de uso dunha lingua imposta –a súa– mediante consideracións e argumentacións cuxa base lingüística é moi feble, cando non claramente errónea. Este artigo é un intento de mostrar explicitamente tal utilidade.

A crítica que realizo do concepto de *lingua común* nas páxinas seguintes desde a perspectiva naturalista do bilingüismo pode servir para contribuír de xeito relevante ao debate respecto da presenza desa lingua dominada, dentro do bilingüismo asimétrico, nos ámbitos que durante anos foron exclusivos da lingua dominante na situación bilingüe. Por iso, remato o traballo cunhas breves consideracións sobre a presenza do galego no ámbito do ensino universitario.

2. O bilingüismo activo e pasivo

O concepto de bilingüismo implica moitas facetas cualitativamente diferentes que quedan máis ou menos difusas cando se fai referencia a el ou se emprega para determinados propósitos. Neste ámbito, a influencia da lingüística teórica foi excesiva e contribuíu a provocar este esvaecemento dun fenómeno de grande importancia na sociedade actual e nas sociedades pasadas. Un aspecto desta influencia derívase do feito de que a lingüística teórica moderna non é sensible á diferenza entre produción e percepción da lingua natural. Estes aspectos adóitanse situar dentro do que se denomina habitualmente *actuación lingüística* e non se ven como relevantes respecto da *competencia lingüística*. Nos manuais de lingüística teórica non se fai diferenciación teórica ningunha canto, por exemplo, ao sistema fonolóxico, á morfoloxía, á sintaxe e ao léxico, entre regras de produción e regras de comprensión. Considérase que tanto unhas como outras son realizacións dunhas mesmas regras e principios teóricos abstractos que están por riba das regras concretas de actuación que determinan lingüisticamente a realización efectiva das estratexias de produción e comprensión lingüísticas. Deste xeito adóitase definir o bilingüismo do seguinte xeito:

«Se llama **bilingüe** a la persona que domina dos lenguas, la materna y otra, que puede ser una segunda lengua o una lengua extranjera y, por tanto, puede comunicarse usando ambas. Por extensión, una comunidad es ‘bilingüe’ cuando existen dos lenguas en la misma. Consecuentemente, se llama **bilingüismo** al dominio de dos lenguas» (Alcaraz Varó e Martínez Linares 2004: 94)

Cando se fala de dominio de dúas linguas adóitase entender que facemos referencia a aquelas capacidades que permiten tanto o entendemento das dúas linguas como a súa utilización activa. De feito, o individuo bilingüe adoita definirse como «un hablante de una lengua que puede hablar en otra lengua» (Obler e Gjerlow 2001: 153).

Por outra banda, parece estar amplamente aceptada a idea de que existe un limiar, situado por volta da adolescencia, a partir do cal é difícil adquirir unha segunda lingua

e dominala de xeito análogo a como se dominan as linguas nativas, as aprendidas antes desa etapa. É a hipótese do período crítico da adquisición eficiente dunha lingua proposta hai algunhas décadas por Lenneberg (1967: 171-182). Precisamente, este autor sinala que o fenómeno do acento estranxeiro se sitúa ao redor da adquisición dunha lingua en persoas entre os 11 e 14 anos de idade (Lenneberg 1967: 211). Este fenómeno é recoñecido na actualidade como unha norma do bilingüismo na bibliografía actual especializada:

Para cualquier persona que aprende una segunda lengua una vez llegada a la edad adulta, la norma es que existan algunas diferencias entre esta y la del hablante nativo. El ‘acento extranjero’ es una de esas diferencias. (Obler e Gjerlow 2001: 155)

Hai argumentos neurolóxicos que parecen confirmar esta norma tal como afirma Jenkins:

There is reason to believe that language acquisition goes through a ‘critical period’ during which the brain is thought to be particularly ‘plastic’. Evidence adduced for this comes from the studies of recovery from childhood versus adult aphasia, ease of second language acquisition in childhood and the study of children raised with limited exposure to language (Jenkins 2000: 133-134)

Porén, aquí atopámonos precisamente cunha das consecuencias indesexables da falta de diferenciación entre o bilingüismo activo e pasivo. A norma a que acabo de facer referencia, o período crítico, parece perfectamente válido para o bilingüismo activo, é dicir, aquel que se basea na produción de dúas linguas realizada con similar eficacia e competencia. En efecto, son poucos os adultos que logran falar unha lingua aprendida despois da adolescencia sen acento estranxeiro ningún. No entanto, de nos fixarmos no bilingüismo pasivo, a cousa é moi diferente. Por bilingüismo pasivo entendo o dominio dunha segunda lingua respecto das habilidades de comprensión desa lingua.

Semella un feito comprobado que a capacidade de comprensión da lingua precede á capacidade de produción da lingua no desenvolvemento da fala no neno:

La mayoría de los niños comprenden varias palabras al final del primer año. En un estudio con ocho niños, seis mostraron con claridad que comprendían hasta 20 palabras al final del primer año y uno llegaba a entender 60. Esta capacidad e comprensión iba al menos un mes por delante de la aparición de las primeras palabras en todos los casos. (Crystal 1994: 238)

A importancia e a anterioridade da aprendizaxe pasiva da lingua sobre a produción activa foi posta de manifesto, entre outros, por Jusczyk, quen afirma:

Not only do we know that even newborn infants have some capacity to discriminate differences in speech sounds, but it is increasingly apparent that real language learning does begin during the first few months of life. Thus, contrary to the view that the babbling period is prelinguistic and discontinuous with the rest of language acquisition, it is clear that infants embark on the route to discovering the organization of their native language soon after birth. Indeed infants are learning about the nature of sound patterns in their native language long before they begin to produce their first words. The picture of development that we now have is one in which the production and comprehension of the first words is continuous with infants' babbling and listening habits. More importantly, there is reason to believe that what transpires during the first year lays the foundation for subsequent achievements in language acquisition. (Jusczyk 1997: 197)

Esta anterioridade ontolóxica das capacidade de comprensión sobre as de produción sinala moi claramente que os dous tipos de capacidade son de natureza diferente e que, por tanto, podería ser relevante esta diferenza respecto da adquisición de linguas na idade adulta. E así o parece ser, pois aínda que está comprobada a dificultade xeral de chegarmos a un nivel de produción lingüística similar á do nativo no caso das linguas que se aprenden despois da adolescencia, non o está, en absoluto, a de chegarmos a ter unha competencia pasiva dunha lingua similar á do nativo, mesmo cando esa lingua for aprendida de adulto. Dito doutro xeito, as persoas adultas poden chegar, con maior ou menor esforzo, a entenderen unha lingua coa mesma ou moi parecida naturalidade e facilidade con que os nativos a entenden. Por exemplo, hai moita xente no mundo que entende inglés perfectamente, aínda que non poida evitar ter acento estranxeiro cando o fala. O mesmo cabe sinalarmos para outros casos de bilingüismo pasivo perfecto acompañado dun bilingüismo activo parcial.

Este feito ten, na miña opinión, consecuencias para a cuestión do período crítico de adquisición das linguas estranxeiras. Aínda que parece unha verdade comprobada que é extraordinariamente difícil adquirirmos unha lingua de adulto cun dominio similar ao nativo na produción, semella tamén indiscutible que si é moito máis frecuente a adquisición dun dominio similar ao nativo no que ten que ver coa comprensión da lingua. Iso podería ser indicio de que malia a capacidade da adquisición activa das linguas se pechar ou se reducir moi significativamente contra a adolescencia, non acontece o mesmo coa capacidade da adquisición pasiva das linguas na idade adulta, que non se pecha ou non se ve reducida tan drasticamente como a primeira das capacidades mencionadas.

Isto significa que o bilingüismo ou plurilingüismo pasivo, chamado tamén sesquilíngüismo (Moreno Cabrera 2006) ten un substrato biolóxico diferente do bilingüismo activo. Como vou explicar neste traballo, as consecuencias sociolingüísticas deste feito son de gran calado.

Nas nosas sociedades occidentais só o bilingüismo activo adoita gozar de recoñecemento e prestixio. Pola súa banda, o bilingüismo pasivo marxínase porque non se menciona case nunca, e non se valora a súa importancia sociolingüística. Os modelos lingüísticos impositivos apostan pola competencia activa na lingua que se pretende impor. Dado que para adquirirmos esa competencia activa se necesita realizar un esforzo incomparablemente superior ao que esixe a competencia pasiva, propíciáanse situacións en que o tempo que se lle dedica ao dominio activo da lingua que se pretende impor elimina en moitos casos a posibilidade da aprendizaxe doutras linguas, o cal posibilita os fins monolingüistas que adoito perseguen esas políticas de imposición dunha lingua determinada. Na actualidade, o caso máis claro disto proporciónao o inglés. No momento actual, non abonda con entendermos inglés, senón que é necesario tamén dominármolo activamente. Isto leva consigo o investimento dunha gran cantidade de tempo e esforzo. Precisamente, iso fai posible que o inglés vaia impóndose como única lingua en moitos ámbitos sociais, políticos e culturais no mundo actual.

3. O concepto de lingua común e as súas manipulacións ideolóxicas

O concepto de *lingua común* utilízase moi habitualmente nos medios de comunicación e parece transparente e preciso. Porén, está cheo de presupostos e ambigüidades. Recentemente, o profesor Ángel López García (2007) estudou o adxectivo *común* aplicado ás linguas. No seu estudo pon de manifesto que este adxectivo ten varias acepcións cando modifica o substantivo *lingua*. Concretamente, este autor identifica, polo menos, catro acepcións do sintagma *lingua común* denominadas por el *lingua ponte*, *lingua maioritaria*, *lingua popular* e *lingua minorizada* (López García 2007: 572-573). Do español en España pódense predicar as catro acepcións do termo *lingua común*, en opinión deste lingüista:

Lo que sucede, según pretendo demostrar, es que el español no sólo acumula las cuatro acepciones del término *común* en sus territorios monolingües, igual que cualquier otro idioma, sino que es o ha sido *común* en los cuatro sentidos igualmente en los plurilingües. Hay, pues, un *español mayoritario*, un *español vulgar*, un *español puente* y un *español propio minorizado*. Del cruce de estas tipificaciones y de su modificación se han seguido todo tipo de polémicas. (López García 2007: 579)

Mais, na miña opinión, as polémicas suscitadas non só radican na polisemia da expresión *lingua común*, moi ben analizada por Ángel López García, senón na utilización ideolóxico-política do termo *lingua común* para marxinar ou relegar a un segundo plano as linguas que conviven co castelán no Estado español. É o que vou tentar mostrar a seguir.

Un dos conceptos básicos do nacionalismo lingüístico español é a idea de que o castelán é a lingua común de todos os cidadáns españois.

Este concepto de *lingua común* é utilizado por esta ideoloxía para situar todas as linguas do Estado español diferentes do castelán nun segundo nivel, nun lugar secundario e anexo. Iso supón unha concepción excluín-te da pluralidade lingüística dese estado. Só hai unha lingua autenticamente común nel, que é o castelán. Unha das manifestacións máis recentes desta ideoloxía nacionalista excluín-te é o *Manifiesto por la lengua común* presentado en Madrid no verán de 2008. A primeira premisa dese manifesto reza do seguinte xeito:

Todas las lenguas oficiales en el Estado son igualmente españolas y merecedoras de protección institucional como patrimonio compartido, pero sólo una de ellas es común a todos, oficial en todo el territorio nacional y por tanto sólo una de ellas —el castellano— goza del deber constitucional de ser conocida y de la presunción consecuente de que todos la conocen.

Esta afirmación pódelle soar a moita xente como unha simple constatación dun feito que non se pode negar: a lingua castelá está estendida por todo o territorio do Estado español. Daquela, pode parecer unha perda de tempo ou un xogo van discutila ou póla en cuestión.

Ora ben, o que se está a facer aquí é aproveitar un feito obxectivo, indiscutible, para xustificar e presentar como natural e inobxectable unha serie de premisas ideolóxicas de carácter nacionalista excluín-te, tal como vou tentar mostrar no que segue. Esas premisas ideolóxicas están disimuladas nesta pasaxe e escudadas nese feito obxectivo a que fixen antes referencia. Con todo, ás veces fanse explícitas de xeito claro e preciso, tal e como sucede na seguinte pasaxe:

En efecto, el español o castellano, como queramos llamarlo, se habla en toda España, incluidas las comunidades bilingües, donde además de ser la lengua oficial del Estado —su aspecto más formal—, es la lengua común de todos los españoles y la única en la que todos pueden comunicarse y cuyo conocimiento por parte de todos los ciudadanos

residentes en las Comunidades bilingües les permite, en la actualidad, la posibilidad de competir con grandes ventajas en el área más extensa de las Comunidades castellanohablantes, precisamente por ser bilingües. (Herreras 2006: 376)

Aquí afirmase taxativamente que o castelán é a única lingua en que todos os cidadáns do Estado español poden comunicarse. É dicir, no castelán é a única lingua en que reside a posibilidade de comunicación universal no Estado español. Estamos ante unha clara exclusión: as demais linguas do Estado non teñen esta propiedade da comunicabilidade en todo o Estado.

Emporiso, se temos en conta as ideas e feitos que expuxen na sección segunda do presente traballo, podemos doadamente chegar á conclusión de que este carácter exclusivo do castelán como lingua de comunicación de ámbito estatal é claramente falso. Nótese que o que nego é o carácter exclusivo do castelán como lingua de comunicación en todo o Estado, non que esta lingua sexa unha de comunicación ao longo e ancho del.

O meu argumento baséase en dous feitos fundamentais e indiscutibles. Primeiro, na capacidade humana para o bilingüismo pasivo, que non se ve drasticamente reducida despois da adolescencia. En segundo lugar, no feito da proximidade xenética das linguas. Agás o vasco, as demais linguas do Estado español están relacionadas xeneticamente dun modo estreito. É un feito indiscutible que o castelán, o galego, o catalán, o asturiano e o aragonés son linguas romances moi próximas entre si, entre as cales non é nada difícil a intercomprensión e o bilingüismo pasivo.

Aténdonos á proximidade lingüística entre o galego e o castelán, e tendo en conta as habilidades naturais do bilingüismo pasivo, é perfectamente factible e natural que todo castelánfalante, de calquera parte do Estado español, poida entender o galego, sen grandes dificultades e sen nin sequera o estudar nunca. Se isto é así, o galego ten a mesma capacidade que o castelán de servir de medio de comunicación, aínda que sexa pasivamente, en todo o Estado español. En teoría, é perfectamente plausible que un galegofalante poida ser entendido en todo o territorio do Estado ao falar exclusivamente galego. Isto é precisamente, aínda que no outro sentido, o que aconteceu en Galicia. Os galegofalantes nativos non tiveron dificultade grave ningunha para entenderen castelán ao longo da historia. Iso débese precisamente a esa relación xenética de proximidade entre as dúas linguas, que é claramente simétrica.

Se os galegofalantes nativos non teñen graves dificultades para entenderen castelán hai que se preguntar se os castelanfalantes nativos as teñen. A única contestación

razoable non racista que cabe a esta pregunta é que si que a teñen tamén. Porque se contestásemos que os castelanfalantes nativos teñen máis dificultades para entenderen galego que os galegofalantes nativos para entenderen castelán, daquela habería que concluír que os galegos teñen máis capacidades de aprendizaxe lingüística que os casteláns, quizais porque as súas capacidades intelectuais son superiores. Porén, hai un feito establecido na investigación neurolóxica actual:

Una cosa es segura: la capacidad para aprender una segunda lengua es independiente de la capacidad intelectual general. (Obler e Gjerlow 2001: 166)

Por tanto, aínda que partísemos da base da hipótese racista de que os castelanfalantes nativos teñen unhas facultades intelectuais inferiores aos galegofalantes nativos, terían que ter a mesma capacidade para entenderen o galego que a que estes teñen para entenderen o castelán.

Dito doutro xeito: o galego é exactamente igual de válido para se facer entender en Castela que o castelán en Galicia. Como consecuencia diso, o castelán non pode ser a única lingua de entendemento en todo o territorio do Estado español, un dos tópicos claramente falsos do nacionalismo lingüístico español.

É evidente, polo que acabo de dicir, que do feito de que o castelán estea estendido por todo o territorio do Estado español non se infire que esta lingua sexa a única que permite a comunicación entre todos os cidadáns dese estado. Mais a ideoloxía do nacionalismo español exclúinte tenta partir do primeiro feito, que é verdadeiro, para inducirnos a crenza no segundo, que é claramente falso.

A idea de que os falantes dunha lingua romance poden chegar a ser bilingües pasivos noutra lingua romance, mesmo despois da adolescencia, foi defendida por varios expertos. No prólogo dunha referencia bibliográfica relevante dise:

La idea que sirve de base a este libro es que el español, el portugués, el italiano y el francés son lenguas tan próximas que el hablante de una de ellas puede comprender con facilidad las otras tres. (Schmidely, Alvar Ezquerro e Hernández González 2001: 22)

Paga a pena mencionarmos nesta liña o proxecto EuroComRom, baseado no seguinte principio:

EuroComRom es un método de aprendizaje simultáneo de las lenguas románicas, que forma parte de un proyecto europeo más amplio, denominado EuroCom. En la base de

este proyecto de enseñanza-aprendizaje de lenguas se halla el concepto de la EuroComprensión, es decir, la capacidad de intercomprensión en cada uno de los tres grandes grupos de lenguas europeas: las eslavas, las germánicas y las románicas. (Martín Peris, Clua, Klein e Stegmann 2005: 8)

Estas iniciativas fundamentáanse na capacidade de aprendizaxe pasiva das linguas despois da etapa adulta tal como vén potenciada pola proximidade das linguas que adquiren respecto da lingua nativa. As dúas obras anteriores formulan a intercomprensión entre linguas romances que inclúen o italiano, o francés ou o romanés. No caso que nos ocupa aquí, que implica o galego, o catalán o asturiano e o aragonés, estamos non só ante linguas romances, senón ante linguas romances da península Ibérica que estiveron en contacto durante séculos e que, por tanto, comparten moitos máis trazos comúns entre si que nos casos das linguas romances extrapeninsulares.

Hai que concluír que é perfectamente factible e posible que o catalán, o galego, o asturiano e o aragonés sexan linguas de entendemento en todo o territorio do Estado español. Se non é así, débese fundamentalmente a unha educación de tipo monolingüista, que considera como punto de partida indiscutible que o castelán é a única lingua que permite a comprensión en todo o Estado e que marxina as demais linguas ao seu respectivo territorio de uso habitual. A educación monolingüista do Estado español ocultou, minusvalorou e eliminou a conciencia do plurilingüismo real e non só non potenciou as capacidades de comprensión das linguas romances peninsulares, senón que as tentou reducir e eliminar. Afortunadamente, como bioloxicamente estamos preparados para a comprensión doutras linguas, este feito educativo non impide que, malia todo, un castelanfalante, capaz de superar os prexuízos xenocidas da educación monolingüe, poida ver como con moi pouco esforzo pode chegar a entender o galego, por exemplo.

A pesar de todo, os apóstolos do nacionalismo españolista excluínte poden argumentar que aínda que desde o punto de vista pasivo poden manexar as diversas linguas do Estado, desde o punto de vista activo, o castelán é a única lingua que todos os cidadáns do Estado español son capaces de falar.

Esta afirmación, que a moitos lles pode parecer imposible de pór en dúbida, agocha tamén cuestións ideolóxicas decisivas que se poden facer aflorar en canto nos achegamos á realidade lingüística.

O bilingüismo pasivo tamén se manifesta no uso dunha mesma lingua, por moito que lle poida estrañar a máis dun. En efecto, canta máis amplitude xeográfica ten unha

lingua, e o castelán tena intercontinental, máis variedades diferentes ten esa lingua. Tanto na península Ibérica como en América do Norte, América Central e América do Sur se falan múltiples variedades de castelán. Non descubrimos nada novo se dicimos que o castelán de Sevilla é moi distinto ao castelán de Valladolid, por exemplo; ou que o castelán de México é moi diferente do castelán de Arxentina.

Mais é importante observarmos aquí que un castelanfalante de Madrid, por exemplo, non é en xeral capaz de falar á perfección todas as variedades de castelán (as peninsulares e mais as americanas) de forma que poida pasar por mexicano, arxentino, uruguaio, sevillano, cordobés ou xienense sen que ninguén se decatar de que esa non é a súa variedade nativa. De feito, eu poño en dúbida que algún falante de castelán sexa quen de falar en todas as variedades do seu idioma como un falante nativo desas variedades. Porén, todos os castelanfalantes podemos con maior ou menor esforzo, segundo os casos, entender todas as variedades peninsulares e americanas. É dicir, mesmo dentro das variedades dunha mesma lingua, o bilingüismo pasivo é imprescindible.

Cando dicimos que o castelán é falado por todos os cidadáns do Estado español non se quere dicir que todos os cidadáns do Estado español falan sevillano, valisoletano ou murciano; senón que o que se quere dicir é que os cidadáns dese estado, falando cada un a súa variedade, poden entender as demais variedades. É dicir, estamos ante unha situación esencialmente idéntica a que implica as diversas linguas romances da Península.

A idea de que o que se fala en Valladolid e en Sevilla é a mesma lingua é claramente política, non lingüística, o cal non quere dicir que non sexa razoable ou xustificable, simplemente que non ten unha base biolóxica. Se os falantes valisoletanos entenden os sevillanos non é porque falan a mesma lingua tal como se define ideolóxica e politicamente, senón porque falan dúas variedades lingüísticas estreitamente emparentadas e, alén disto, están dotados bioloxicamente para entenderen variedades lingüísticas diferentes da súa propia. O galego e o castelán defínense politicamente como linguas distintas; a pesar diso, a nosa capacidade biolóxica para o bilingüismo pasivo, permítenos a comprensión mutua doada, dado que se trata de dúas variedades románicas, emparentadas proximamente e que, ademais, conviviron durante séculos. A nosa capacidade lingüística natural non ten en conta as divisións políticas entre linguas.

Por conseguinte, cando estamos no ámbito do uso activo do castelán, tampouco nos atopamos ante unha situación de monolingüismo estrito e, xa que logo, cando dicimos que o castelán é a única lingua que poden falar todos os cidadáns do Estado español,

non debemos deducir que todos eles falan exactamente do mesmo xeito e, en consecuencia, temos que seguir supondo a existencia dun bilingüismo pasivo. É claro que nin o sevillano, nin o castelán de Castela, nin o murciano, nin o extremeño son linguas comúns do Estado español; mais ao falarmos do español como lingua común de uso activo estamos a incluír de xeito interesado todas esas variedades.

4. Bilingüismo, lingua común e o ensino universitario: o caso do galego

O galego é unha lingua de tradición literaria escrita de prestixio máis antiga que o propio castelán, feito que por ignorancia ou mala fe se pasa moi a miúdo por alto para desprezar e marxinar esta lingua europea moderna. Como di Miguel Siguán:

Y tan alto fue el prestigio de esta poesía en lengua gallega que en el siglo XII era frecuente que los poetas castellanos y leoneses empleasen el gallego en sus obras, y es sabido que Alfonso X de Castilla, llamado el Sabio, escribió en gallego sus *Cantigas a la Virgen*. Y la producción literaria gallega no se limitó a la poesía, aunque ésta fuese su manifestación más brillante sino que también se cultivó la prosa en distintos géneros: narrativa, hagiográfica, historia general, etcétera. (Siguán 1992: 136-137)

Concretamente, no desenvolvemento da poesía cortesá castelá déixase sentir durante algún tempo a influencia galega:

El primer testimonio en castellano, aunque indeleblemente impregnado de galleguismos como toda la lírica del *Cancionero de Baena* en esta lengua, lo debemos a Alfonso XI, cuya canción *En un tiempo cogí flores* podemos datar hacia 1330; pero en una fecha tan tardía como 1400-1410 aún podemos encontrar a un noble vasco, Pero Vélez de Guevara, de padre guipuzcoano y madre castellana, componiendo una magnífica *cantiga de escarnho* con un excelente conocimiento del gallego y de sus convenciones retóricas, genéricas y métricas. La desaparición de gallego fue sin duda el resultado de una opción cultural y poética que podemos situar en la época del Marqués de Santillana. (Beltrán 2005: 334-335)

Os que hoxe en día desprezan o galego por ser unha lingua de menos importancia literaria que outras linguas de España, só poden facelo desde a máis supina ignorancia ou a máis detestable mala fe.

Nunha revisión recente da situación do galego en Galicia, Eva Gugenberger afirma que o 90% da poboación galega fala galego e a práctica totalidade da poboación o

entende (Gugenberger 2007: 595): Pola súa banda, J. C. Herreras recolle a cifra dun 91% de falantes de galego en Galicia e dun 99,2 de persoas que entenden a lingua (Herreras 2005: 108). Segundo sinala Gugenberger, «Galicia es la región que tiene un porcentaje más alto de hablantes de la lengua regional» (Gugenberger 2007: 595), dado que para Cataluña sinala unha cifra dun 79% da poboación que fala catalán e para o País Vasco consigna a cifra de 28,6% de persoas que falan éuscaro.

Dada a proximidade xenética entre o castelán e o galego e o feito de que esta lingua é universalmente entendida e falada en Galicia nunha medida moito maior que noutras comunidades autónomas, se podería deducir que o galego en Galicia parte dunha posición privilexiada en Galicia, o cal debería ser o normal.

Con todo, os feitos desmenten estas expectativas. En moitos ámbitos importantes o galego segue a estar subordinado ao castelán como lingua de menor prestixio e predicamento.

A presenza da lingua nacional do pobo galego no ámbito educativo é un deses ámbitos deficitarios en que o galego vai perdendo protagonismo:

Recientemente se publicó el «Informe sobre o Estado e a Situación do Sistema Educativo en Galicia» desde los cursos 2002-2003 hasta el 2004-2005, encargado por el Consello Escolar de Galicia, en el que se constata la desgalleguización de la educación primaria, siendo su presencia ‘deficitaria’ especialmente en el primer ciclo (*Galicia Hoxe* 01/05/2007) (Gugenberger 2007: 601)

Na universidade, o uso do galego segue a ser insuficiente e precario. José Carlos Herreras estudou a situación nas tres universidades galegas. Na Universidade da Coruña chama a atención que, segundo unha enquisa feita ao alumnado, o 52% prefire recibir as ensinanzas exclusivamente en castelán e os que prefiren exclusivamente o galego son só un 13,7% (Herreras 2006: 320). Na Universidade de Santiago de Compostela, pola súa banda, «la lengua predominante, tanto entre el alumnado como entre el profesorado y entre los miembros del PAS, es el castellano, siendo el colectivo con más castellanohablantes el profesorado (71,7%), al que sigue el del alumnado (61,6%) y el de los miembros del PAS (53,8%)» (Herreras 2006: 321). Nesta mesma universidade a docencia en castelán é utilizada por parte do 81% do profesorado e só un 5,8% do alumnado tivo a oportunidade de recibir en galego máis da metade das clases (Herreras 2006: 322). Tamén na Universidade de Vigo o castelán ten un lugar privilexiado como lingua de aprendizaxe: un 90% do profesorado emprega o castelán en clase e un 74% do alumnado (Herreras 2006: 325).

Ao ser o galego unha lingua de universal comprensión en Galicia non se explica como é posible que non use maioritariamente esta lingua na instrución superior. Unha posible resposta a esta pregunta ten que ver co prestixio cultural e científico da lingua galega que, malia os indubidables avances dos último decenios, continúa a ser baixo:

Aunque la elevación del estatus del gallego ha llevado a cambios positivos en la conciencia lingüística de los hablantes (a menudo se escucha: «Antes el gallego era dialecto, pero ahora es lengua»), en muchos casos sigue existente la diglosia entre el castellano y el gallego en la conciencia y en el comportamiento del hablante. (Gugenberger 2007: 606)

Hai que dicir que o nacionalismo lingüístico españolista contribúe de modo importante a manter este sentimento de inferioridade do galego fronte ao castelán. O castelán non só é a lingua común e a única lingua que favorece a comunicación e o coñecemento, senón que tamén é a lingua exclusiva da ciencia e do cultura no ámbito do Estado español. Esta exclusividade nacionalista non está pensada tanto para enxalzar o castelán –que tamén– como para minusvalorar as demais linguas que conviven no Estado español.

Ante iso, podemos afirmar os seguinte postulados:

- O galego é unha lingua europea moderna
- O galego é a lingua nacional do pobo galego, a lingua que, máis que ningunha outra, define a personalidade lingüística deste pobo
- O galego é unha lingua cun importante avoengo cultural escrito
- O galego pode ser utilizado en todos os ámbitos culturais e científicos como lingua europea moderna que é
- O galego pode ser unha lingua de comunicación e entendemento debido ao bilingüismo pasivo ou sesquilingüismo non só no ámbito español, senón tamén no europeo

Dito doutro xeito, o galego non necesita do castelán para acceder a todos os ámbitos modernos da cultura e da ciencia. Por suposto, que os galegos e as galegas saiban tamén castelán é algo positivo (como tamén o é que os casteláns saiban galego) ao que non hai por que renunciar. O que si que hai que combater é a idea de que o galego é unha lingua inferior nalgún punto ao castelán e a de que os galegofalantes necesitan pasarse ao castelán para accederen a moitos ámbitos. Isto é de feito así, mais non tería por que o ser. Hai que se rebelar contra a tiranía do prestixio e poder absolutos do castelán e darlle valor ao galego día a día, ano a ano, na universidade, na rúa e na administración.

Referencias bibliográficas

- Alcaraz Varó, E. e Martínez Linares, M. A. (2004): *Diccionario de Lingüística Moderna* (Barcelona: Ariel).
- Beltrán, V. (2005): *La corte de Babel. Lenguas, poética y política en la España del siglo XIII* (Madrid: Gredos).
- Crystal, D. (1994): *Enciclopedia del lenguaje de la universidad de Cambridge* (Madrid: Taurus).
- Gugenberger, E. (2007) «Política de lenguas en sociedades plurilingües: El ejemplo del gallego/castellano y del occitano/francés» en Schrader-Kniffki, M. e Morgenthaler García, L. (eds.) *La Romania en interacción: Entre historia, contacto y política. Ensayos en homenaje a Klaus Zimmermann*: 591-609 (Madrid: Iberoamericana Vervuert Verlag).
- Herreras J. C. (2006): *Lenguas y normalización en España* (Madrid: Gredos).
- Jenkins, L. (2000): *Biolinguistics. Exploring the biology of language* (Cambridge: Cambridge University Press) [versión española *Biolingüística*, Cambridge University Press, 2002].
- Juszyk, Peter W. (1997): *The Discovery of Spoken Language* (Cambridge: The MIT Press).
- Lenneberg, E. H. (1967): *Biological Foundations of Language* (Nova York: John Willey and Sons, Inc.) [versión española de Natividad Sánchez y Antonio Montesinos: *Fundamentos Biológicos del Lenguaje*. Madrid: Alianza, 1975].
- López García, A. (2007): «La polisemia del término *común* aplicado a la lengua española», en Schrader-Kniffki, M. e Morgenthaler García, L. (eds.) *La Romania en interacción: Entre historia, contacto y política. Ensayos en homenaje a Klaus Zimmermann*: 571-590 (Madrid: Iberoamericana Vervuert Verlag).
- Martín Peris, E., E. Clua, H. G. Klein e T. D. Stegmann (2005): *EuroComRom-Los siete tameses: Un fácil aprendizaje de la lectura en todas las lenguas románicas* (Aachen: Shaker Verlag) [versión galega de Labraña, S. e Vázquez, I.: *As sete peneiras. Saber ler axiña todas as linguas románicas*. Aachen: Shaker Verlag, 2009].

Moreno Cabrera, J. C. (2006): *De Babel a Pentecostés. Manifiesto Plurilingüista* (Barcelona: Horsori).

Obler, L. K. e K. Gjerlow (2001): *El Lenguaje y el Cerebro* (Madrid: Cambridge University Press).

Siguán, M. (1992): *España plurilingüe* (Madrid: Alianza Editorial)